

UNHA

NOVA

GALIZ

A!

Programa electoral do BNG
Galegas Xullo 2020



Programa
electoral
do BNG
Galegas
Xullo
2020

Introdución

1. Soberanía para decidir

- 1.1. Un modelo insuficiente e inxusto
- 1.2. Un novo status político para Galiza
 - 1.2.1. Propostas para a configuración do novo status político de Galiza
 - 1.2.2. Avances no autogoberno de Galiza, en tanto non se consolide o novo marco institucional

2. Un modelo económico ao servizo do pobo

- 2.1. Un novo sistema de financiamento para Galiza
- 2.2. A devolución da liquidación do IVE
- 2.3. Necesidade dun marco orzamentario flexíbel: Eliminación das restricións impostas polo goberno central ao déficit e á débeda
- 2.4. Xestionemos nós o imposto de sociedades
- 2.5. Financiamento xusto para os concellos
- 2.6. Impulso ao desenvolvemento de Galiza mediante a creación dunha banca pública galega
- 2.7. Avanzar nas capacidades fiscais para unha maior xustiza tributaria
- 2.8. Loita contra a fraude e a evasión fiscal
- 2.9. Orzamentos para garantir os servizos básicos, estimular o crecemento económico e reverter as privatizacións.
- 2.10. A contratación das administracións públicas ao servizo das maiorías sociais

3. A I+D+i como motor de desenvolvemento

- 3.1. Construindo un auténtico ecosistema de investigación e innovación galego
- 3.2. Perspectiva de xénero, igualdade e conciliación familiar na ciencia e na innovación
- 3.3. Retos e accións estratéxicas
- 3.4. Planificación da investigación sanitaria

4. Sectores produtivos

- 4.1. Enerxía
- 4.2. Apostar no desenvolvemento industrial do país
- 4.3. Unha minaría sostíbel
- 4.4. Por un medio rural vivo
 - 4.4.1. Mellora das estruturas agrarias
 - 4.4.2. Incorporación da mocidade á actividade agraria e impulso ao relevo xeneracional
 - 4.4.3. Agricultura e medio ambiente. Fomento da agricultura sustentábel.
 - 4.4.4. Investigación, formación e transferencia de coñecemento.
 - 4.4.5. Vertebración social e interlocución no sector agrario.
 - 4.4.6. O futuro Plan Estratéxico da PAC
 - 4.4.7. Un novo modelo de Desenvolvemento Rural
 - 4.4.8. Unha nova política de montes
 - 4.4.9. Propostas transversais
- 4.5. Pesca
- 4.6. Comercio
- 4.7. Turismo

5. Traballo digno e na Terra

- 5.1. Traballo autónomo
- 5.2. Emprego público

6. Sanidade

- 6.1. Atención Primaria
- 6.2. Hospitais Comarcais
- 6.3. Plan de actuación para eliminar as listas de espera
- 6.4. Plan de Ordenación de recursos humanos
- 6.5. Rescate para a sanidade pública a Área Sanitaria de Vigo
- 6.6. Plan de Atención Integral á Saúde das Mulleres
- 6.7. Plan Galego de Saúde Mental e Plan galego de Prevención do Suicidio
- 6.8. Plan de saúde buco—dental.
- 6.9. Plan de atención ás persoas con enfermidades raras

7. Atención á dependencia, servizos sociais e protección social

- 7.1. Plan Transversal de Atención ás Demencias
- 7.2. Atención á discapacidade
- 7.3. Atención á infancia
- 7.4. Loita contra a pobreza

8. Ensino

- 8.1. Formación Profesional
- 8.2. Ensino universitario

9. O dereito a vivenda

10. Seguridade cidadá e emerxencias

- 10.1. O sistema integrado de Protección Civil e Salvamento
- 10.2. A policía galega

11. Igualdade, feminismo e diversidade sexual

12. Calidade ambiental, biodiversidade e emerxencia climática

- 12.1. Axenda urbana galega 2030
- 12.2. Xestión de residuos
- 12.3. Saneamento integral e xestión da auga
- 12.4. Protección do noso mar
- 12.5. Espazos naturais, biodiversidade e custodia do territorio
- 12.6. Protección dos animais

13. Ordenación do territorio e transporte

- 13.1. Mobilidade máis racional e sustentábel

14. Lingua

15. Cultura

- 15.1. Tecendo rede, vertebrando o territorio
- 15.2. Asociacionismo e cultura de base
- 15.3. Audiovisual
- 15.4. Artes escénicas e do movemento
- 15.5. Sector editorial e do libro
- 15.6. Museos e arquivos
- 15.7. Patrimonio

16. Memoria histórica

17. Medios públicos ao servizo da sociedade galega

- 17.1. Transparencia e criterios obxectivos no acceso aos recursos públicos

18. Axenda Dixital e Tecnoloxías da Información e da Comunicación

18.1 Liñas de actuación

18.2. Fomento do software libremente

18.3. Ciberseguridade e ameazas

18.4. Perspectiva de xénero nas TIC

19. Deporte

20. Relacións internacionais

21. Mocidade

22. Democracia, dereitos e liberdades

Introdución

O contexto social, económico e político mudou radicalmente en Galiza –e a nivel global, nos últimos meses.

A crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID19 supuxo, e aínda representa, o maior reto socio–sanitario da nosa época, mais tamén vivimos ao longo dos últimos meses unha situación extraordinaria derivada da adopción de decisións políticas excepcionais como a aplicación do estado de alarma, a centralización en mans do goberno español da maior parte das competencias políticas de Galiza, o decreto dun confinamento practicamente total da poboación e mesmo a suspensión de dereitos fundamentais.

Á crise sanitaria provocada pola COVID19 súmase agora unha profunda crise social e económica de magnitude aínda dificilmente cuantificábel mais que podería supor, segundo o Foro Económico e Social de Galiza, unha queda de entre o 8,5% e o 12,7% do PIB galego.

Desta emerxencia sanitaria podemos tirar conclusións que reforzan as propostas e posicións políticas defendidas historicamente polo nacionalismo galego.

A máis evidente, que o centralismo político é nefasto para Galiza. A asunción por parte do Goberno español das competencias transferidas deixou en evidencia a febleza do autogoberno do noso País, tanto é así que pode desaparecer a golpe de decreto–lei. Ao mesmo tempo, constatouse a ineficacia da re–centralización política pois lonxe de permitir unha xestión axustada á realidade social e territorial galega e ás necesidades do noso pobo, o goberno español adoptou decisións que agravaron a situación en termos sociais e sanitarios ao partir dun enorme descoñecemento da realidade galega.

A COVID19 demostrou que é imprescindible superar o actual marco político para que Galiza conte con soberanía plena, é dicir, coa capacidade de decisión e as ferramentas políticas que nos permitan afrontar as consecuencias desta crise mais tamén desenvolver social e economicamente o noso País partindo das enormes potencialidades que temos.

A soberanía política non é un fin en si mesmo senón a caixa de ferramentas que nos permite mellorar as condicións de vida das galegas e dos galegos garantindo dereitos e xustiza social. Poder político real e soberanía plena é a clave de bóveda para construír unha Galiza que non volva atrás senón que siga avanzando.

En segundo lugar, a actual crise sanitaria, económica e social non se pode afrontar coas mesmas receitas de sempre, son precisas novas políticas que pulen pola intervención pública na economía e o fortalecemento dos servizos públicos, que poñan por diante os dereitos da clase traballadora e as maiorías sociais e sitúen no centro da acción política a vida, os coidados e a saúde das persoas.

Ao contrario do que aconteceu coa crise anterior, a maioría social do noso País ten claro que esta nova crise non podemos pagala as mesmas persoas, os traballadores e as traballadoras. Son precisas medidas realmente transformadoras que permitan a obtención dos recursos necesarios para afrontar medidas favorábeis ao pobo galego e tamén os resortes políticos suficientes para poder implementalas.

Estamos certas de que Galiza non é a mesma hoxe que antes da pandemia da COVID19. Nestas eleccións está en xogo o rumbo que tomará o País a partir de agora. No Bloque Nacionalista Galego queremos construír unha nova Galiza, dona de si, con soberanía plena para pór en marcha a Galiza que merecemos.

1

Un novo status político para Galiza

1.1. Un modelo insuficiente e inxusto

O nacionalismo galego sempre considerou o modelo autonómico como insuficiente e inadecuado para dar solución aos problemas da Galiza e para lle dar saída ás aspiracións políticas dunha nación que quere exercer como tal. Trátase dunha autonomía outorgada, limitada e tutelada. Un modelo de descentralización, basicamente administrativa, que non nos recoñece como suxeito político e que non dotou a nosa nación da capacidade real de poder decidir sobre aspectos básicos da nosa economía, organización territorial, modelo social, cultural ou lingüístico, entre outros.

Catro décadas despois da súa aprobación, existen múltiples evidencias do fracaso do actual marco xurídico—político autonómico que non serve para resolver os problemas estruturais do noso país. Así, neste período constatamos as seguintes cuestións:

- O Estado español négase a recoñecer o seu carácter plurinacional (e non mostrou ningunha vontade de deixar de facelo) e, en consecuencia, concibe as relacións coas nacións que o compoñen desde unha perspectiva de negación e de subordinación destas.
- Non só non existiu a vontade política real de completar as limitadas competencias recollidas no Estatuto de Autonomía de Galiza, senón que desde o goberno central consumouse unha importante invasión competencial. O exemplo máis claro e recente foi a re—centralización política que tivo lugar con motivo da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID19. Sendo unha das máis evidentes, non foi a única. Desde a LOAPA até as últimas sentenzas do Tribunal Constitucional, as interpretacións tanto políticas como xurídicas realizadas desde diferentes poderes do Estado español foron restritivas e nunha dirección de clara limitación

do desenvolvemento de eventuais reformas estatutarias e de involución e recentralización das actuais competencias autonómicas. Así, as competencias exclusivas das CC.AA., no terreo práctico, van paulatinamente desaparecendo, a través dun baleirado de contido mediante a aplicación de múltiples instrumentos (emprego abusivo dos real decreto lei, ampliación do alcance dos títulos competencias do artigo 149.1 da CE, intervención normativa con base en cumprimento de normativa europea ou dos criterios de estabilidade orzamentaria, entre outros). Todo isto viuse agravado polo feito de non existir un sistema de garantías capaz de reaccionar ante a vulneración de competencias o que provoca unha absoluta indefensión ante os abusos e arbitrariedades do goberno central.

- Este modelo supuxo un grave prexuízo en termos económicos e sociais para Galiza. De facto, a asunción por parte do Goberno español das competencias autonómicas, especialmente as sanitarias, por mor da COVID19 evidenciou que o centralismo, lonxe de dar unha resposta máis eficaz, é nefasto para Galiza e empeora a prestación de servizos ao adoptar desde Madrid decisións que non responden nin á realidade territorial de Galiza nin ás necesidades do pobo galego. Antes da pandemia, baixo o modelo autonómico, Galiza non puido realmente exercitar opcións políticas e socioeconómicas propias e estivo supeditada sempre á planificación e ao deseño realizado polos sucesivos gobernos centrais, que se caracterizaron por marxinar o noso país. En 40 anos de autonomía, Galiza non avanzou en termos relativos en comparanza cos países da súa contorna. Neste período, a imposibilidade de nos dotar dunha economía autocentrada acentuou o desmantelamento do noso tecido produtivo, o devalo demográfico, o despoboamento e o avellentamento da poboación, a emigración xuvenil, o devalo da nosa lingua e cultura ou a destrución do noso territorio.

1.2 . Un novo status político para Galiza

O actual Estatuto de Autonomía de Galiza non pode responder positivamente ás necesidades obxectivas, as arelas e reivindicacións do pobo galego no 2020. Non é posíbel buscar unha solución real a ningún dos problemas estruturais que afronta o noso país que non pase pola superación do marco político e institucional vixente. Ese novo marco débese inscribir no ámbito do exercicio do dereito de autodeterminación do pobo galego e baixo unha premisa básica: decidir nós por nós mesm@s. Auto—responsabilizármonos do noso e tomar o control da nosa riqueza, do produto do noso traballo e intelixencia colectiva, decidir sobre o destino do noso aforro e impostos, dos nosos recursos naturais

e enerxéticos ou de como organizar a economía, para pór o país a producir e para blindar os servizos públicos e as políticas sociais.

Este debe ser un dos grandes debates da lexislatura que está a piques de comezar no Parlamento de Galiza, como xa o está a ser a nivel estatal e que o será aínda máis coa formulación de novas fórmulas de avance nesta dirección promovidas desde Euskadi e Catalunya. Ante este escenario, só caben dúas opcións: asistir como espectadores pasiv@s ao que acontece ou crear desde Galiza unha vía galega para a superación do actual status político que nos permita acabar coa subordinación política e xurídica a respecto do Estado.

Nese sentido, só o BNG garante que haxa un Goberno galego que defenda as mudanzas que vaian no camiño do recoñecemento dos plenos dereitos políticos de Galiza e sexa a base dun novo marco político e xurídico que nos recoñeza como pobo e nos outorgue o dereito a decidir o noso futuro baixo a convicción de que só desde exercicio da nosa soberanía poderemos rachar coa dependencia económica e política para construír unha sociedade diferente, libre, próspera, verdadeiramente democrática, igualitaria e xusta.

Sen renunciar ao obxectivo estratéxico da plena soberanía para Galiza, o BNG entende que, no actual contexto político e no período que se abre con estas eleccións, é preciso avanzar con propostas que vaian na dirección de establecer avances inmediatos. En primeiro lugar, executando as transferencias pendentes recollidas no actual Estatuto e sobre aquelas materias sobre as que existían amplos consensos no Parlamento de Galiza, mediante a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta de Galiza – Goberno español. En segundo, lugar impulsando a constitución dunha Ponencia de Autogoberno no Parlamento de Galiza que permita debater e acordar unha proposta de novo status político para a nación galega que fixe un novo marco de relación co Estado español baseado nos seguintes principios:

- Podermos decidir na base produtiva e económica de Galiza para desenvolver unha promoción económica e do emprego adecuadas ás nosas potencialidades e capacidades.
- Exercer en exclusiva a planificación, dirección e xestión dos servizos públicos ligados ao benestar, para dar adecuada cobertura ás nosas especificidades.
- Impulsarmos sen interferencias, en todos os ámbitos, os elementos que nos conforman como pobo e nos identifican como nación (lingua, cultura, patrimonio, etc...)

- Deseñarmos e articularmos a ordenación territorial e a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza.
- Garantirmos a capacidade de decisión de Galiza nas institucións estatais, europeas e internacionais nos asuntos que nos afectan.
- Contarmos cun modelo de financiamento propio en que a Galiza teña a plena capacidade para implantar unha política fiscal, desde a regulación até a recadación e xestión integrada a través dunha Facenda Galega, con que facer uso pleno dos nosos recursos económicos para financiar os servizos públicos básicos e con iso podermos aplicar políticas propias de redistribución social.
- Capacidade de xestionar directamente a Seguranza Social e as pensións.
- Podermos exercer libremente relacións internacionais propias, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.

1.2.1. Propostas para a configuración do novo status político de Galiza

O BNG defende unha Galiza capaz de se gobernar a si propia. Soberanía é igual a máis capacidade para resolvermos nós os nosos problemas. Máis autogoberno é igual a máis democracia e máis benestar. Os galegos e as galegas temos dereito a institucións democráticas propias, capaces de gobernaren o país sen necesidade de pedir permiso. Xa sufrimos durante tempo de máis as incoherencias do modelo actual, as discriminacións para Galiza que del resultan, e non podemos seguir agardando para avanzarmos no camiño da plena soberanía.

O exercicio da soberanía exige outro marco constitucional que recoñeza a capacidade de Galiza para decidir amplamente desde as institucións do país nas cuestións que nos competen. O BNG é chave para que haxa un Goberno galego que defenda as mudanzas que vaian no camiño do recoñecemento da Galiza como nación con plenos dereitos, comezando polas seguintes medidas:

- O recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galiza, consonte á súa condición de nación, que leve aparelado o exercicio libre e soberano do poder para atinxir os seus obxectivos de desenvolvemento económico sustentábel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación adecuado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.

- A nación galega asume a condición de suxeito político decisorio coa fórmula que corresponder.
- Unha nova actitude fronte á cuestión lingüística, que se plasme no coñecemento real do idioma para permitir o dereito a usarmos a nosa lingua en todo momento e en todo lugar, tamén en todas as institucións.
- A asunción de todas as competencias esenciais para garantir que a capacidade de decisión é real e efectiva.
- A fonda revisión de institucións centrais que inflúen na Galiza, de xeito que poidamos ter capacidade de incidencia directa desde Galiza na súa designación e mesmo capacidade de veto nos casos en que unha decisión afecte de forma relevante os intereses de Galiza.
- A completa reformulación do Tribunal constitucional, que deixaría de exercer funcións sobre a Galiza, trasladando os conflitos de competencias a solucións arbitrais a través de órganos políticos bilaterais.
- A presenza directa de Galiza nas institucións europeas e internacionais.
- A eliminación das provincias e da súa referencia como circunscrición electoral, así como a desaparición das deputacións provinciais. Estruturação do territorio galego a partir dos concellos e as comarcas.
- A asunción plena e exclusiva das competencias en seguranza pública e viaria.
- A adecuación da administración de xustiza, considerando un poder xudicial propio para Galiza que será a última instancia xudicial no noso País.

1.2.2. Avances no autogoberno de Galiza, en tanto non se consolide o novo marco institucional

Para alén de afrontar a superación do actual marco constitucional, e no camiño de ir afondando na capacidade de decisión de Galiza, deben acometerse xa sen demora os traspasos e transferencias a Galiza de infraestruturas e servizos esenciais:

- Traspaso AP—9 (Ferrol—Fronteira portuguesa)

- Traspaso AP—53 (treito Santiago—Dozón aínda dependente do Estado)
- Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: Portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo en Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.
- Transferencia das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño—Sil).
- Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- Transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial e seguranza pública.
- Transferencia á Galiza das competencias en materia de control, inspección e vixilancia pesqueira actualmente atribuídas á Garda Civil do Mar, ou mesmo á Armada española.
- Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos a Galiza, que se atopan espallados en diversas institucións e organismos do Estado.
- Traspaso das competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas.
- Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados en Galiza, para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.
- Traspaso das competencias en materia de comercio exterior que exerce o ICEX respecto das empresas galegas.
- Traspaso de espazos e instalacións militares en desuso.
- Transferencia de competencias en materia de investigación científica.

2

Modelo económico ao servizo do pobo

2.1. Un novo sistema de financiamento para Galiza

A necesidade dun novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira do noso país atopa novos argumentos co estoupido da crise do COVID19. A resposta a esta crise debe centrar o investimento en reforzar servizos públicos, en especial os sanitarios, e prestacións sociais, así como en políticas de impulso e dinamización económica, fundamentais para impulsar a recuperación, unha vez superada a emerxencia sanitaria. Cómpre lembrar que é o goberno galego quen ten estas competencias.

O actual modelo de financiamento resulta totalmente insuficiente para garantir unha adecuada prestación de servizos básicos como a sanidade, a educación ou a dependencia. A forte centralización no Estado español, onde o Goberno central exerce o control sobre os ingresos recadados en Galiza, impídenos poder deseñar un marco fiscal acaído para garantir a prestación de servizos públicos de calidade.

No ano 2014 estaba prevista a revisión do actual sistema de financiamento. Porén, o inmovilismo e o desleixo cara ao ámbito autonómico dos diferentes gobernos estatais está a provocar unha situación insólita, onde se mantén un sistema de financiamento obsoleto. Mentres diversas comunidades autónomas reclamaron revisar o modelo, o Goberno de Feijóo destacou pola submisión e falta de iniciativa á hora de propor unha alternativa ante o actual modelo.

O actual modelo de financiamento está esgotado e resulta totalmente obsoleto para afrontar a crise da COVID19, debe ser prioridade do goberno galego negociar un novo modelo baseado no concerto económico, que considere a atribución de plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, contando cunha Axencia

Tributaria galega. Este modelo incluíra a “internalización” do financiamento das nosas entidades locais, e debe completarse coa articulación de mecanismos redistributivos que garantan o equilibrio territorial no Estado.

2.2 . A devolución da liquidación do IVE

Os problemas xurdidos coa liquidación do IVE de decembro de 2017 exemplifican á perfección o agravio que supón para o noso país un sistema onde a administración central recada os impostos que soportamos as galegas e galegos e queda ao seu arbitrio realizar modificacións no sistema de liquidacións así como as correspondentes transferencias.

Evidencia tamén a necesidade de mudar o sistema de financiamento, xa que co sistema de concerto que propoñemos, non teriamos que andar petando á porta de Madrid para que nos devolvan o que xa se recadou en Galiza.

Do mesmo xeito, o feito de que Galiza cumpra coa senda de déficit imposta mais non se traduza en ningún beneficio para o noso país, é outro exemplo das limitacións, desaxustes e inxustizas do actual marco autonómico. Por tanto, reclamaremos as contías que a administración xeral do estado debe a Galiza, singularmente reclamaremos a devolución do IVE pola vía xudicial.

2.3. Necesidade dun marco orzamentario flexíbel. Eliminación das restricións impostas polo goberno central ao déficit e á débeda.

Desde a última reforma do sistema de financiamento produciuse un forte retroceso en materia de autonomía financeira. A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aprobada no 2012 supuxo o desenvolvemento dos principios contidos na reforma “expres” do artigo 135 da Constitución que se realizara o ano anterior. Tanto a reforma constitucional como o desenvolvemento legislativo posterior parte dunha óptica moi restritiva da autonomía financeira das comunidades autónomas, concibíndoas na práctica como parte dunha simple descentralización administrativa, negándolles autonomía financeira e, por tanto, política.

Desde entón, obrígase á Xunta de Galiza a presentar equilibrio ou superávit, e a cumprir a “regra de gasto”, o cal significa que unha comunidade autónoma non pode incrementar o gasto por encima da taxa de crecemento de referencia do PIB a medio prazo da economía española (por tanto, a regra nin tan sequera

ten en conta o crecemento previsto para Galiza, que pode ser ben diferente do conxunto estatal). Por estas cuestións, impulsaremos a derogación desta lei.

Con respecto ao déficit, durante a saída da pasada crise, a senda de redución de déficit que se impuxo desde o Estado español foi máis restritiva para o ámbito autonómico que para a administración central, o que lastrou o deseño das políticas públicas. Trátase dun marco que amosou as súas limitacións, polo que é necesario superalo diante do novo contexto xerado pola COVID19. Galiza ten que dispoñer de flexibilidade á hora de incorrer en déficit, de cara a deseñar orzamentos sociais e expansivos con que combater a crise.

Sobre a débeda; dunha banda, debe garantirse un marco máis flexíbel para a súa emisión, suprimindo a fixación dos actuais límites anuais. Doutra banda, debe garantirse un mecanismo de apoio da débeda, sen que isto supoña restricións ou tutelas por parte da administración central (que foi o que sucedeu coa implantación do mecanismo do FLA, en que a obtención de financiamento a xuros máis baixos que os do mercado ficaba condicionada a unha tutela e intervención condicionada por parte do goberno central).

Neste sentido, desde Galiza debemos demandar do estado instrumentos de financiamento cunha “lóxica diferente”, e, de mutualizarse a débeda a nivel europeo, ten que incluír a débeda xerada polas administracións autonómicas. Non pode volver a suceder o acontecido na década anterior onde na Xunta gobernada por Feijóo, este foi un alumno avantaxado das políticas de recortes e austeridade impostas polo goberno central (en especial, por Montoro).

2.4. Xestionemos nós o imposto de sociedades

O Imposto de Sociedades é o tributo máis importante dos que quedan totalmente á marxe do sistema de financiamento autonómico. Así, mentres non obteñamos un novo sistema de financiamento baixo o modelo de concerto, demandaremos de xeito inmediato a cesión das competencias sobre este imposto. Desta maneira, a tributación de todas as empresas con centros de produción en Galiza, independentemente do lugar de residencia da súa sede, reverterá directamente na nosa facenda. A xestión galega deste imposto significa que se trataría dun tributo concertado de normativa autónoma, polo que a Xunta de Galiza regulará sen limitacións este imposto, respectando os principios de harmonización.

2.5. Financiamento xusto para os concellos

A insuficiencia financeira estrutural que padecen os concellos foi agravada pola pasada crise económica, tendo moitos deles grandes dificultades para atender os servizos públicos. Ademais, a supeditación das finanzas locais á doutrina do déficit cero sacrifica a capacidade de endebedamento dos entes locais, inclusive cando esta é destinada ao investimento produtivo e social.

Esta situación é agravada pola discriminación na distribución de fondos do Goberno central, xa que se nos adxudica unha Participación nos Ingresos do Estado (PIE) moito menor ao noso peso poboacional. Así, segundo os últimos datos dispoñíbeis da FEGAMP, os concellos galegos reciben o 5,02% a pesar de representaren o 6,24% da poboación total das CCAA de réxime común. En termos per cápita, cada concello recibe 211,2 euros por habitante fronte aos 261,4 euros de media estatal; isto é, recibimos 50 euros menos por persoa. Trátase dunha situación de discriminación que mesmo se agudiza no caso das grandes cidades galegas.

Por tanto, mentres o financiamento local non estea integrado nun novo modelo de financiamento para Galiza, e coa finalidade de proporcionar máis recursos aos concellos galegos, demandaremos unha reforma do actual modelo de financiamento local, que teña en conta os maiores custos da prestación dos servizos derivados da realidade galega.

Propoñemos que se adopten os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para a distribución da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e que esta se transfira á Xunta de Galiza, para que sexa a administración galega a que realice o reparto destes fondos entre os concellos. Proporemos modificar a distribución en función da poboación de cada concello, que na actualidade prima as grandes cidades sobre o resto.

Ademais dun novo sistema de financiamento xusto para os concellos, o BNG promoverá unha **Lei galega de facendas locais** e un novo sistema de reparto das transferencias non finalistas aos concellos, mediante un plan único que aglutine os recursos do Plan de Cooperación Local e doutros programas de cooperación autonómicos, co obxectivo de evitar a distribución discrecional e partidista de fondos públicos. As convocatorias de subvencións serán un procedemento excepcional e faranse sempre polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.6. Impulso ao desenvolvemento de Galiza mediante a creación dunha banca pública galega

Antes da actual crise, Galiza xa estaba inmersa nun forte e

crecente proceso de espolio do seu aforro. A comezos da lexislatura, 15.000 millóns de euros de aforro galego destinábanse a dar créditos fóra. Tratábase dun inmenso volume de aforro que emigra. Porén, os últimos datos dispoñíbeis (decembro 2019, Banco de España) mesmo fan boa esa fenda, xa que na actualidade son 21.943 millóns de euros de aforro galego que emigran para fornecer crédito noutras partes do Estado (unha cifra que equivale a case 2,5 veces os orzamentos galegos para 2020, ou ao 40% do PIB galego).

Galiza conta cun volume de créditos de 41.548 millóns de euros e 63.491 en depósitos, polo que os créditos só supoñen o 64% dos depósitos existentes no país, o que evidenciaba a necesidade de pórllle freo mediante instrumentos como especialmente a Banca Pública Galega

A crise da COVID19 pon en primeiro termo a necesidade do tecido produtivo de obter liquidez de xeito inmediato, xa que proxectos viábeis e solventes poden pechar por problemas coxunturais de liquidez.

Así, co obxectivo de transformar o aforro galego en crédito ao tecido produtivo do país, levaremos a cabo as seguintes propostas :

– Creación da banca pública galega e impulso de novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

– Creación dun Instituto Galego de Crédito, como unha vía máis áxil para dinamizar o crédito á economía produtiva de xeito inmediato. Será, por tanto, un instrumento complementario dentro da estratexia de configuración dunha banca pública galega.

Unha banca pública permitirá achegar liquidez en momentos críticos como o actual, ao tempo que será o motor financeiro para o tecido produtivo galego, en especial a PEME, e permitirá orientar o financiamento cara a proxectos estratéxicos na reorientación do tecido produtivo. Por tanto, a avaliación da banca pública como alternativa á banca privada debe ter en conta os efectos positivos que a súa actividade terá no desenvolvemento do noso tecido produtivo, entre os que podemos destacar:

- Implicación directa no desenvolvemento do país a través da aposta por sectores ou áreas onde as entidade privadas non o fan, xa que entenden a priori que non obterían rendibilidades desexadas.

- Evitar a fuga de capitais cara a outros territorios, mediante a captación de aforro galego para destinalo a investimento do tecido produtivo galego.
- Maior orientación cara ao financiamento da economía produtiva e PEME, involucrándose no financiamento de actividades estratéxicas para o desenvolvemento do territorio e concedendo créditos a máis longo prazo. Ademais pode proporcionar investimento en proxectos onde os prestatarios presentan altos niveis de opacidade informativa, como sucede xeralmente coas PEME e que, por tanto, teñen maior dificultade de acceso ao crédito privado.
- Maior capacidade de intermediación: após a reconversión financeira, as entidades financeiras están máis concentradas e diminúen a súa orientación cara á intermediación, xa que o fan cara a actividades máis especulativas.
- Reduce as dificultades de acceso a servizos e produtos financeiros que determinados segmentos teñen dificultade para a súa obtención, como dispoñer de tarxetas de crédito, domiciliación bancaria da nómina...

Ademais, impulsaremos ou demandaremos do goberno central as seguintes medidas no sector financeiro:

- Adoptar medidas para garantir o acceso universal e gratuíto aos servizos bancarios.
- Acometer unha regulación do sector financeiro que supervise e controle entidades e axentes financeiros, limitando movementos especulativos de capital e supeditando a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva.
- Acordar medidas complementarias á aposta por instrumentos financeiros propios para impediren a expulsión dos nosos aforros e a súa utilización no noso País.
- Introducir regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.
- Aprobar normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas a usuarios/as, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.
- Creación dunha Comisión de investigación sobre o proceso de bancarización e privatización das Caixas galegas.

2.7. Avanzar nas capacidades fiscais para unha maior xustiza tributaria

O actual sistema fiscal amosa un claro carácter regresivo, onde a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital. Deste xeito, non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas e, por tanto, non cumpre a súa función de redistribución da riqueza.

As reformas impositivas aplicadas durante a crise económica, tales como o incremento dos tipos no IVE, incidiron en acentuar a imposición indirecta. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixida a un crecemento sustentábel a longo prazo.

Apostamos un sistema fiscal galego inserido nun modelo de financiamento baseado no concerto económico, que garanta que Galiza teña plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados no noso país, de cara a avanzar na xustiza fiscal. Mentres non academos este modelo, é prioritario acometer unha reforma fiscal cos obxectivos de:

– Garantir e incrementar a capacidade recadadora do sistema tributario, nun sentido de progresividade impositiva, de maneira que en función da capacidade económica e patrimonial pague proporcionalmente máis quen máis ten, para fortalecer un sistema de benestar que asegure o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade.

– Incrementar a xustiza do sistema fiscal, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como elemento activo na corrección das desigualdades sociais.

O BNG avoga por aproveitar ao máximo as capacidades de Galiza para introducir progresividade nos impostos que forman parte do sistema de financiamento. Deste xeito, en tanto non se reforme este sistema:

– Actuaremos sobre o mínimo exento do **imposto de patrimonio**, para que os patrimonios superiores a 300.000 euros, excluída a vivenda habitual, acheguen máis ao sostemento dos servizos públicos galegos, ao tempo que dotaremos a escala deste imposto de maior progresividade.

– Modificaremos os tipos de gravame do **IRPF**, para que as rendas superiores a 100.000 euros anuais acheguen máis ao sostemento dos servizos públicos galegos, realizando as modificacións oportunas para dotar este imposto de maior progresividade. Así mesmo, aproveitaremos as nosas capacidades fiscais para crear novos tributos que afonden nas súas funcións sociais e ambientais:

– Impulsaremos a **imposición fiscal sobre aqueles feitos que deterioran o medio**, coa finalidade de incentivar o uso de sistemas de produción limpos, así como compensar o custe social de soportar danos medioambientais coa internalización deses custes por parte das empresas ou calquera outro produtor da contaminación.

– Neste sentido, impulsaremos a creación dun **Imposto medioambiental sobre as instalacións de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión**, que gravará a capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural polas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión. A Base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kv.

– Novo **Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais** que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan estas grandes superficies, en función do seu tamaño.

– Creación do **Imposto sobre as vivendas baleiras**, que terá como suxeito pasivo ás persoas xurídicas –xa que logo, non afectará ás persoas físicas– e gravará o incumprimento da función social das vivendas polo feito de permaneceren desocupadas de forma permanente, durante máis de dous anos sen causa xustificada. Constituirá a base imponible o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que é titular o suxeito pasivo, reducida en 150 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

– Impulso dun novo **Imposto sobre bebidas azucradas envasadas**, onde o feito imponible do imposto será a adquisición de bebidas azucradas, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce sobre a saúde das persoas.

Galiza, en tanto non se mude o actual sistema de financiamento por un sistema baseado na responsabilidade fiscal plena, recibe unha parte dos seus ingresos públicos a través da participación parcial nunha canastra de impostos, tanto nos tributos que contén coma na porcentaxe de cesión, polo que está moi lonxe dos

tributos realmente soportados por galegas e galegos. Xa que logo, mentres ese deseño fiscal do Estado español teña incidencia nos recursos con que conta Galiza, o BNG desde o Goberno galego promoverá tamén unha profunda remodelación do sistema fiscal estatal, consonte os seguintes criterios:

- Estabelecer **novos tramos na tarifa xeral do IRPF para as rendas superiores** e a mellora na progresividade na tributación do aforro.
- **Derrogar as subidas dos tipos impositivos no IVE**, rebaixándoos aos niveis anteriores, e dun xeito específico adoptar unha tributación ao tipo súper–reducido do 4% de todos os bens e prestacións de servizos básicos, como os ligados á cadea alimentaria.
- Modificar a lexislación das Institucións de Investimento Colectivo, a fin de que as sociedades de investimento de capital variábel (**SICAV**) tributen aos tipos impositivos análogos aos fixados no imposto sobre a renda e sociedades.
- Mentres Galiza non teña competencias sobre o **Imposto de Sociedades**, fixar un gravame adicional no Imposto sobre Sociedades para as bases impoñíbeis que superen os 100 millóns de euros, isto é, empresas que teñan grandes beneficios.
- Estabelecer unha **taxa específica sobre os grandes beneficios da banca privada**, así como un réxime fiscal sobre a actividade financeira que grave as transaccións especulativas.
- Estabelecer un **imposto sobre as empresas tecnolóxicas** que operan no estado, xa que a non tributación destas nos territorios dos cales proveñen a maioría das súas persoas usuarias supón un claro motivo de inxustiza no sistema tributario, que ficou obsoleto ante o desenvolvemento destas novas tecnoloxías.

2.8. Loita contra a fraude e a evasión fiscal

A inxustiza do sistema fiscal agrávase coas elevadas cifras de fraude fiscal existente no Estado. Varios informes sitúan a fraude fiscal entre o 20% e o 25% do PIB. A esta porcentaxe temos que acrecentar que a súa gran maioría corresponde á evasión e fraude fiscal das grandes fortunas, corporacións empresariais e grandes empresas, (o Sindicato de Técnicos do Ministerio de Facenda, Gestha, ten sinalado que ascendería ao 72% do total) o cal, ademais do seu efecto nas arcas públicas, introduce grandes doses de inxustiza no sistema fiscal. Por tanto, é preciso impulsar medidas para loitar contra a fraude fiscal, especialmente no relativo ás grandes fortunas. Deste xeito, impulsaremos as

seguintes medidas:

– Demandaremos que o Estado impulse un plan con medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal, en especial para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores que facilitan a fraude fiscal.

– A Xunta de Galiza tamén será un axente activo na loita contra a fraude fiscal. Aínda que as competencias galegas na loita contra a fraude fiscal sexan limitadas, existen marxes para actuar desde o ámbito galego. En especial, actuarase mediante a reclamación dun marco competencial acaído para que desde a Xunta de Galiza se poidan desenvolver accións eficaces contra a fraude fiscal. Non é de recibo que sendo a administración que debe proporcionar unha educación, sanidade e servizos sociais de calidade non teña marxes para actuar contra a fraude, que obviamente fai minguar os recursos destinados para os citados servizos.

2.9. Orzamentos para garantir os servizos básicos, estimular o crecemento económico e reverter as privatizacións.

A política orzamentaria de Feijóo baseouse na aplicación estrita dos dogmas de austeridade e do déficit cero, o que supuxo consecuencias moi negativas para a cidadanía. Durante varios anos do seu mandato acumuláronse recortes nos orzamentos da Xunta, así como baixos graos de execución. Isto, sumado ás restricións do Goberno Central e das evidentes limitacións do propio sistema de financiamento, explican os pésimos resultados económicos da súa xestión e o deterioro dos servizos públicos.

As políticas levadas a cabo polo goberno de Núñez Feijoo supuxeron o deterioro das condicións de traballo e remuneración dos/as traballadores/as da función pública, a redución do conxunto do estado de benestar, nomeadamente dos servizos sociais básicos, e a diminución de investimentos esenciais para o desenvolvemento do País. Pola contra, a pesar de se gabar do cumprimento do déficit, non ocorreu o mesmo coa débeda, que se incrementou fortemente por moito que nos anunciase en reiteradas ocasións que “non se pode gastar máis do que se ten”. Precisamos reverter esta situación, establecendo prioridades de gasto que garantan a mellora dos servizos públicos e a recuperación do investimento público para o impulso estratéxico da economía produtiva.

As orientacións orzamentarias adoptarán un papel activo no impulso ao desenvolvemento económico do país, para o cal

desenvolveremos as seguintes medidas:

– Promoveremos unha política orzamentaria en que se conceda preferencia á aplicación dos recursos cara a obxectivos que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e que promovan a diversificación do sistema produtivo e o incremento do seu valor engadido.

– Partiremos dun orzamento en base cero, suprimindo todos os gastos superfluos e innecesarios, e reasignaremos os recursos dispoñíbeis conforme ás novas prioridades, fortalecendo a prestación dos servizos públicos esenciais, as políticas de emprego e o investimento produtivo.

– Excluiremos a colaboración público–privada na construción e xestión de infraestruturas e equipamentos vinculados a servizos públicos básicos.

– Estableceranse normas de plena transparencia a respecto das subvencións que se concederán, no seu caso, con base en criterios de obxectividade, evitando a arbitrariedade existente actualmente, ligada a unha forma específica de clientelismo, que constitúe de facto un xeito de corrupción. Os órganos administrativos encargados da concesión das axudas elaborarán informes anuais con toda a información relevante dos beneficiarios e contías, que se publicarán nas páxinas web correspondentes. Comprobarase que se cumpra a finalidade e obxectivos a alcanzar da concesión das diferentes axudas.

– Revisaremos a actual estrutura orgánica do Goberno e dos seus departamentos para facela máis eficiente e máis axeitada ás funcións e ás políticas que debe desenvolver a Administración galega, axustaremos o gasto corrente ás necesidades reais de funcionamento, suprimiremos os gastos innecesarios en publicidade e propaganda, impediremos que se camuflen gastos correntes nas contas correspondentes aos investimentos de carácter inmaterial.

– Adoptaranse as medidas necesarias para a recuperación progresiva de perda de capacidade adquisitiva do persoal funcionario e laboral da Administración galega, así como se fará fronte inmediatamente as necesidades de persoal nos servizos públicos fundamentais que padeceron un recorte moi substancial nesta etapa nefasta.

– Os investimentos que realice o goberno acompañaranse de informes económicos que xustifiquen a súa rendibilidade social.

2.10. A contratación das administracións públicas ao servizo das maiorías sociais

Impulsaremos unha **Lei galega de contratación das administracións públicas** que terá como obxectivo favorecer as contratacións de pequenas e medianas empresas con capacidade innovadora e de xeración de emprego estábel, mediante cláusulas que teñan en conta a vinculación co territorio e o enraizamento. Trátase de acabar co práctico monopolio das grandes construtoras e fornecedoras de servizos madrileñas na realización de obras públicas e prestación de servizos na Galiza e, ao tempo, garantir o pleno respecto polos dereitos laborais.

Avogamos por unha contratación pública galega que sexa estratéxica e responsábel para acadar obxectivos sociais (cláusula social), éticos (comercio xusto e responsábel) e ambientais (cláusula verde). Mediante a contratación dos servizos públicos da Xunta de Galiza poderemos intervir e influír nos mercados de bens e servizos, para artellar unha economía galega e facelodesde a responsabilidade social e medioambiental.

Para tales fins, desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Inclusión de **cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e de normalización da lingua galega**. Así, introducíranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero. Terase en conta ademais a necesidade de valorar neste ámbito ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social. Tales cláusulas, no caso concreto das sociais, deben servir para crear emprego, mais tamén para garantir que as persoas que traballan nas empresas contratistas teñen unhas condicións laborais óptimas. Ademais, desenvolverase a figura dos contratos reservados a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción.
- Aposta polas **compras e subministracións de produtos que existan en galego** (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético. Valoración do domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.

– Emprego dos **servizos financeiros da banca cooperativista galega e da banca ética**. Inclusión nos pregos de condicións para a adquisición de crédito ou doutros servizos financeiros a exigencia ás entidades dunha declaración de responsabilidade e de compromiso ético nos seus produtos financeiros, empresas ou grupos en que invista.

3

A I+D+i como motor de desenvolvemento

En Galiza levamos anos perdendo capacidade investigadora. Co pretexto da crise sufrimos un desmantelamento progresivo do sistema científico e, lonxe de comezar o camiño para mellorar e converxer cos países da nosa contorna, Galiza afástase cada vez máis deles.

A crise sanitaria provocada pola COVID19 puxo en evidencia que aqueles países que apostan de maneira decidida e estratéxica pola investigación e a innovación como motores de desenvolvemento económico, social e cultural, deron unha mellor e máis áxil resposta á pandemia. De facto, o conxunto da sociedade, tamén a galega, olla con esperanza os avances científicos que permitan dar cun tratamento ou cunha vacina. Porén, a ciencia esixe investimento, recursos e condicións de traballo dignas.

En Galiza é preciso camiñar cara a un sistema máis integrado e coordinado, que aposte principalmente polo capital humano, pola estabilidade e pola ciencia útil que reforce as potencialidades do noso país e que sirva para elevar e mellorar o nivel de vida do pobo galego.

Porén, os problemas da ciencia e do I+D galegos non poden ser analizados á marxe do resto dos problemas da economía do noso país. O sistema científico, e moito menos as traballadoras e traballadores que fan parte del, non son un compartimento estanco separado do resto da sociedade.

Todos os sectores económicos, sempre con matices, están relacionados entre eles, e o sistema de I+D non é alleo a isto. Por tanto, as análises atinentes ao sistema científico non poden separarse da análise das problemáticas da economía en conxunto.

Así as cousas, o Goberno presidido por Núñez Feijoo déixanos un país menos innovador. Reduciuse o investimento en I+D+i: na actualidade (último ano dispoñíbel), Galiza inviste en I+D+i un

escasísimo 0,94% do PIB unha porcentaxe menor que a rexistrada antes do Goberno de Feijoo, xa que en 2008 a porcentaxe chegaba até o 1,04%.

O obxectivo do BNG é priorizar o esforzo innovador como unha panca esencial para a recuperación económica, que permita reforzar a nosa capacidade produtiva, crear emprego de calidade e construír unha economía sólida e competitiva a longo prazo que aproveite todas as potencialidades que temos como país.

O BNG aposta polo reforzamento da economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das actividades produtivas, e reforzando a especialización cara ás actividades máis intensivas en coñecemento, mediante a creación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios.

A aposta terá sentido estratéxico, centrando os esforzos de I+D e innovación naqueles campos e especializacións que máis directamente contribúen a reforzar as nosas capacidades produtivas, en que Galiza pode encontrar un maior potencial de competitividade. Isto é, unha política de innovación estratéxica marcada polos criterios da especialización intelixente (o que debера ser mais non é o Ris 3) para evitar unha excesiva dispersión dos recursos que acabe facéndoos ineficaces. Cómpre apostar por unha efectiva transferencia do coñecemento desde o sistema de investigación, en especial o universitario, ao sistema produtivo, o que require que o sistema produtivo sexa quen de incorporar as persoas egresadas e doutoras en postos de traballo co perfil apropiado.

Por iso, o BNG considera de grande importancia vincular a política de investigación e formación de persoas tituladas coa política de inserción laboral, tanto na empresa como na administración e nos servizos públicos. Conseguir a aplicación práctica da investigación e o coñecemento é o obxectivo da política de innovación do BNG, valorizando os resultados da investigación pública a través dos servizos públicos e o establecemento de mecanismos que permitan ás empresas utilizar os resultados da investigación pública coas contrapartidas correspondentes que aseguren un retorno de recursos ao sistema de investigación pública.

A grande virtude do sistema público de investigación é producir coñecemento libre, público, non privativo nin monopolizado. O BNG aposta pola interacción da investigación pública co mundo da empresa, sen sometela ás necesidades inmediatas e aos ditados empresariais. Tendo en conta os sectores maduros predominantes no noso país e o predominio de PEMEs, o BNG

impulsará, como xa fixo no pasado, políticas centradas na colaboración, co reforzamento da rede de centros tecnolóxicos e o establecemento de redes de colaboración entre as empresas, ou destas con centros e/ou universidades.

O BNG impulsará o incremento do investimento en I+D tanto no sistema público como no privado, prioritariamente reforzando aqueles campos científico–técnicos en que o noso país ten unha forte especialización, experiencia e potencial de aproveitamento; así mesmo, cómpre apostar por campos de futuro, en que exista a posibilidade de abrir novas fiestras de actividade, e pola creación de tecnoloxías transversais, que alimenten distintos sectores produtivos para facelos menos dependentes tecnoloxicamente.

Ten tamén unha grande importancia a articulación e organización do sistema de I+D+i. Aposta por superar a fragmentación, mediante a cooperación interempresarial (clústers e Plataformas tecnolóxicas) e a externalización das actividades de I+D+i cara a Centros Tecnolóxicos. As grandes apostas para fortalecer e dinamizar o sistema galego de innovación son as que enumeramos a continuación:

Para facer posíbel a construción e funcionamento harmónico do Sistema de Innovación Galego, o goberno do BNG desenvolverá os seguintes programas estratéxicos:

3.1. Construindo un auténtico ecosistema de investigación e innovación galego

a) Xestión íntegra da I+D+i. Demandaremos que todos os fondos europeos relativos á innovación correspondan a Galiza se xestionen desde o noso país, para integralos co resto de fondos económicos para realizar unha aposta estratéxica pola xeración de valor engadido dos produtos e recursos da economía produtiva galega.

b) Definición dunha carreira profesional investigadora para todo o persoal científico– técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos. Todas as políticas que decidan apostar polo I+D teñen que visar cara á creación e potenciación dun sistema científico que non teña como obxectivo principal a cantidade ou a competitividade senón a calidade da ciencia feita no país e para o país. E a ciencia de calidade ten que se caracterizar, principalmente, por unhas condicións de traballo de igual calidade. Do contrario de nada serviría exixir un sistema de investigación público se os/as traballadores/as van permanecer igual de explotados que no

sector privado. Se hai prácticas e condicións que, con razón, non se permiten nas empresas, cal é o motivo polo cal deberían de tolerarse no sistema público.

Unha inmensa parte dos traballos científicos publicados despréndense de traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado ou teses de doutoramento. Isto é, na verdade unha grande parte do peso da ciencia recae sobre estudantes ou sobre traballadores/as precarios/as. E aínda que o estudantado de grao e mestrado é estudantado os/as investigadores/as predoutorais, cuxa maioría non teñen ningún tipo de contrato ou bolsa que remunere o traballo que realizan, son traballadores/as legalmente recoñecidos/as como tal. Isto déixanos ante unha escolla incómoda: ou apostamos por levar a cabo un ambicioso plan de choque de investimento en contratación durante a etapa pre e posdoutoral ou temos que asumir unha caída brutal da cantidade e calidade científica deste país ao prescindir de toda a produción levada a cabo por estes/as traballadores/as. Porque, a pesar de que exista a posibilidade de que todo continúe como até o de agora, hai que ter sempre presente unha cousa: o traballo págase. Non facelo é asumir que a ciencia só é posíbel mediante a explotación da maior parte dos/as seus/súas traballadores/as e o que é peor, que tamén os centros de investigación públicos están dispostos a explotalos/as.

Para tal fin propóñense as seguintes medidas:

- Contratación dos/as investigadores/as predoutorais, con plena cotización á seguridade social, dereitos laborais, vacacións reguladas, dereito a paro...
- Convocar o número de contratos pos—doutorais en función do número de teses lidas cada ano.
- Crear un Estatuto Galego do Persoal Investigador en Formación, que recolla os dereitos de todo o persoal investigador en formación, pre—doutorais, pos—doutorais, alumnado con bolsas de colaboración..., independentemente de se tiveren contrato ou non.
- Posibilidade de acceder a todas as bolsas/contratos independentemente da idade ou do ano de finalización do grao/mestrado, impedindo a discriminación por idade e a caducidade encuberta dos títulos académicos.

A ciencia en Galiza ten moitos problemas e hai que tentar solucionarlos cada un ao seu tempo. A curto prazo o problema máis urxente é a perda de persoal de investigación. A esta perda

de traballadoras e traballadores do sector científico que vai sucedendo como unha pingueira por falta de financiamento haberá que sumar, máis cedo que tarde, unha avalancha de xubilacións provocada polo envellecemento do cadro de persoal. É por iso que no futuro máis inmediato, para poder paliar os peores efectos desta situación hai que reter as persoas formadas aquí e favorecer que regresen as que tiveron que emigrar, non só como xefes/as de grupo senón como persoal de apoio e investigadores de base, reforzando o grande activo da ciencia, que son os grupos investigación e non os/as investigadores/as individuais.

É por isto que hai que loitar non só para garantir unha taxa de reposición do cen por cento, que frearía a sangría xa existente, senón que hai que camiñar cara á creación neta de emprego. O obxectivo non é só para volver a niveis previos aos da crise senón tamén reforzar e ampliar aínda máis o sistema científico.

Porque non se pode pretender ter ningún sistema científico, e moito menos se queremos un que sexa bo, se non dotamos os grupos de investigación e o seu persoal da suficiente estabilidade como para se consolidaren e investigar. A ciencia é un traballo como outro calquera, canto máis se traballa nun tema mellor se é nel. Se non houber perspectivas de futuro nunca se poderán conseguir científicos/as nin grupos de investigación que desenvolvan unha ciencia de calidade. Para alén dos grupos, tamén hai que garantir unha consolidación e ampliación do cadro de persoal docente, garantindo ao máximo a posibilidade de formación neste campo de todo o persoal investigador pre e posdoutoral.

- **Plan Retorna de persoal investigador, técnico, tecnólogos/os e persoal de apoio á investigación emigrado** a outros estados ou a outras zonas do Estado español e Plan de Retención do persoal investigador, técnico, tecnólogos/as e persoal de apoio.
- Garantir como mínimo a taxa de reposición entre o persoal docente e investigador universitario camiñando cara á creación neta de emprego.
- Aumentar o persoal en postos de técnicos/as de apoio á investigación e tecnólogos/os, traballo moitas veces realizado por persoal predoutoral ou por persoal xa contratado durante horas extras non pagadas.
- Posibilidade de todo o persoal investigador predoutoral de impartir horas de docencia, dirección de TFG e TFM sen necesidade de posuír unha bolsa específica para iso, xa que contarán para o seu currículo e o feito de ter un contrato non implica unha maior capacidade de docencia.

- Definición dunha **carreira profesional investigadora, desde a etapa de formación á profesional**, para todo o persoal científico– técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos para favorecer a normalización e estabilización da carreira científica no propio país.
- Planificar as necesidades de persoal a medio prazo para **eliminar as barreiras entre etapas da carreira investigadora** e modular a oferta en función das capacidades do sistema, tanto público como privado, para asumilos.
- Tomar medidas para favorecer e impulsar os **doutoramentos industriais** en empresas galegas, permitindo a formación de novos/as traballadores/as da ciencia en campos aplicados.
- Estabelecer convocatorias de persoal pre e posdoutoral asociada a proxectos.
- Fortalecer a contratación de persoal técnico e investigador conxuntural máis alá do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, non condicionados pola idade das persoas demandantes.
- Promoción da solicitude de proxectos por parte da Xunta e das empresas aos grupos de investigación, facendo que pasen a ser actores activos tanto na formación coma no aproveitamento do I+D.
- Incentivar a **transferencia do coñecemento ao tecido produtivo**.
- Incentivar, no caso dos proxectos aplicábeis, a **cooperación da universidade coas empresas**, para desenvolver eses resultados no ámbito empresarial, favorecendo a transferencia tecnolóxica cara ás pequenas empresas.
- Favorecer a creación de spin off e empresas que produzan grazas ao coñecemento extraído da investigación.
- Empregar a Axencia Galega da Ciencia para coordinar a diferentes grupos para crear colaboracións entre eles, axudando na xestión e na prestación de servizos tecnolóxicos.
- Transferencia a Galiza das competencias e dos medios materiais do CSIC radicados en Galiza.

c) **Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación:** O BNG impulsará un modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos

e a tecnoloxía empresarial, de xeito que a combinación do sistema público de I+D e os centros de investigación e innovación sexan o gran laboratorio de I+D do tecido empresarial galego, para o que levaremos a cabo as seguintes medidas:

I. Apoiar a creación e desenvolvemento de centros de alto nivel e excelencia científica.

II. Favorecer as relacións de colaboración na investigación entre os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos e as empresas.

III. Completar a oferta de centros tecnolóxicos e de investigación existente en Galiza e fortalecer a recién creada rede de Centros Tecnolóxicos de Galiza.

IV. Crear novos espazos para actividades de I+D e innovación que completen a oferta galega de servizos avanzados e de solo para a I+D e a creación de empresas de base tecnolóxica, coa rede de incubadoras de empresas e a oferta de espazo en réxime de aluguer na rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos.

V. Para o axeitado desenvolvemento das funcións dos complexos hospitalarios, o BNG impulsará o traballo en rede, a capacitación dos seus recursos humanos e unha maior relación coas organizacións de soporte da innovación.

d) Programa de incorporación de investigadoras/es e tecnólogas/os: A investigación e a innovación son actividades moi intensivas en persoal de alta cualificación, polo que constitúen o elemento chave a nosa estratexia. En Galiza temos máis capacidade para formar investigadores/as que para incorporalos/as ao sistema, particularmente no eido produtivo. Así, o obxectivo do BNG será crear as condicións para a incorporación de persoal investigador e tecnólogo no sistema de I+D+i, reforzando financeiramente os programas de apoio á súa incorporación. Esta estratexia debe ir acompañada dunha mudanza da cultura empresarial, de xeito que as empresas resulten atractivas para o persoal con alta cualificación, en termos de remuneración, condicións de traballo e carreira profesional.

e) Programa de retención e captación de talento (Innogal). As políticas dos gobernos do PP levan provocando a emigración de mozas e mozos galegos, especialmente a mocidade con maior formación. Será unha prioridade para o BNG impulsar a súa retención en Galiza, a volta do talento emigrado así como a captación de investigadoras/es de excelencia.

f) **Programa de investigación e innovación empresarial:** o BNG levará a cabo programas de impulso aos sectores empresariais centrados no apoio á I+D aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema. Serán programas priorizados, en que o carácter estratéxico dun proxecto, dunha tecnoloxía ou dun problema tecnolóxico determinan o apoio que van recibir, e buscarán a concentración e o impacto do esforzo realizado, o que significa que o obxectivo é financiar actuacións articuladoras, en que conflúan diversos axentes e se prime a calidade.

g) **Impulso ao sistema universitario de I+D:** o BNG impulsará a investigación universitaria no sistema galego de I+D+i de xeito que poida desenvolver axeitadamente a súa misión básica: a xeración de coñecemento e a súa difusión a través dunha educación superior de calidade. Estas actuacións centraranse na:

- **Promoción xeral da investigación**, que ten como obxecto darlles soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.

Apoiaranse entre outras as seguintes medidas:

- Financiamento basal regular dos grupos potenciando a calidade da investigación, as actividades de transferencia, o dinamismo e o tamaño destes.
- Financiamento en convocatorias regulares de proxectos de I+D+i que fomenten a colaboración empresa–universidade e mobilicen fondos privados para a investigación. (volver o programa INCITE).
- Facilidades para o mantemento do persoal técnico e investigador nos grupos á marxe das necesidades docentes das universidades.
- Fomentar o retorno do talento que marchou durante a crise.
- Fomento da internacionalización da actividade dos grupos e axuda para a consecución de fondos europeos.
- **Consolidación e estruturación do sistema Público de I+D**, que deberá promover a consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación. Para iso prestarase especial atención á consolidación e articulación de servizos de apoio, en particular ás

infraestruturas e ás unidades de xestión da innovación.

- Posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública.
- Nesa dirección o BNG potenciará os **viveiros de empresa de base tecnolóxica ou spin-off**, a creación de novas empresas a partir de ideas xurdidas das actividades de investigación que levan a cabo os centros públicos.

3.2. Perspectiva de xénero, igualdade e conciliación familiar na ciencia e na innovación

Creación dun **Departamento de xénero e igualdade** dentro da Axencia de investigación, con dotación de persoal formado en igualdade e xénero, procedente do ámbito da educación social, socioloxía, psicoloxía e tamén persoal con formación xurídica. Obrigatoriedade de contar con **Oficinas Xénero e Igualdade** en todos os centros de investigación, universidades, etc., dependentes do Departamento de Xénero e como canle directo para proporcionar información e asesoramento en todas as cuestións dependentes do Departamento de Xénero, que ademais actúen como observatorio para o cumprimento dos Plan de Igualdade, garantan a transparencia dos procesos, etc. Como no caso do propio Departamento de Xénero, estas oficinas deben contar con suficiente persoal contratado especializado para levaren a cabo as súas funcións. Dentro do Departamento de Xénero e Igualdade deberán facerse as seguintes accións:

- a) Crear unha canle habilitada para denuncias (con posibilidade de seren anónimas) en cuestións de xénero e igualdade.
- b) Obrigatoriedade de ter un plan unificado de igualdade en todas as institucións de I+D+i (sexa cal sexa o ámbito xurídico). Proporcionar asesoramento para a creación e posta en marcha dos Plans de Igualdade. Penalizar á institución que non o teña e/ou cumpra (por exemplo non deixando concorrer a convocatorias de financiamento público).
- c) Transparencia nos datos desagregados por xénero e exixencia de actualización real dos plans de igualdade entre homes e mulleres.
- d) Penalizar as institucións en que non se protexese vítimas de discriminación por xénero, raza, orientación sexual, etc., así coma fronte a situacións de acoso, ou outras de especial vulnerabilidade. Obrigatoriedade de que haxa en todas as convocatorias públicas

de proxectos de investigación e de contratos de I+D+i supostos de interrupción por maternidade, paternidade (en caso de ter collido a baixa), programas de asistencia a fertilidade (FIV), risco durante o embarazo e lactancia, enfermidade ou coidado de persoas dependentes. Non penalizar nas convocatorias (tanto as de RRHH como as de proxectos) as baixas de maternidade e paternidade, baixas por risco durante o embarazo e a lactancia, coidado de persoas dependentes, enfermidade, ou programas de asistencia a fertilidade (FIV). Supervisión de todas as convocatorias para confirmar o seu cumprimento. Promover que a lexislación avance de cara a ampliar o período de baixa de paternidade obrigatoria até 6 semanas, equiparándoo á de maternidade.

e) Introducción de medidas específicas para evitar o abandono das mulleres científicas e investigadoras en etapa predoutoral e posdoutoral. Crear axudas de RRHH para que, no caso de mulleres contratadas con cargo a proxectos de investigación, en situacións de baixa durante o embarazo, maternidade, FIV, e riscos durante o embarazo e lactancia, as investigadoras poidan ser reemprazadas por outra investigadora/investigador, garantindo que haxa un solapamento de como mínimo dun mes para transferencia de coñecemento. O financiamento de contratos por este tempo (para garantir o solapamento da actividade) é fundamental dado que doutro modo é difícil que alguén poda continuar coa actividade da investigadora de baixa. Promover que as investigadoras sexan substituídas por unha investigadora (ou investigador) galega dos rexistrados nunha BOLSA DE INVESTIGADORAS E INVESTIGADORES.

f) Introducir medidas para apoiar o desenvolvemento profesional, como por exemplo proxectos semente, para favorecer a promoción cara a postos de maior independencia.

g) Non penalizar a mobilidade, establecendo supostos que consideren as mesmas situacións que se recollen no punto 4, e axudas e programas de mobilidade que teñan en conta non so as/os investigadoras/investigadores, senón tamén a súa contorna familiar específica.

h) Como complemento do anterior, promover a estabilidade das persoas investigadoras, para estas poderen permanecer no lugar en que desenvolveron a súa vida persoal.

i) Creación dunha bolsa de persoas mentoras en cada institución para orientar con perspectiva de xénero a quen o precisar na súa carreira.

j) Introducción de medidas específicas para garantir a promoción

e acceso de mulleres a postos de responsabilidade e toma de decisións. establecemento de cotas (50:50) en postos de toma de decisións para promover o acceso das mulleres a postos de liderado e dirección.

k) Promover cambios na actual Lei de universidades (Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades), posto que non favorece a promoción das mulleres en postos de decisión en igualdade de condicións que os homes. En concreto, segundo o art. 20. 2 da mencionada lei, é requirimento para ser reitor formar parte do Corpo de catedráticos. Tendo en conta a infrarepresentación de mulleres neste Corpo, na práctica, este requirimento supón unha eiva fundamental para as mulleres se poderen postular como reitoras. Así, entendemos como nunha houbo ningunha muller reitora en ningunha das tres universidades do SUG. Consideramos que requirimentos así resultan obsoletos no modelo actual. Estendemos esta petición a todas aquelas casuísticas semellantes en que se poñan eivas á promoción do talento feminino.

l) Paridade en todas as comisións de selección de prazas, bolsas, concursos...

m) Paridade nos regulamentos electorais xerais das universidades e centros de investigación.

n) Medidas para adaptar a actividade laboral das persoas investigadoras que permita a conciliación:

I. Adaptar os horarios docentes/laborais/reunións; tamén durante o embarazo.

II. Na universidade, permitir a redución de horas docentes mentres houber menores/maiores ao cargo, tanto para mulleres como para homes.

III. Campañas de visibilización e concienciación a prol do cambio de condutas para favorecer a conciliación.

o) Visibilización de referentes femininos (no ámbito da ciencia, das humanidades e das artes...), así como dos problemas cotiáns das mulleres investigadoras: teito de vidro nos postos de liderado e dirección e cimentos pegañentos nos inicios da carreira, penalización por maternidade, invisibilización, precarización, dificultades de conciliación, etc; para combater prexuizos e nesgos de xénero.

p) Introducción de accións específicas para favorecer a conciliación

por maternidade e paternidade, como por exemplo creación de novas garderías e ampliación do número de prazas (no caso das universidades e hospitais), creación de salas de lactancia en todos os centros, dotación de axudas económicas para o coidado d@s fill@s que posibiliten a realización de actividades puntuais, como a participación en paneis de avaliación, congresos, etc., coas que facilitar a paridade de xénero na actividade científica.

q) Dotación de axudas económicas para persoas ao coidado de dependentes que posibiliten a realización de actividades puntuais, como a participación en paneis de avaliación, congresos, etc.

r) Recursos nas universidades e centros de investigación en prol da saúde mental. Aínda que aparentemente non teña que ver con xénero, o certo é que os datos mostran que as mulleres son máis vulnerábeis a sufriren doenzas deste tipo.

3.3. Retos e accións estratéxicas

Certo é que, por moita disposición que haxa por parte dos traballadores da ciencia, sen investimento en persoal e material, pouco pode facerse. Mais é igualmente certo que as dotacións económicas por si soas non poden facer a ciencia, e moito menos arranxar os graves problemas de fondo que esta arrastra. Cómpre aumentar os recursos destinados á ciencia e á investigación neste país, pero tamén é preciso mellorar na súa xestión para evitar desbaldilos. Para iso é necesaria unha axencia central que coordine todo o sistema científico como un conxunto único e non como a suma de actores individuais illados, sexan estes grupos de investigación ou mesmo investigadores a nivel persoal. Mais non só basta con xestionar mellor a ciencia senón que é indispensable cambiar o tipo de ciencia que queremos. A ciencia ten que modificar o seu rumbo actual e precisa orientarse para mellorar a vida do pobo e do país. O sistema científico ten que ser aberto, accesíbel e cooperativo.

a) Incrementar o investimento en ciencia I+D de maneira progresiva até o 2,5% do PIB.

b) Dedicar á ciencia, I+D, o 3% dos orzamentos.

c) Crear unha verdadeira **Axencia Galega da Ciencia** que coordine os diferentes grupos científicos incentivando a colaboración no sistema científico, centralizando a xestión e orientando o sistema investigador cara á resolución dos problemas da sociedade.

d) Promoción da ciencia aberta mediante a creación de

repositorios institucionais de publicacións, metodoloxías, datos...

e) Creación de empresas públicas por parte da administración ou das universidades que permitan un aumento dos seus ingresos, favorecendo o retorno económico do investimento en I+D á sociedade e aumentando a autonomía económica das universidades:

I) Estudar a creación dunha empresa pública fornecedora de material de laboratorio, abrindo as portas a un novo sector produtivo rendíbel e rebaixando os prezos de subministro aos centros de investigación galegos.

II) Estudar a creación dunha empresa pública farmacéutica de xenéricos, favorecendo a súa implantación no sistema público e eliminando a figura do visitador médico.

f) Favorecer a comunicación da ciencia para valorizala, nomeadamente da ciencia desenvolvida na Galiza, potenciando o seu impacto e a súa rendibilidade social, creando unidades específicas de comunicación da ciencia nos diferentes departamentos e centros de investigación.

3.4. Planificación da investigación sanitaria

O sistema sanitario galego conta con investigadores/as biomédicos/as no cadro de persoal a tempo completo. As actividades de investigación en biomedicina que se desenvolven nos hospitais galegos teñen como obxectivo favorecer a calidade asistencial. En Galiza, contamos con 3 Institutos de Investigación Sanitaria (IIS), en Vigo, na Coruña, e en Santiago de Compostela, que levaron á creación de grupos, dentro dos hospitais, dedicados principalmente á investigación.

As tres fundacións de investigación sanitaria son as entidades xestoras dos IIS, e na actualidade son fundacións privadas (aínda que materialmente poderían considerarse públicas, como recolle o Informe de Fiscalización da conta xeral do SERGAS, do Consello de Contas de Galiza (Exercicio 2017).

Así as cousas, a realidade é que actualmente, no SERGAS, non existe na actualidade a categoría de investigador/a biomédico/a. Ao finalizar a subvención do ISCIII, os/as investigadores/as continúan contratados/as polo SERGAS de maneira temporal, con renovacións cada dous anos, suxeitos/as a avaliacións con criterios variábeis.

Esta visión curtopracista non permite unha planificación a longo

prazo, participar en procesos de captación de recursos que ofrecen financiamento por períodos de tempo superiores aos de contratación e, en definitiva, afecta á capacidade dos/as investigadores/as para desempeñar a súa función.

A realidade mostra que non existe un sistema de acceso, unha carreira, e unha estrutura salarial homoxénea para o persoal investigador que traballa na sanidade galega. O Partido Popular elaborou desde a Xunta un decreto no ano 2017 para regular a contratación de investigadores, que foi retirado posteriormente a causa do rexeitamento unánime.

– Aposta e integración da investigación biosanitaria no sistema galego de saúde.

– Integración do persoal investigador no sistema galego de saúde, poñendo fin á precarización do sector, contratado maioritariamente baixo fraude de lei, cunha alta temporalidade, baixos soldos e inestabilidade laboral. Creación da categoría profesional e táboas salariais. Coordinación dos recursos humanos en Fundacións e RRHH do SERGAS. Definición das competencias.

– Regulación da situación actual das fundacións biomédicas para convertelas en Fundacións Públicas, co fin de asegurar o seu correcto funcionamento e control administrativo. Garantir a transparencia nos procesos de contratación e selección tanto de xestores, como do persoal administrativo e técnico, e as boas prácticas.

– Regular as condicións de acceso e relevo nas direccións dos IIS e fundacións, establecendo procesos de selección rigorosos.

– Revisión das funcións e competencias de ACIS, e o seu papel no modelo de investigación sanitaria. Incorporar directores e xestores con formación científica e experiencia na investigación e na súa xestión.

– Establecemento de convocatorias específicas para reforzar a investigación sanitaria para desenvolver solucións (terapias, diagnóstico, tecnoloxía, produtos sanitarios, sistemas de mellora nos servizos asistenciais, etc) de interese público para a sociedade galega, e de metodoloxías específicas para regular e garantir o acceso á sociedade.

– Potenciación da entrada de novas tecnoloxías facilitadoras (fotónica, nanotecnoloxía, nano e microelectrónica, intelixencia artificial e big data, seguranza e conectividade, materiais avanzados e biotecnoloxía), como elementos catalizadores da investigación e innovación sanitaria.

- Aposta pola investigación e a innovación coordinada coa atención primaria, e cos Servicios de Medicina preventiva e saúde pública.
- Impulso da investigación e innovación en xeriatría.
- Aplicación de ramas coma a viroloxía ambiental para a elaboración de procedementos de vixilancia e monitorización continua de enfermidades infecciosas.

4

Sectores productivos

4.1. Enerxía

A enerxía é un elemento estratéxico para impulsar o desenvolvemento económico do noso país. Galiza é produtora e exportadora de enerxía. Porén, milleiros de postos de traballo no noso país penden dun fío ou foron destruídos polo prezo da enerxía.

No actual contexto de mudanza climática, desindustrialización e desigualdade social o sector enerxético constitúe un ámbito con que Galiza debe liderar unha nova etapa no seu desenvolvemento que conxugue a mellora do aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, o avance na soberanía enerxética e o control social e público do sector para garantir que sexa un ben básico e non unha mercadoría de especulación. Por tanto, traballarase nas seguintes cuestións:

- Demanda dunha **Tarifa eléctrica galega** que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galiza de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción. Como medida de urxencia, impulsarase unha lei de garantía de acceso á enerxía e contra a pobreza enerxética que supere a insuficiencia das medidas adoptadas desde o goberno central e do fracasado ticket eléctrico.
- Demandarase a devolución por parte do goberno central do sobrecusto tarifario doméstico e profesional de 38 millóns de euros asumido por Galiza por mor dos suplementos territoriais do ano 2013.
- A produción limpa e sustentábel será unha prioridade da política enerxética. Particularmente apostarase na promoción das enerxías renovábeis, con especial atención á eólica, á xeotérmica, á solar térmica e á fotovoltaica

como aposta estratéxica da Galiza en materia de xeración. En particular en relación á enerxía eólica:

- Desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente de cara a reunir o maior consenso posíbel.
- Vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando a participación pública da Xunta de Galiza e dos concellos galegos dos beneficios do sector de forma que se garanta un maior control e ao tempo unha fórmula de financiamento para as necesidades de compensación que poña fin aos problemas xerados polo canon eólico e a lesiva política impositiva vixente, que deberá ser substituída. De forma particular, impulsaranse Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen.
- Incrementar a vixilancia sobre as garantías ambientais e deseñar unha estratexia de repotenciación e substitucións programadas que progresivamente salvagarde a totalidade do territorio Rede Natura incluíndo a prohibición de instalacións nas zonas de expansión desta.

– Aprobación dun **Plan de Impulso do Autoconsumo** que aspire a superar os efectos negativos do veto que supuxo a vixencia do “imposto ao sol” e da falta dun marco normativo adecuado, sobre o que continuaremos a demandar o desenvolvemento “balanzo neto”. Impulsaremos medidas que apoiem o autoconsumo, tamén no ámbito agrogandeiro e industrial, favorecendo a produción de proximidade e beneficiando as unidades autoconsumidoras mais tamén favorecendo a conexión á rede eléctrica da produción excedentaria.

– Ao mesmo tempo, favorecerase a existencia de unidades produtoras de electricidade que contribúan a diluír o actual oligopolio eléctrico, en particular, ás cooperativas de consumo e produción enerxética e ás empresas municipais e locais de produción renovábel.

– Impulsarase unha **Lei de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos de competencia galega** en que se incorporará a aposta pola creación dunha empresa pública galega coa posibilidade da participación dos concellos afectados.

– Demandarase do goberno central a transferencia para Galiza das competencias respecto daqueles saltos e bacías de competencia estatal de cara a que o noso país recupere plena soberanía sobre este recurso enerxético e natural.

- Desenvolverase unha normativa que evite que os ríos galegos acollan novas instalacións de produción hidráulica e de produción eólica no medio mariño, evitando novos impactos en espazos naturais.

- Desenvolverase unha Estratexia galega de transición enerxética que inclúa medidas estratéxicas respecto da descarbonización e do peak oil, baseado en políticas de I+D+i encamiñadas á redución de consumo de combustíbeis fósiles e á aplicación de políticas de aforro enerxético en todos os ámbitos sociais e económicos. Estas medidas son indispensábeis para reducir a nosa dependencia de enerxía primaria e asumir que os recursos son finitos, camiñando cara a un escenario de soberanía enerxética.

- Manterase unha posición firme de defensa dos intereses de Galiza diante da situación xerada polo peche das centrais térmicas galegas, participando das correspondentes mesas de traballo e demandando do Estado e da Unión europea a adopción de medidas xustas para o noso país, a incorporación a todos os organismos de negociación e todos os fondos, plans e recursos económicos que se arbitraren.

- Negociarase co goberno central, recorrendo á vía xudicial se for preciso, a compensación a Galiza polo incumprimento e exclusión dos sucesivos plans do carbón.

- Recuperar as competencias para prohibir o fracking, competencias invadidas polo recurso do goberno central (apoiado polo Tribunal constitucional) contra as normas autonómicas que o prohibían.

- Elaboración dun Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética de aplicación en todos os sectores, con especial incidencia onde as potencialidades de redución son maiores, como a edificación e o transporte, como medida prioritaria de loita contra a mudanza climática.

- Demandar un Estatuto de Electointensivas con garantías para a industria galega recollendo o sentir das alegacións presentadas nos dous últimos borradores así como a mudanza das poxas por interrompibilidade por unha tarifa eléctrica para usos industriais que impulse a competitividade dos sectores industriais que son intensivos en consumo de enerxía (aluminio, ferroaleacións, etc.) con medidas suxeitas ao mantemento do emprego e á presentación de plans industriais e de modernización.

- Desenvolver as iniciativas necesarias perante as instancias oportunas para conseguir que a declaración de Galiza como

territorio desnuclearizado feita polo Parlamento galego evite de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións.

– Reclamar do Estado español as competencias administrativas no eido da produción de enerxía para todas as instalacións localizadas en territorio galego con independencia da potencia instalada.

4.2. Apostar no desenvolvemento industrial do país

Hoxe Galiza sofre un grave problema de desindustrialización e as consecuencias de máis dunha década de abandono de toda política de desenvolvemento neste ámbito, imperando como único modelo o da desregulación e a falta de intervención pública. Esta situación contribuíu a acelerar un proceso de terciarización excesiva da nosa economía que debe ser superada cunha forte aposta pola industrialización da man da innovación e a investigación, conxugando a aposta por sectores estratéxicos e polo peche de ciclos produtivos no país co necesario reequilibrio territorial e tamén cunha aposta pola calidade do emprego.

A industria é un sector indispensable para desenvolver economicamente Galiza. Por tanto, a actividade industrial debe ser planificada, regulada, fomentada e apoiada. Neste contexto histórico de desindustrialización é urxente impulsar un cambio de modelo industrial e produtivo, máis intenso en actividades de maior valor engadido e coñecemento, a través de políticas activas que dinamicen e ordenen os sectores existentes, planifiquen a súa diversificación e enfronten os retos dunha economía global en que Galiza non pode limitarse a ser o lugar de paso de industrias de enclave.

É necesario un papel activo por parte do goberno galego, que debe actuar para superar as limitacións impostas desde os gobernos de Madrid e Bruxelas deseñando unha folla de ruta propia, espremendo as posibilidades que ofrece este marco e traballando para ter máis capacidade de decisión sobre os elementos que condicionan o desenvolvemento industrial. Colaborando con todos os axentes do sistema industrial, traballarase tomando como punto de partida as seguintes liñas de actuación:

– Aposta pola **diversificación de sectores** reducindo a dependencia exterior e apostando na creación de industrias e cadeas complementarias, diminuindo a necesidade de importacións e avanzando na creación de industrias complementarias que contribúan ao peche de ciclos produtivos

no país e a un correcto funcionamento, non dependente, orientado ao exterior, dos sectores básicos e daqueles que se incorporen ao ecosistema industrial.

– Desenvolvemento dun **Plan galego de modernización e desenvolvemento da innovación empresarial e industrial** de cara a adaptar ás novas necesidades e en relación á investigación e innovación as estruturas produtivas e organizativas empresariais, de forma que se poida mellorar a competitividade.

Desenvolver unha estratexia específica para a priorización do **peche de ciclos produtivos no país** e para afrontar a prexudicial perda de galegidade do tecido empresarial e a súa cooptación por parte de fondos estranxeiros que desenvolven un modelo económico especulativo e coxuntural.

– Deseño de estratexias específicas para a formación dos diferentes sectores monitorizando as necesidades e o seu seguimento dando prioridade á estabilización dos cadros de persoal

– Levar a cabo unha política proactiva para **captar novos investimentos empresariais** enraizados no país, que creen nova capacidade produtiva, amplíen ou modernicen a existente, xerando novo e cualificado emprego no noso país.

– Deseño dunha **estratexia galega para equilibrar o fluxo das exportacións** que supere a dependencia extrema dunhas poucas empresas e sectores como acontece co téxtil e a automoción nestes momentos.

– Impulsaremos que as **pequenas e medianas empresas** xoguen un papel máis importante no desenvolvemento empresarial ao constituíren a inmensa maioría de empresas e da ocupación, polo que levaremos a cabo **medidas de impulso da súa dimensión e dinamismo** e, en xeral, das políticas de cooperación empresarial, con acordos nos eidos produtivo, comercial, tecnolóxico, de enxeñaría ou calquera outro, baseado na busca de sinerxías.

– Deseño dun **Plan de galego de reindustrialización que contemple a identificación e o impulso a sectores estratéxicos e/ou con grandes potencialidades de crecemento**, como o da aeronáutica, agroindustria ou automoción, e que combata a deslocalización das actividades auxiliares da industria galega (automoción, téxtil) e que fomente unha ordenación do solo industrial galego ao longo de todo o territorio de forma que se reequilibre e dimensione.

- Apostar pola internacionalización e proxección exterior das empresas e producións galegas, exercendo en exclusiva desde o Goberno galego todas as competencias sobre comercio exterior e impulsando a creación de embaixadas comerciais en enclaves estratéxicos para as exportacións.
- Impulso da participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía como xeito de impulsar un desenvolvemento autocentrado, respectuoso cos dereitos da clase traballadora e que aproveite as potencialidades do noso país.
- Regular, a través dunha **Lei de localización empresarial** a política de apoios económicos da Xunta de Galiza de forma que préstamos, axudas e subvencións estean suxeitos a estritas cláusulas contra a deslocalización, supoñendo a súa devolución con intereses.
- Plan específico en colaboración cos axentes económicos e sociais para sectores en crise e cunha grande afectación por factores como a deslocalización, o Brexit ou as guerras comerciais, como son a automoción, o naval, o téxtil ou o sector TIC.
- Diante do declive que vive o sector naval tanto público como privado, que ten na crítica situación de varios dos estaleiros máis emblemáticos como son Barreras e Vulcano na ría de Vigo, ou a desaparición de moitas das empresas auxiliares de Navantia na ría de Ferrol, así como a incapacidade para recuperar posicións no mercado civil da propia Navantia, e nomeadamente do Estaleiro de Fene, e tendo en consideración o valor estratéxico para o país do sector naval en canto que sector industrial tecnoloxicamente avanzado, con grande capacidade exportadora, e xerador de emprego e riqueza, o BNG propón o lanzamento dun plan específico de impulso ao sector naval, coas seguintes medidas:
 1. Levar a cabo todas as xestións necesarias para dotar de carga de traballo os estaleiros públicos e privados que o precisaren.
 2. Garantir un soporte financeiro necesario ao sector naval en Galiza, que permita acometer novos proxectos e captar pedidos tanto domésticos como internacionais.
 3. Promover acordos equilibrados entre as empresas principais e a industria complementaria presente nestes estaleiros, cunhas condicións de traballo equivalentes ás dos/as traballadores/as das principais.
 4. Constitución da Xerencia Galega do Sector Naval, con participación das consellarías de Industria: para apoio dos

Pequenos e Medianos Estaleiros e da industria auxiliar, en proxectos de internacionalización, estudos de mercado e misións comerciais, asociación e constitución de plataformas conxuntas para posicionarse mellor de cara a grandes proxectos; e da Consellaría de Traballo: que xestione un rexistro da formación e certificación profesional do persoal, de vidas laborais e contratos de traballo que proporcione aos poderes públicos un mapa laboral da poboación empregada no sector para os efectos de promoción de sistemas de estabilización do emprego, plans de xubilación, vixilancia da saúde e prevención de riscos, ou calquera outro que puiden ser oportuno.

5. Constitución do Centro Tecnolóxico do Naval, dependente da Xerencia, e con capacidade técnica e financeira para promover a I+D+i en todos os ámbitos relacionados coa industria da construción naval e coa de equipamentos complementarios: turbinas, motores e propulsión, combustíbeis, dixitalización de procesos, materiais, etc...

6. Aplicación da Lei do Sector Naval de Galiza (Lei 4/2010), impulsada por unha Iniciativa Lexislativa Popular, e aprobada por unanimidade no Parlamento galego, mais nunca desenvolvida polo PP.

7. Reclamar a participación da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.

8. Creación do Complexo Integral da Construción Naval na Ría de Ferrol coas seguintes características principais:

I. Impulso de investimentos e das dotacións de persoal de xestión, enxeñería e produtivo no centro de Navantia en Fene, para poder desenvolver proxectos de traballo propios.

II. Superación do “monocultivo militar” en Navantia, mediante o acceso real a todo tipo de produción naval como mesmo se recolle no conxunto de actividades que constitúen hoxe o Obxecto Social da sociedade, e nomeadamente coa consolidación e potenciación das áreas de Turbinas, Reparacións e grandes transformacións, Eólica mariña, Offshore, etc.

4.3. Unha minaría sustentábel e subordinada aos intereses galegos

Cómpre levar a cabo a revisión e o desenvolvemento normativo da Lei de ordenación da minaría de Galiza para reorientar o sector

nun modelo que supere a subordinación a intereses alleos ao que volveu da man do Partido Popular. É preciso harmonizar a actividade mineira tendo en conta a criterios de eficiencia e defensa social e ambiental. A actuación do BNG será orientada a:

- Desenvolver plenamente a Lei Galega de minaría, e elaborar o Plano Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza.
- Oporse ao desenvolvemento daquelas actividades mineiras con maior impacto, en particular rexeitando a tramitación e aprobación do proxectos de minas de ouro e outros metais ao ar libre.
- Elaborar un plan de xestión das explotacións mineiras galegas mediante a implantación dun sistema de axudas que prime o cesamento da actividade e restauración daquelas explotacións mineiras que resultaren inviábeis ou de alto impacto ambiental.
- Desenvolver unha revisión da normativa galega reguladora das augas minerais, termais, de manancial e de establecementos balnearios como un verdadeiro instrumento de protección da cantidade e calidade destas augas.
- Impulsar un Plan Estratéxico do Termalismo que aposte por este recurso como un ben público, impulse a participación pública do sector e desenvolva o seu potencial alén do turístico, con especial atención á promoción da saúde pública, as aplicacións industriais e a revalorización patrimonial material e inmaterial.

4.4. Por un medio rural vivo

Para o BNG a política agraria e, máis en xeral, as políticas para o medio rural son estratéxicas por diversas razóns:

- Son pezas fundamentais para manter a produción de alimentos e asegurar o maior grao posíbel de soberanía alimentar e avanzar na garantía dunha alimentación saudábel para a sociedade.
- Son parte dun proxecto de ordenación do territorio que se desenvolva para o conxunto do noso país.
- Son esenciais para garantir un desenvolvemento sustentábel e harmónico do territorio.

A crise sanitaria, económica e social desatada pola COVID 19 veu mostrar a urxencia de reformular a política agraria seguindo estas orientacións. Con todo a crise fai que sexa necesario salientar agora mais que nunca a necesidade de abordar con premura

algunhas destas medidas.

A relevancia desta política vai máis alá das persoas que viven no medio rural e afecta o conxunto da sociedade. Con todo é imprescindible ter como obxectivo que as persoas que viven no rural, nomeadamente as que traballan no sector agrario, obteñan niveis de renda, recoñecemento social e servizos que lles permitan vivir dignamente.

Ao longo da última década as políticas do Partido Popular (gobernando 34 dos 39 anos transcorridos desde a aprobación do Estatuto de Galiza) traducíronse nun retroceso espectacular para o rural galego, afectando negativamente non só as condicións económicas da agricultura galega senón tamén as condicións de vida no medio rural que se deterioraron a pasos axigantados, mesmo estragando servizos básicos.

O BNG quere reverter esta situación. O noso proxecto sitúase na antítese do PP. É para o século XXI e as vindeiras xeracións do pobo galego. Se as agricultoras e os agricultores, os axentes que actúan no sector e as persoas que viven no medio rural foron quen de manter o dinamismo dalgúns sectores e a súa pervivencia en parte do noso territorio a pesar de sufriren en moitas ocasións políticas moi adversas, mudando estas políticas será posíbel modificar o rumbo actual.

Unha actuación decidida, con determinación e obxectivos claros pode conseguir que o medio rural galego participe nun proxecto de Galiza diferente e con valoración social pola súa importancia e contribución estratéxica.

Para reverter a situación actual, o obxectivo que guiará a acción do BNG será o de considerar o medio rural un sector estratéxico e chave no desenvolvemento económico e social. O avance na configuración dun sector agrario viábel económica, social e ambientalmente ten que vir acompañado de actuacións públicas que garantan servizos de calidade aos/ás habitantes das zonas rurais: educación, sanidade, servizos sociais, transporte, TIC,... O obxectivo conxunto destas actuacións ten que ser facer das áreas rurais en risco de abandono espazos atractivos para a poboación.

Unha **acción política destinada a construír un rural galego vivo e dinámico** ten que considerar como mínimo as liñas de actuación que sintetizamos neste **decálogo**, unhas orientacións estratéxicas que permitirán abrir un tempo novo para o rural galego:

1. Reverter a actual tendencia de destrución de **superficie agraria útil** marcando como obxectivo recuperar 100.000 ha no ano 2030. Asegurar lexislativamente de xeito decidido e rotundo que

a realidade da configuración da propiedade no país non sexa un impedimento para a ordenación do aproveitamento do espazo agrario e do monte de xeito multifuncional e sustentábel. Para isto elaborárase unha lei de reforma das estruturas que priorice os modelos asociativos (unidades de xestión agraria e unidades de xestión forestal) e actualizarase e reactivarase o Banco de Terras.

2. Actuar de xeito decidido para asegurar o maior grao posíbel de produción de alimentos no país **diversificando a produción agrogandeira** e apostando polos produtos de calidade e con prácticas respectuosas co medio.

3. Artellar lexislativamente con **transparencia** e de xeito claro as **relacións económicas e comerciais ao longo de toda a cadea de produción**, con vixilancia pública, como mecanismo indispensábel para garantir rendas dignas ao sector produtor. establecer mecanismos estábeis de interlocución e vertebración dos distintos sectores como elementos necesarios para a participación social nas políticas que se elaboraren, actualizando os mecanismos que permitan medir a representatividade a día de hoxe.

4. O **novo Plan de Desenvolvemento Rural 2021–2027** incluírá medidas efectivas para a incorporación da mocidade nas explotacións agrarias, o acceso real á titularidade das explotacións por parte das mulleres así como medidas de conciliación da vida laboral e de accesibilidade ás persoas con diversidade funcional.

5. Pór en marcha políticas para os distintos sectores que teñan en conta as súas características (leite, carne, viño, pataca, horta e flor, madeira e outros produtos do monte, etc). Elaborar un **novo Plan de Agricultura Ecolóxica** consensuado co sector cun horizonte temporal máis amplo que o actual e que impulse o desenvolvemento desta produción.

6. Pór en marcha unha nova política para o monte partindo de establecer **unhas novas Directrices para a revisión do Plan Forestal de Galiza**. Sobre a base do **carácter multifuncional do monte** establecerá unha estratexia de regulación, redución e confinamento das masas de eucalipto e promoverá a plantación de especies autóctonas de calidade. Elaboración dunha nova lei de montes que inclúa os montes veciñais e que teña como obxectivo garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental do monte.

7. Asegurar lexislativamente nun horizonte temporal amplo que a produción de alimentos e madeira e as políticas de fomento do desenvolvemento rural se farán con perspectiva de sustentabilidade ambiental e tendo en conta o cambio climático.

8. Reverter a actual tendencia de desmantelamento de **servizos** no medio rural que redunda directamente na perda de poboación, atendendo o desenvolvemento de políticas que favorezan o acceso aos servizos das persoas que habitan no rural (vivenda, ensino, saúde, servizos sociais, comunicación, transporte, lecer...). Implementar políticas de desenvolvemento e fomento económico no rural ademais das propiamente agrarias e forestais, que xeren novas expectativas de actividade económica no medio rural.
9. Recuperar e **potenciar a investigación, a formación e a contribución de coñecemento sobre o medio rural** como base imprescindible para reverter a tendencia actual. Será fundamental priorizar a dotación de recursos humanos e de capital destinados á investigación e innovación que tanto se deterioraron na última década.
10. Nas relacións institucionais defenderemos a participación de Galiza nos distintos foros onde se dirimiren cuestións que afectaren ao medio rural galego.

4.4.1. Mellora das estruturas agrarias

O modelo clásico de concentración parcelaria foi deseñado hai máis de cincuenta anos, nun momento en que a poboación activa agraria significaba arredor do 50% da poboación activa total cando hoxe non alcanza o 5%. Ademais boa parte dos propietarios son absentistas, hai un continuo abandono da superficie agraria útil e unha extraordinaria fragmentación da superficie forestal. Diante desta situación, o BNG impulsará unha nova Lei de reforma das estruturas, retomando o Anteproxecto de Lei de 2008, con base nas seguintes consideracións:

- Actuar en zonas con clara vocación agrícola ou gandeira, de xeito que os procesos poidan servir para mellorar as estruturas de produción e redimensionar as parcelas e as explotacións, no camiño de optimizar os seus recursos e garantir a súa viabilidade.
- Estabelecer a obrigatoriedade de manter as fincas de reemprazo en produción, en axeitado estado de conservación ou, no seu defecto, incorporalas ao Banco de Terras para o seu arrendamento.
- Conseguir uns axeitados índices de reparcelamento, reducindo o número de fincas de reemprazo atribuídas a cada propietario/a; racionalizar o custo dos procedementos de concentración parcelaria e reducir o período de duración do proceso.

- Artellar outros mecanismos de reforma estrutural distintos dos procedementos clásicos de concentración parcelaria, como os polígonos agrarios de concentración e os polígonos agrarios de asociación, que permitan a explotación directa ou a creación de Unidades de Xestión Agraria e, no terreo forestal, a poligonación en recintos que poidan facilitar a creación e desenvolvemento de Unidades de Xestión Forestal.
- Diseñar as infraestruturas viarias en función do seu uso agropecuario ou forestal aproveitando, na medida do posíbel, o viario preexistente, e evitando redes e cuadrículas alleas a tipoloxía tradicional.
- Transferencia inmediata do Catastro á Xunta de Galiza para facilitar todos estes procesos.

Ademais, cómpren medidas encamiñadas á conservación e recuperación da superficie agraria útil abandonada, infrautilizada ou forestada, así como aquelas que permitan o incremento da base territorial das explotacións agrogandeiras. Para tal efecto, procederase a:

- Elaboración de Plans de Ordenación dos Usos da Terra e Orientación de Cultivos, con delimitación da superficie agraria, superficie forestal e aquelas outras de distinta vocación, con carácter vinculante, así como a regulación normativa dos cambios de uso, evitando a forestación de terras agrarias de valor singular, agás as que estableceren os propios plans.
- Apoio técnico e financeiro ás iniciativas de roturación e transformación en pastos de superficies de monte aptas para este uso, sempre tendo en conta a sustentabilidade ambiental, co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións apoiando modelos gandeiros máis sustentábeis e baseados en recursos propios.
- Aplicación efectiva da normativa vixente respecto das fincas abandonadas, nomeadamente na regulada pola Lei de mobilidade de terras, naqueles casos en que se propicie a aparición do lume, a erosión ou degradación do terreo, e permita a preservación da contorna en axeitadas condicións ambientais.
- Reactivación do Banco de Terras para facilitar o incremento da base territorial das explotacións, que dinamice a súa intermediación e facilite a incorporación de fincas de titulares particulares, así como as de titularidade pública, incluídas a de propietarios/as descoñecidos/as, das que asumiría a xestión e se incorporarían, no seu caso, ao patrimonio da Comunidade Autónoma.

- Rematar realmente coa forestación de terras agrarias e favorecer a recuperación das que teñan vocación agrarias, hoxe forestadas.

4.4.2. Incorporación da mocidade á actividade agraria e impulso ao relevo xeracional

Un dos feitos máis preocupantes para o futuro da agricultura galega é o forte avellentamento que caracteriza ao conxunto do sector. Para comezar a mudar esta situación é preciso:

- Incluir no novo Plan de Desenvolvemento Rural 2021–2027 de medidas efectivas que permitan a incorporación da mocidade nas explotacións agrarias, así como o acceso real á titularidade das explotacións agrarias por parte das mulleres.
- No futuro Plano Estratéxico da PAC deben priorizarse os investimentos dirixidos á instalación de agricultoras/es mozas/os.
- Mellorar a formación específica dirixida ás novas incorporacións.
- Asegurar o acompañamento técnico do proxecto de incorporación e durante os cinco primeiros anos.
- Facilitar o acceso á terra (Banco de Terras,...).
- Activar medidas de intermediación públicas para facilitar que as explotacións de titulares que se xubilan e non teñen persoa sucesora poidan permitir a incorporación de novos agricultores. En todo caso, somos conscientes de que a incorporación de persoas mozas ás explotacións e máis en xeral o mantemento da poboación nas zonas rurais non depende unicamente da actividade agraria senón doutros factores, entre os que ten gran importancia a calidade dos servizos públicos. É por isto que o impulso do relevo xeracional na agricultura debe acompañarse dunha recuperación de servizos no medio rural na procura de condicións de igualdade coas áreas urbanas, que permitan a incorporación da mocidade a actividades non agrarias no ámbito rural.

4.4.3. Agricultura e medio ambiente. Fomento da agricultura sustentábel

- Reforzar as axudas por compromisos medioambientais

e climáticos, fomentando a agricultura ecolóxica, a gandaría extensiva, a formación dos agricultores e agricultoras e o apoio á conservación de biodiversidade.

- Aproveitar as posibilidades que ofrecen os ecoesquemas, previstos na PAC 2021–2027, para apoiar o desenvolvemento dos modelos de explotación agraria e de xestión do territorio sustentábeis no agro galego.
- Impulsar a extensificación dos sistemas produtivos, mediante a mobilización dos recursos propios, en particular a terra, co fin de facer a nosa agricultura e gandeira menos dependente de inputs externos, e que combine un uso eficiente dos recursos cunha maior sustentabilidade.
- Elaborar un novo plan de Agricultura Ecolóxica consensuado co sector cun horizonte temporal máis amplo que o actual, que entre outros aspectos incorpore:
 - Actuacións sobre os produtos e os medios de produción.
 - Actuación sobre a transformación dos produtos.
 - Mellora da comercialización e articulación sectorial.
 - Actuacións sobre coñecemento, formación e investigación.
 - Actuacións relativas ás tarefas de control e certificación.
- Posta en marcha dun Plano de Residuos Agrarios que inclúa establecer plans de xestión de residuos dentro das propias granxas, incluído o control e manexo das fosas de xurro e a recollida selectiva por parte da administración dos refugallos que deben ser obxecto de tratamento específico (plásticos, lubricantes, pneumáticos, envases, etc).

4.4.4. Investigación, formación e transferencia de coñecemento

- Aplicar un plano integral en materia de investigación que permita recuperar a capacidade investigadora do sistema de centros públicos de investigación da consellaría do Medio Rural (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Estación de Viticultura e Enoloxía de Galiza e Centro de Investigación Forestal de Lourizán, así como das estacións experimentais anexas), que sufriron unha brutal erosión durante os anos de goberno do Partido Popular. Este permitirá consolidar o enclave tecnolóxico agro—gandeiro

de Mabegondo, posto en marcha polo goberno do BNG en 2008, que integra o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite no complexo de prestación de servizos e investigación xunto co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galiza e o Laboratorio de Sanidade Animal. A estas dependencias unirase a creación dunhas novas instalacións do Banco de Xermoplasma Agroforestal que permitirá mellorar e potenciar as actividades de conservación, caracterización e posta en valor de recursos fitoxenéticos agrícolas e forestais autóctonos.

- As actuacións da Consellaría do Medio Rural en materia de I+D+i orientaranse á redución da dependencia de insumos externos das explotacións; ao fomento de innovacións en materia de redución de custos enerxéticos e uso de enerxías renovábeis para aplicación en agricultura; ao desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no sector agrario; á mellora na calidade das forraxes e desenvolvemento de novos cultivos destinados ao consumo humano ou animal; ao impulso de novos modelos de produción e comercialización en circuitos curtos; á innovación en sistemas agroecolóxicos; á preservación e utilización dos recursos fitoxenéticos autóctonos; á mellora da sustentabilidade dos sistemas de produción agrogandeira e forestal, incluíndo o estudo socio—económico dos modelos produtivos e incorporando a perspectiva de xénero
- Cómpre dotar os Servizos Agrarios das oficinas comarcais dos recursos necesarios para que retomen o seu rol de formación, promoción e asesoría no medio rural, pondo fin á política de desmantelamento destes servizos nos últimos anos.
- Elaboración dun plano estratéxico de formación agraria non regrada orientado a dous obxectivos: a) reforzar a viabilidade das explotacións como garantía dun sector agrario forte, con producións económica e ambientalmente sustentábeis no marco dunha política socioeconómica que asegure os equilibrios territoriais e b) preservar a sustentabilidade e a custodia do territorio con prácticas agro—gandeiras que fomenten a economía circular e o respecto ao medio, asegurando a conservación da calidade dos solos, das augas e da atmosfera.
- Formación profesional continua, adaptada e de calidade para os/as agricultores/as novos/as, onde aspectos como a innovación, intercambios de experiencias e asociacionismo vertebrarán estes programas.
- Formación específica para satisfacer a actual

demanda de man de obra nas explotacións agrarias, gandeiras e forestais en Galiza.

- Impulso das Asociacións de Defensa Sanitaria que acompañen a seguridade e a saúde da cabana gandeira galega.
- Mellora da capacidade da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, na dupla vertente de instrumento básico de actuación da Administración galega en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector agro–alimentario e forestal, así como de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

4.4.5 Vertebración social e interlocución no sector agrario. Mecanismos contractuais de establecemento de prezos

- Marco galego de negociación colectiva, cun papel relevante da administración galega en materia de regulación e mediación, que permita chegar a acordos entre as partes e que teña como obxectivo conseguir que os prezos percibidos polo sector produtor cubran os custos de produción referenciados no Observatorio Galego de Prezos Agrarios.
- Establecemento xeneralizado de contratos homologados que sexan obxecto de negociación e non impostos unilateralmente por unha parte, para regular as relacións entre o sector produtor e o transformador, fixando particularmente garantías de prezos mínimos, garantía de cobro e calidade da produción.
- Impulsar a adopción dunha normativa que asegure o equilibrio nas relacións comerciais e na distribución do valor engadido dos produtos agrarios ao longo de toda a cadea, e partindo do principio básico de que o proceso de construción do prezo pagado aos/ás produtores/as agrarios/as dependa fundamentalmente dos custes de produción. Para tal fin creárase un Observatorio Galego de Prezos Agrarios, que efectuará un seguimento dos prezos e marxes nos produtos agroalimentares, e validará os distintos indicadores de custes. No caso de se apreciaren marxes comerciais abusivas por algún dos elos da cadea, terá capacidade para realizar propostas sancionadoras. Para este fin defenderase o establecemento do oportuno réxime sancionador.
- De forma complementaria, limitaranse as campañas promocionais da distribución comercial empregando como produtos reclamo os alimentares, eliminando

de forma taxativa as que ofrecen como “gratuítos” produtos alimentares de forma directa ou indirecta.

- Regulación e posta en marcha de interprofesionais de ámbito galego, coa finalidade, entre outras, de introducir transparencia e equilibrio nas relacións entre o sector produtor e as empresas de comercialización e transformación.
- A administración galega manterá un diálogo fluído e permanente coas entidades asociativas que desenvolven a súa actividade no ámbito rural, para o que se terá que revisar o actual marco de medición da representación atendendo á diversidade existente e que servirá para adecuar todas as relacións entre administración e as entidades representativas do sector.
- Revisión e reformulación de todos os órganos de interlocución hoxe en funcionamento para os adecuar á nova realidade e representatividade (Consello Agrario Galego, Consello Forestal de Galiza, Mesa do Leite, Mesa da Madeira, Mesa do Viño, etc).

4.4.6. O futuro Plano Estratéxico da PAC

Neste momento continúan debaténdose na Unión Europea os regulamentos da PAC para o período 2021–2027. O Goberno galego demandará a súa presenza e participación directa nos foros europeos en todo o que teña a ver cos intereses da nosa agricultura e desenvolvemento rural. O BNG ven defendendo historicamente unha modificación en profundidade do actual modelo da PAC. De feito, a nosa organización vén traballando, desde todas as instancias en que participa (Parlamento Galego, Parlamento do Estado, Parlamento Europeo, Xunta de Galiza durante a lexislatura 2005–2009), en favor da configuración dunha nova política agraria e rural na Unión Europea que tenda a corrixir os fortes desequilibrios hoxe existentes (entre sectores e países), e contribúa realmente a lograr un sector desenvolvido ao mesmo tempo que respectuoso co medio, a calidade dos alimentos e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria. Esta nova política agraria e rural que, co fin de atender tanto os intereses dos/as agricultores/as como as demandas do conxunto da sociedade, debería responder a seis criterios básicos:

- A atención á salubridade e calidade dos alimentos e ás funcións ambientais e territoriais da actividade agraria.
- Asegurar niveis de renda dignos á produción agraria.

- Estabilizar os mercados dos produtos agrarios e equilibrar as relacións entre os axentes da cadea agroalimentar.
- Reducir os desequilibrios existentes na agricultura comunitaria; posibilitando en concreto que as áreas periféricas, como Galiza, poidan desenvolver a súa capacidade produtiva.
- Distribuír máis equitativamente, e con criterios de progresividade social, os fondos da PAC. Estabelecer, para o conseguir, unha modulación do apoio en función do nivel de renda e o volume de emprego das explotacións.
- Fomentar un comercio mundial de produtos agrarios máis xusto, en que se desterren as prácticas de dumping por parte dos países desenvolvidos.

Dentro do marco legislativo comunitario, o Ministerio de Agricultura conta cunha ampla marxe de manobra para concretar a aplicación da PAC no Estado español, así como tamén a Xunta de Galiza dispón de competencias que cómpre aproveitar ao máximo. No próximo período 2021–2027 será a través do Plan Estratéxico da PAC, actualmente en proceso de elaboración, como se vai concretar esa aplicación. Neste sentido o BNG defenderá que este Plan Estratéxico:

- Incorpore unha definición de verdadeiro agricultor e de actividade agraria o suficientemente rigorosa para garantir que as axudas vaian ás agricultoras e aos agricultores, ás persoas que realmente desenvolven unha actividade agraria como principal.
- Considere unha porcentaxe significativa de fondos dedicados á axuda redistributiva, co fin de que as axudas directas aos agricultores deixen de concentrarse no Estado nas mans dos grandes propietarios de terras e beneficien en maior medida ás pequenas e medianas explotacións profesionais.
- Estableza no Estado Español un teito ou tope máximo ao volume de axudas por explotación máis baixo do que propuxo a Comisión Europea. Concretamente, defendemos que ese teito se fixe en 60.000 euros, sen prexuízo de que se adopten as medidas oportunas para non discriminar as explotacións asociativas. Ademais debe evitarse que a dedución dos gastos salariais sexa utilizada para deixar sen efectos reais esta medida.
- Aproveite ao máximo o volume de fondos permitidos para axudas asociadas á produción, mantendo ou reforzando

as axudas dirixidas ao sector lácteo e ao vacún de carne e regulando estas axudas con criterios de progresividade social.

- Utilice as posibilidades que ofrecen os novos réximes voluntarios para o clima e o medio, así como os ecoesquemas do primeiro pilar da PAC, para aplicar medidas que favorezan os sistemas agrosilvopastorís, a desintensificación dos sistemas produtivos e a evolución cara a modelos de produción agraria máis sustentábeis e menos dependentes dos insumos externos.
- No relativo ás medidas de desenvolvemento rural, as propostas da Comisión e as posicións existentes no Consello europeo implican que pode producirse un drástico recorte dos fondos da UE. De se confirmar iso, a Administración Central debe compensar esa redución aumentando a súa participación no financiamento, cuestión esencial dada a forte redución da súa contribución no período actual que foi aceptada polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza. O BNG velará para que esta situación que prexudicou o rural galego non se volva repetir.
- Á hora de asignar eses fondos de desenvolvemento rural dentro do Estado deben considerarse como criterios principais a dependencia relativa da actividade agraria en termos de emprego, así como o envellecemento, o despoboamento e o grao de dispersión da poboación rural.
- Canto á definición e xestión das medidas de desenvolvemento rural na Galiza será competencia exclusiva da administración galega, polo que desde o BNG velaremos por que se garantan mecanismos que permitan adaptar esas medidas, e o conxunto das accións da PAC, á realidade do noso rural.

4.4.7. Un novo modelo de Desenvolvemento Rural

O fracaso das políticas agrarias na Galiza, maniféstase a día de hoxe nunha realidade frustrante nunha boa parte do país, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo. Os indicadores demográficos e económicos así o constatan. Precísase dunha reforma en profundidade das actuacións para o Desenvolvemento Rural, que palien e revirtan a actual situación.

- Plan de comarcalización de servizos na áreas máis despoboadas: servizos básicos, asistenciais, deportivos, transporte...
- Elaboración dun novo PDR galego con atención especial á xeración de emprego (non exclusivamente no sector primario)

nas zonas mais desfavorecidas. Creación do “ticket rural” para favorecer a xeración de microempresas non agrarias no rural.

- Banda ampla de internet e novas tecnoloxías en todo o territorio da Galiza interior como ferramenta básica para a implantación de novas actividades económicas.
- Simplificación de licenzas e permisos. Preferencia para actos de “comunicación previa”.
- Exención/redución real de taxas e impostos para as actividades económicas nas zonas mais despoboadas e deprimidas, para empresas cun baixo limiar de facturación anual.
- Plan de vivenda rural que incentive a rehabilitación e fixación de poboación, nos núcleos en abandono.

4.4.8. Unha nova política de montes

A situación actual do monte galego caracterízase polas seguintes cuestións: a ausencia dunha adecuada planificación e ordenación do territorio; a repoboación masiva de masas monoespecíficas de alta combustibilidade, xunto á expansión caótica do eucalipto; e o abandono progresivo durante as últimas décadas da actividade agraria, causando a desaparición de moitos cultivos agrícolas na interface urbano–forestal, permitindo o avance sen ordenación do monte até os núcleos habitados. Mudar esta realidade esixe mudarmos as políticas, pór en marcha unha nova política de montes que promova unha actividade forestal multifuncional recuperando a biodiversidade do noso monte, que promova a produción de madeiras de calidade ou que considere o silvopastoralismo. O obxectivo do BNG é compatibilizar as diversas funcións do monte, promovendo a implicación activa de propietarios/as, das comunidades e da administración no seu aproveitamento e coidado, como a mellor forma de garantir un monte vivo e a salvo dos lumes e do deterioro ambiental. Para a consecución destes obxectivos precísanse activar as seguintes medidas:

- Promover unha nova Lei de Montes de Galiza para, entre outros obxectivos:
 - Recoñecer a titularidade comunitaria como unha parte mais e distinta da titularidade pública e privada. A administración pública galega dotarase dun órgano específico para atender as necesidades da propiedade veciñal.

- Crear o Inventario Forestal de Galiza e establecer a estatística forestal anual.
- Establecemento de convenios de xestión pública en montes de alto valor ambiental, paisaxístico ou protector.
- Condonar as débedas dos montes veciñais conveniados ou consorciados e actualizar os convenios.
- Establecer que a cota de reinvestimentos nos MVMC se determinará atendendo os plans de ordenación e as características do monte e da veciñanza comuneira.
- Elaboración dun Plan de Aproveitamento da Biomasa Forestal Residual como sistema complementario da loita contra os lumes, consecuencia da silvicultura preventiva practicada tanto no monte como nas áreas de protección dos núcleos rurais, e limitación dos “cultivos enerxéticos”.
- Plan de sanidade vexetal e mellora xenética do material de reprodución das especies autóctonas. Plano integral de control do pnemátodo do piñeiro.
- Establecemento dunhas novas directrices para a revisión do Plan Forestal de Galiza coa participación das entidades que forman parte do Consello Forestal de Galiza, e de asociacións comunitarias, expertos, entidades ou organismos científicos que desexaren participar coas súas achegas.
- O novo Plan Forestal de Galiza establecerá unha estratexia de regulación, redución e confinamento das masas de *Eucalyptus nitens*, *globulus* e *camaldulensis*. Como medidas iniciais recuperaríanse as terras agrícolas plantadas con esas variedades, ademais de elaborar un plan de erradicación desta especie nos bosques mixtos queimados e nos de baixo rendemento económico. Impulsará a promoción da diversificación das masas forestais (estrutura en mosaico) e o impulso ás frondosas caducifolias, nomeadamente autóctonas, e ás madeiras de calidade.
- Elaborar un Plano Estratéxico de Desenvolvemento Agro– Forestal de carácter multifuncional (madeira, gandaría, froitos silvestres, cogomelos, uso paisaxístico, recreativo e ambiental, patrimonio, etnografía,...) con liñas específicas de axuda. Retomar as axudas á valorización integral do monte.
- Impulsar desde a Galiza unha reforma fiscal adecuada á especificade da figura do monte veciñal

e ás súas funcións, coa retirada ás CMVMC como suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades.

- Crear un selo de certificación forestal galego e público.
- Fomentar os aproveitamentos en común dos montes particulares, recuperando e actualizando as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) adaptándoas á realidade actual.
- Activar os órganos consultivos e de participación dos axentes económicos e sociais relacionados coa política de montes.
- Apoiar as liñas de silvicultura para mellorar a calidade das masas arbóreas con destino á madeira de calidade. Adecuación das axudas concedidas para labores nos montes tendo en conta a finalidade e a estacionalidade dos traballos e que poderán ser realizados polas propias Comunidades de Montes (ou as súas mancomunidades).
- Elaborar unha normativa propia para a “Descarbonización” que no relativo á redución dos niveis de CO₂, incentive nos montes galegos unha política forestal acorde co modelo descrito neste apartado.
- Promover a redacción dos plans de ordenación nos montes veciñais. Nos plans de xestión forestais de zona e de monte, de acordo cos plans de corta, implantar a obriga de acometer a estrutura en mosaico, alternando especies de distinta combustibilidade co obxecto de promover a biodiversidade, ademais de servir de freo á propagación do lume facilitando a súa extinción.
- Apostar pola pequena industria da madeira que permita camiñar cara ao peche dos ciclos produtivos dos produtos no monte, no noso País.

Loita contra o lume

Os lumes forestais non só queiman árbores e monte, senón que queiman territorio (superficie de monte, cultivos, paisaxe, biodiversidade, vivendas, patrimonio, etc...). É, por tanto, un problema de País, facéndose imprescindible a ordenación integral do territorio. Tendo isto en conta, o BNG desenvolverá un novo modelo de prevención e defensa contra incendios territoriais que parta da premisa de que a prevención ten que se facer durante todo o ano e non só no verán. Para iso é preciso pór en valor os montes de forma multifuncional e sustentábel. Para a consecución deste obxectivo e lograr unha adecuada defensa contra os

incendios, deberanse tomar as seguintes medidas:

- Reforma e actualización da Lei 3/2007 de incendios forestais. Recuperar o modelo inicial das faixas de protección de núcleos rurais e introducir un capítulo referido á silvicultura preventiva, vital para a loita eficaz contra o lume
- Adaptar o PLADIGA á nova tipoloxía de lumes producidos polo cambio climático e os fenómenos meteorolóxicos de alta intensidade
- O modelo de prevención e extinción, SPIF, deben basearse no mando único, na formación continua, na seguridade dos núcleos rurais, na rapidez de resposta e na homologación do nivel profesional dos seus efectivos. E para iso, este modelo deberá guiarse polos seguintes criterios:
 - Primar a disuasión e a vixilancia preventiva, a mellora da previsión meteorolóxica, a detección e a comunicación de alarmas utilizando as vantaxes dos novos sistemas tecnolóxicos (SIX, termocámaras, drons, etc) combinando a actuación local coa integración de toda a información no XEOCODE (Sistema online integrado e xeo–referenciado de medios, persoal e alarmas) que deberá ser continuamente mellorado e actualizado
 - Implicar na vixilancia preventiva a colectivos veciñais vinculados ao medio rural, comunidades de montes, propietarios forestais, ecoloxistas, cooperativas agrícolas, ademais de potenciar o voluntariado xeral do monte
 - Impulsar a formación do voluntariado mediante cursos e simulacros fruto da colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e a Axencia Galega de Emerxencias.
 - Realizar convenios cos colectivos de risco (pastores, gandería extensiva, cazadores ...) para favorecer a súa complicidade coa política forestal e a loita contra o lume
 - Facer cumprir a normativa de xestión de biomasa, nas zonas de dominio, aos titulares das estradas, camiños de ferro, ademais doutras instalacións, como postes de tendido eléctrico, telefónico e instalacións de risco
 - Nas zonas de alto risco de incendios establecer zonas especiais de devasa nas inmediacións de cultivos agrarios, nos montes de especial valor ecolóxico e nos que se desenvolven de forma adecuada os plans de ordenación

- Como medio inmediato para combater o avance da matogueira, débense realizar convenios cos concellos para a xestión de biomasa nas franxas de seguridade dos núcleos rurais, ademais de facer cumprir esta normativa aos particulares mediante a colaboración entre a administración autonómica e local
- Crear un Grupo Central de Análise para a recompilación, sistematización e estudo de toda a información dispoñíbel sobre o monte galego e os incendios forestais, xunto á elaboración de estratexias e apoio á dirección de extinción
- Potenciar as Brigadas de Investigación de Incendios Forestais, os axentes forestais e demais técnicos no ámbito da vixilancia preventiva e da investigación de lumes, dotándoos dos medios adecuados
- Despregar as brigadas de ataque rápido ou Vixilancia Móbil (BVM) en todo o territorio, especialmente nas zonas de alto risco.
- O persoal do reforzo do verán debe ser seleccionado pola propia administración galega garantindo a súa competencia. As brigadas municipais non cumpren cos requisitos básicos dun servizo destas características.
- Nos medios aéreos deben primarse as avionetas de carga en terra e/ou anfibas, pola súa rapidez, actuación en secuencia e proximidade das descargas aos puntos de ignición
- Mellorar o mantemento dos puntos de auga en todo o territorio, especialmente nas zonas de alto risco. Nos períodos de seca, debería preverse un servizo de camións alxibes para repoñer os puntos de auga, así como facer obras de mellora e novas captacións de mananciais.
- A lexislación e políticas contra o lume deben contar cun amplo apoio institucional, boa base técnica e ser froito dun amplo diálogo cos todos os axentes sociais e políticos do país implicados no monte galego (CFG, Mesa da madeira, expertos, partidos, sindicatos, comunidades de montes veciñais, empresas, asociacións ecoloxistas ...)

4.4.9. Propostas transversais

- Implementar un plano de acción dirixido a **impulsar o protagonismo e a equiparación dos dereitos das mulleres no**

ámbito rural e nomeadamente na actividade agropecuaria, promovendo a cotitularidade e o acceso a unha igualdade real.

- **Fomentar a economía social.** Rexenerar o cooperativismo e o asociacionismo agrario. Incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria da terra.
- Rematar cos problemas derivados da incompreensión por parte do Ministerio de Facenda da realidade das explotacións agrarias galegas. **Modificar a consideración fiscal que na actualidade se lles dá ás axudas de modernización e incorporación de mozos e mozas.**
- Estudo e revisión do sistema de cotización á Seguridade Social Agraria, atendendo ás características das pequenas explotacións galegas.
- A grande incidencia que está a ter no medio rural galego a **fauna salvaxe** fai necesario elaborar un **censo** destas especies de carácter comarcal que permita elaborar plans de xestión neste ámbito. Ao mesmo tempo incrementárase a dotación orzamentaria para as indemnizacións e axilízarase a súa tramitación para cubrir os danos ocasionados.
- Fixación de obxectivos realistas (no contorno do 20%) **na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro na agricultura mediante actividades de investigación** e fomento de iniciativas de produción baixa en carbono, en particular de usos da terra e xestión de fertilizantes orgánicos producidos nas explotacións que promovan unha acumulación activa de carbono nos solos.

4.5. Pesca

Galiza é un país altamente dependente da pesca, éo obxectivamente pola súa dependencia desta actividade, polo alto número de empregos que xera, porque esta actividade abarca todas as posibilidades en relación co mar, desde a extracción pasando pola transformación e a comercialización. 120.000 persoas viven de xeito directo ou inducido da pesca, nun país de 2.700.000 habitantes. Por volume de negocio a pesca é a segunda actividade económica galega. Galiza representa máis do 10% da capacidade pesqueira do conxunto da UE, e o 9% do emprego.

Toda esta potencialidade contrasta cunha situación crítica, a comezar porque esa clara dependencia non está recoñecida oficialmente como “Zona Altamente Dependente da Pesca” e, por

tanto, non gozamos das vantaxes desa declaración

O problema do mar galego non está na falta de recursos pesqueiros, na pobreza biolóxica das nosas rías, non ten a ver con que as xentes do mar non estean preparadas, ou formadas, non ten a ver con insuficiencia tecnolóxica.

O problema do mar en Galiza é un problema político. O problema é a falta de soberanía, de capacidade de decisión. O problema é que deciden outros por nós e contra nós.

Galiza continúa padecendo a falta dun goberno con capacidade para defender a nosa pesca. Moi ao contrario, o goberno galego veu consentindo e colaborando con medidas impostas pola UE e o Goberno español que abocan este sector ao despezamento e a expulsión da actividade.

A política pesqueira está condicionada pola presión do capital, dos lobbies económicos e pola aposta nun modelo de reparto dos dereitos de pesca individual que pretende convertelos en valores financeiros.

Cada vez Galiza ten menos ferramentas políticas para defender e regular esta actividade, polo que padece normativas fóra de toda realidade: a prohibición do xeito, o reparto de cotas na volanta, no cerco, os descartes, os botiquíns tipo “C”, etc..., que condenan a nosa frota a unha actividade irregular e ilegal.

O grave problema de fondo é que non é a Galiza a que decide sobre a pesca. Moi ao contrario, son outros —Madrid e Bruxelas— os que deciden por nós cando, canto, como e onde podemos pescar. E iso está a nos prexudicar de maneira evidente.

Existe unha discriminación da nosa frota con respecto das diferentes comunidades e estados da UE e iso fai que nos diferentes segmentos se produza unha perda alarmante de emprego e de unidades por despezamento. O Estado pretende compensalo cun deseño alternativo e centralista que contribúe para diminuír a capacidade de Galiza como potencia pesqueira e que evidencia a necesidade de recuperarmos a plena capacidade de decisión.

Se quixermos ter futuro, son precisas accións para contrarrestar as medidas aplicadas por Bruxelas e Madrid, como o mantemento do obsoleto Principio de Estabilidade Relativa, a privatización dos dereitos de pesca, a aplicación das CPI (cotas pesca individuais), as CPT (cotas de pesca transferíbeis), a acuicultura intensiva de peixes, a fraude nos produtos etiquetados na Galiza, o reparto en

función de supostos dereitos históricos, etc. Medidas para mudar o actual modelo de aproveitamento dos recursos naturais, cun reparto que blinde a actividade, que contribúa para a riqueza das comunidades costeiras, que xere emprego e garanta o futuro das xeracións vindeiras, en contraposición a quen pretende privatizar o dereito a poder pescar, concentrando nunhas poucas mans a riqueza de todas as galegas e galegos. Conscientes de que o problema de fondo non desaparecerá até que a Galiza decida de forma libre e soberana sobre o seu mar, son moitas as accións que podemos desenvolver para comezar a mudar a actual situación.

Para iso, impulsaremos no inmediato as seguintes medidas:

- Exercer as competencias propias de Galiza en augas interiores. No marisqueo, rematando o saneamento integral das rías e apostando no incremento da produción e a recuperación dos bancos marisqueiros, aumentando o número de permexs e as rendas das mariscadoras. Mellora da comercialización que poña en valor as marcas propias. Produción de semente autóctona, control das importacións e inmersións. Apoio ás investigacións e loita contra enfermidades como a Marteiliosis, Perkinson, etc. Medidas contra a mortalidade, as riadas, o mal tempo e os fechamentos administrativos por biotoxinas. Recuperación para o marisqueo das rías altas da Mariña.
- Preservar o ámbito de decisión das augas interiores no Goberno galego. A Xunta da Galiza, en colaboración co sector e a comunidade científica, desenvolverá ferramentas como as reservas mariñas, plans de xestións, etc que permita unha maior participación e responsabilidade do sector na toma de decisións, un maior control e regulación da pesca para conseguir o obxectivo de, con menos capturas, lograr igual ou maior rendemento económico.
- Apostar pola DOP Mexillón de Galiza. Control dos produtos transformados para impedir a fraude ao consumidor e desenvolver un plan da conserva que defenda un modelo baseado na diferenciación e non no baixo prezo.
- Demandar as competencias sobre navegación marítima, inspección de buques, salvamento e loita contra a contaminación e acabar co saqueo a profesionais do mar con taxas e impostos abusivos: faros, Marpol, material de salvamento, inspeccións, certificados, tarxetas, aros salvavidas, bengalas, botiquíns, etc...
- Solicitar a transferencia á Galiza das competencias sobre os portos de interese xeral do Estado: Vigo,

Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol—
San Cibrao e adscribilos a Portos de Galiza.

- Exixiremos a modificación do principio de estabilidade relativa, que se substitúa o actual sistema de capturas de TAC's e cotas por outro que garanta a actividade económica e o mantemento dos postos de traballo e que blinde os dereitos de pesca artesanal evitando a concentración oligopólica.
- Recuperar o modelo de reparto xusto, en función de criterios socioeconómicos e sustentábeis. Reclamamos unha cota galega de acordo co número de embarcacións e empregos. Unha cota xusta que permitan o mantemento da actividade para segmentos como o cerco, a volanta, o arrastre, etc.
- Excluir de TACs e cotas as actividades da pesca artesanal desenvolvida en augas interiores: xeito, racú, trasmallos, cordel, etc.
- Política exterior galega no que atinxe á pesca. Impedir que nos tratados pesqueiros entre a UE e terceiros países, Galiza sexa moeda de cambio: acordo con Mauritania, Marrocos,...
- Exixir a aplicación dos mesmos estándares de calidade, de seguranza alimentaria e de orixe da pesca, así como de cumprir escrupulosamente coas mesmas medidas de protección social e de seguridade no traballo que cumpre a nosa industria.
- O traspaso á Galiza dos servizos, funcións, medios, recursos e persoal correspondentes aos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo, a Coruña, así como as correspondentes ao Instituto de Investigacións Mariñas en Vigo.
- Transferencia á Galiza das competencias en materia de control, inspección e vixilancia pesqueira actualmente atribuídas á Garda Civil do Mar, ou mesmo á Armada española. Será por tanto o Goberno galego a única administración competente para a xestión, administración e aplicación destas funcións.
- Transferencia e xestión directa dos fondos FEMP, para garantir a actividade e o emprego e non para despezamentos e expulsión da actividade.
- Elaboración dunha nova lei de portos de Galiza, que substitúa a Lei 6/2017, do 12 de decembro, para reverta o carácter privatizador e de procura do lucro na vez de cooperación e beneficio público da actual, en tanto non se aprobe modificarse esta nos seguintes aspectos:

- As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que estas entidades fiquen exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.
- Creación dun Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.
- Iniciar o procedemento para transferir a titularidade aos concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.
- Modificar o réxime sancionador para eliminar ou reducir as abusivas sancións que inclúe.

4.6. Comercio

As consecuencias dos anos de máis impacto da crise económica, da perda de capacidade adquisitiva das maiorías sociais, o avance do comercio electrónico, o despoboamento, a proliferación de grandes superficies comerciais así como a dificultade no acceso ao crédito son grandes dificultades para o desenvolvemento do comercio de proximidade, cada vez máis esmorecido. A crise provocada pola COVID19 acelerou esta situación.

É preciso, por tanto, impulsar medidas ao respecto pola enorme importancia que posúe o comercio de proximidade e pola súa potencialidade para dinamizar a economía, poñer en valor a produción propia e desenvolver un importante papel de cohesión, dinamización e vertebración social nas vilas e cidades galegas.

Por tanto, no BNG defendemos un modelo para primar e reactivar o pequeno comercio, modernizándoo e priorizándoo fronte ás grandes superficies comerciais, fomentando tamén o consumo de proximidade. Neste sentido, seguiranse as seguintes liñas de actuación:

- Tomaranse as medidas necesarias para **declarar Galiza zona saturada de grandes superficies comerciais** e establecer unha

moratoria que impida novas aperturas na próxima década.

– Fracasada a lei 1/2013, do 13 de febreiro, de horarios comerciais de Galiza impulsárase unha revisión normativa integral para unha **nova Lei de protección do comercio galego e de proximidade** que incorpore plans de impulso do pequeno e mediano comercio, o comercio local e de proximidade no noso país. Neste sentido, negociárase co goberno central o fin da invasión de competencias en materia de comercio de cara a incrementar a seguridade normativa na materia e poder exercer de forma soberana as competencias ao respecto. Particularmente, interporase un recurso de inconstitucionalidade contra os reais decretos—lei 19/2012 e 20/2012 por invasión de competencias en materia de comercio interior por parte do goberno central.

– Desenvolvemento de campañas multiformato de concienciación sobre a calidade e o **valor social do comercio en orixe** para contrarrestar o impacto da oferta permanente de baixada de prezos das grandes firmas.

– Estratexia de oposición ao TTIP, o CETA e para o freo dos impactos previsíbeis no comercio galego destes tratados e da guerra comercial americano—chinesa.

– Impulso dunha **plataforma galega de venda por internet** con participación pública e do sector privado para o comercio e produtores/as locais poderen comercializar produtos de todos os ámbitos e sectores

– Elaboración dun **Plan sectorial de equipamentos comerciais** co obxecto de lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos, que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial equilibrada e suficiente.

– Fomento das **asociacións ou agrupacións de comerciantes** como estratexia que permite obter vantaxes, como incrementar a oferta, reducir gastos, acceder a campañas de promoción conxunta, etc.

– Impulso ao **comercio de proximidade**, incentivando a compra de produtos locais e galegos, así como a distribución e relación comercial directa entre persoas produtoras e distribuidoras.

– Fomento dos **centros comerciais abertos** como fórmula de oferta competitiva do comercio tradicional fronte a outros formatos.

- Recuperación e fomento dos **mercados municipais e zonas comerciais** así como a rehabilitación e/ou mellora das súas contornas, que inclúa a peonalización de espazos a través dun Plan específico de apoio e fomento dos mercados de abastos e da cultura praxeira así como das zonas de mercado e rianxo.
- Aplicación de plans coordinados de promoción do turismo e do comercio local, co obxectivo de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais.
- Programas de axudas para a implantación ou a mellora de establecementos específicos que comercialicen produtos autóctonos e de produción ecolóxica.
- Establecemento dun fondo de avais mediante a fórmula máis acaída en que participen Goberno galego e concellos.
- Apoio ao artesanado galego, fomentando a súa formación e profesionalización así como impulsar desde a administración galega o recoñecemento legal das súas especificidades laborais, colaborando co sector.

4.7. Turismo

O turismo nos últimos anos converteuse nunha das actividades económicas de máis peso no PIB galego e que máis emprego xera. A demanda de novos horizontes turísticos e dunha maior diversificación das actividades por parte de cada vez máis amplos sectores da sociedade a nivel mundial, fixeron da nosa nación tamén un espazo turístico recoñecíbel e demandado, baténdose récords de visitantes e de pernoctas, ademais de írense mellorando as cifras de gasto medio por turista.

Este auxe do turismo relaciónase co aumento da capacidade económica da cidadanía e tamén co cambio dos valores de consumo de boa parte da sociedade, que prioriza viaxar a outro tipo de actividades. A crise económica do 2009 ocasionou unha importante caída do turismo, como do resto das actividades económicas, mais a paulatina recuperación económica demostrou a capacidade do turismo de se reactivar a unha velocidade 7 veces superior que a de calquera outra actividade económica. A finais de 2019 o sector turístico galego viña de pechar un ano moi positivo no económico, co que xa daba por superada a recuperación, e preparábase para afrontar un trienio con grandes expectativas de negocio baseadas fundamentalmente no Xacobeo. Os anos 2020, 2021 e 2022, estaban chamados a ser o mellor trienio turístico da

historia do sector en Galiza.

Comezaba o 2020 a nivel turístico cun debate a nivel mundial, o do modelo turístico en relación ao cambio climático. Unha maior sensibilidade da sociedade co problemática dos combustíbeis fósiles, en relación cos medios de transporte máis contaminantes, avión e os grandes navíos de pasaxe, facían prever unha caída do turismo transoceánico ou de cruceiros, e a recuperación do tren e do turismo continental. O que parecía un debate a medio prazo converteuse no debate do momento coa chegada da COVID19, e que nos obriga a reconsiderar, repensar e sobre todo reflexionar sobre como imos a planificar o turismo para seguir sendo competitivos/as neste escenario.

O peso específico do turismo na economía galega sitúase entre o 11% e o 14% do PIB, e xera 130.000 empregos, o que fai que a actividade deba ocupar un lugar destacado na estratexia de goberno do Bloque Nacionalista Galego para a nosa nación. Por tanto, dándolle esta importancia, debemos reconsiderar o papel na estrutura administrativa que ten o turismo na actualidade na Consellaría de Cultura. O BNG entende que o turismo é unha actividade transversal, mais que pola crecente importancia do sector no peso económico da nación debe estar especialmente vinculada á ordenamento territorial.

A redefinición do modelo e da estratexia turística de Galiza deben ser o obxectivo fundamental na vindeira lexislatura, e ten que axudar a reequilibrar demográfica, territorial e produtivamente Galiza. Este modelo, ademais, debe servir de ferramenta para profesionalizar o sector e facelo máis competitivo ao tempo que se incrementa a calidade no destino e que avance na erradicación de prácticas perversas de intrusismo, que debilitan a actividade de colectivos directamente implicados na xestión de fluxos.

O novo modelo turístico debe partir dun estudio de datos de comportamento do mercado e das persoas que elixen Galiza cada ano. A análise científica deses datos deberán ir dirixindo as políticas de xestión de fluxos, de regulación das actividades e da implementación de servizos e infraestruturas turísticas no territorio. Estudarse e clasificarase tipoloxicamente a actividade de cara a planificar os espazos e as actividades, tendo sempre o obxectivo da sustentabilidade como principio reitor do turismo en Galiza, e buscando sempre a xeración de valor con base en criterios de calidade fronte aos de cantidade, para evitar problemas de carga sobre os espazos tanto naturais como urbanos.

O turismo, como actividade transversal, deberá tamén ter un papel relevante nas estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e mesmo económica, en que o turismo vai convivir

con outro tipo de actividades, achegando puntos de vista especializados na definición dos documentos reitores que se analicen en cada caso.

Será tamén un obxectivo fundamental dese novo modelo a valorización das nosas singularidades como nación, e dos nosos valores como pobo, buscando que a actividade sirva para mellorar a situación do noso patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e mesmo lingüístico.

Para isto, involucrarase aos axentes sociais, ás entidades locais e aos entes de xestión do turismo nos diferentes territorios turísticos de Galiza, na redefinición do novo modelo turístico na procura dunha nova Estratexia Galega de Turismo 2020–2030 que aposte por un turismo de calidade e profesionalizado.

Para a redefinición do modelo turístico galego impulsaranse as seguintes medidas:

—Adaptación do marco legislativo á realidade turística de Galiza, partindo da condición nacional de Galiza e do consenso co sector.

- Impulso dunha nova Lei do Turismo de Galiza que sirva como marco para a redefinición do novo modelo.
- Reforzo da estrutura administrativa e do papel do Turismo no organigrama do Goberno da Xunta de Galiza, evitando duplicidades administrativas entre consellarías.
- Redefinición do Xacobeo e redefinición dos seus obxectivos turísticos e culturais.
- Impulso e apoio aos eventos turísticos sectoriais de carácter profesional.
- Posta en marcha dun Observatorio Turístico de Galiza, en colaboración co Clúster de Turismo, as Universidades e as Escolas de Turismo. Todas as oficinas de turismo públicas de Galiza, e aquelas que contan con subvencións públicas, deberán colaborar na recompilación dos datos segundo os criterios científicos que implemente o Observatorio.
- Creación dun órgano de inspección turística que loite contra o intrusismo e que persiga actividades turísticas non profesionais ou non axeitadas aos criterios de sustentabilidade.
- Estudo e definición dos perfís profesionais axeitados para as diferentes actividades de xestión turística que se presten en Galiza.

- Rexistro de servizos, empresas e profesionais turísticos permanentemente actualizado.
- Constitución de consellos consultivos sectoriais por actividade turística, como órganos de reflexión e colaboración na definición de modelos e planificación.
- Loita contra o intrusismo no sector, obrigando a que as administracións e empresas que accedan as axudas e subvencións en materia turística, conten cos perfís profesionais axeitados á xestión turística.
- Solucións transversais ás dificultades de mobilidade de persoas en transporte colectivo. Un serio problema. Contamos con tres aeroportos, tren de alta velocidade, portos de grandes cruceiros, autoestradas... chegar a Galiza é fácil, moverse por Galiza é unha experiencia traumática.
- Incentivar o emprendemento en materia de receptivo turístico, apoiando novos modelos de negocio que axuden a xestionar fluxos e a configurar paquetes que fagan do rural galego un territorio competitivo con presenza no mercado emisor.
- Apoiar decididamente unha estratexia de turismo urbano, un potencial que aínda está por se desenvolverse e que no marco turístico actual conta con grandes potencialidades. Acompasalo coa normativa necesaria e coa planificación dos fluxos axeitada para evitar sobre-explotación ou exceso de carga sobre os espazos. Deberían constituírse mesas sectoriais de turismo urbano nas cidades galegas que comezasen a estudar as cargas e os fluxos de cara a lanzar propostas e facer promoción. Deberán harmonizarse as figuras de planeamento urbanístico e turístico dos centros históricos procurando evitar a conversión dos cascos antigos en paquetes temáticos turistificados que espanten a poboación residente, ao tempo que haberá que dotar os espazos urbanos periféricos do deseño urbano e infraestruturas necesarias para que o turismo tamén os perciba como atractivos, e sirvan para xestionar fluxos ao tempo que se mellora a calidade de vida da poboación residente.
- Redefinir o Turismo Rural galego, un sector grande que nestes momentos se atopa estancado ou en lixeiro retroceso e que ten que ser un dos motores do turismo nos pequenos concellos.
- Reforzo da formación en calidade turística tanto no ámbito universitario como nos ciclos formativos, e mesmo na formación non regrada.

- Diversificaranse as propostas turísticas de Galiza máis aló do sol e praia, espazos naturais, balnearios, buscando o equilibrio territorial, a minoración de densidades residenciais, a preservación de espazos, e a creación de emprego de calidade, ademais de incentivar o arraigo das empresas no rural galego.
- Formularanse propostas de desestacionalización turística dirixidas a ampliar as tempadas máis fortes a través de alternativas de turismo social, turismo interior e convenios con outras administracións ou mesmo Portugal.

– Tendo en conta a importancia do Camiño de Santiago no sector turístico galego, elaborárase un Plan de Xestión que evite a súa conxestión, re-equilibre o peso dos diferentes camiños e inclúa plans específicos para as zonas saturadas ou con risco de saturación, así como unha folla de ruta para reforzar os investimentos en protección patrimonial, seguranza viaria, sinalización, aspectos ambientais e paisaxísticos, benestar animal, promoción da lingua, etc. Buscarase un marco de competencial axeitado para que, no obxectivo de seguranza total no trazado, non existan, no territorio galego, diferentes ámbitos competenciais que entorpezan a toma de decisións e a execución das actuacións necesarias para cumprir os obxectivos fixados, reclamando a titularidade das vías coas que coexisten os itinerarios xacobeos e a total competencia sobre elas.

– Impulso da promoción turística no exterior, presentando a nova realidade nacional no país coma un valor engadido, resaltando os elementos diferenciais e identitarios.

– Promoción do turismo interno, a través de diversos formatos, programas e temporadas, que abrangan todas as idades e sectores sociais. Poñeranse en marcha fórmulas de turismo social (escolar, terceira idade...) que compensen a caída do turismo fóra de tempada e amplíen a empregabilidade no sector fóra da estacionalidade habitual.

– Aposta pola mellora na calidade da formación e pola formación continua para o sector, o reforzo da inspección e unha nova ordenación dos establecementos e vivendas turísticas que supere as deficiencias actuais. Así mesmo, a Xunta de Galiza colaborará coas entidades locais na profesionalización do sector co obxectivo de eliminar a temporalidade nas contratacións públicas de persoal técnico de turismo, converténdooas en contratacións de postos de carácter estrutural.

5

Traballo digno e na Terra

Hoxe atopamos un mercado laboral en Galiza moi condicionado pola crise económico financeira iniciada no 2008 e polas políticas de precarización do mercado laboral e de recorte de dereitos, promovidas polos diferentes gobernos do PSOE e do PP (reformas laborais, de negociación colectiva ou das pensións), coa complicidade da Xunta de Galiza. Sirvan como exemplo desta situación os seguintes datos:

- Forte incremento das desigualdades sociais. O peso das rendas do traballo caeron até representaren hoxe o 42,4% do Produto Interior Bruto (PIB), mentres se incrementou a participación das rendas do capital até o 46,8%.
- O sector de asalariados que medra en Galiza e aquel que gana menos de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional (SMI). Máis do 30% dos asalariados e asalariadas galegas gañan menos do SMI.
- A perda de poboación activa (PA) continúa a ser unha constante nos últimos anos en Galiza, especialmente entre os menores de 40 anos, cunha perda de 212.000 activos, neste sector de idade, respecto de 2009. O mesmo acontece coa poboación ocupada (PO) que pasou de 1.155,40 en 2009 a 1.095,20 en 2019. O número de desempregados e desempregadas (PD) sitúase a 31.12.19 en 145.800 persoas.
- Polo que respecta á contratación, segue a primar unha alta rotación nos contratos (o 47% teñen unha duración inferior a un mes). A contratación a tempo parcial, a grande maior parte dela non desexada, alcanza xa porcentaxes do 14,2%. A porcentaxe de traballadores e traballadoras con contratos temporais representa o 26,5% do total.
- A emigración continúa a ser unha lacra que afecta miles de mozos e mozas, moitos deles man de obra

cualificada que deixa de producir no noso país, ademais de supor unha perda importante de coñecemento.

- O avellentamento e perda de poboación é continuada nos últimos anos.

A crise económica que se inicia vaise agravar pois esta situación, tendo en conta ademais que o capital, e os gobernos que defenden os seus intereses, van promover, no fundamental, políticas económicas e laborais similares, ou aínda máis agresivas desde o punto de vista dos intereses das clases traballadoras, ás que levaron adiante en crises anteriores.

Diante deste escenario, hai que asumir como unha prioridade as políticas que promovan a creación de postos de traballo na nosa terra, así como todas aquelas tendentes a dignificar o emprego. Trátase de establecer condicións laborais e salariais que permitan ao proletariado galego desenvolver a súa vida de forma digna. Isto pasa, necesariamente, por fomentar un modelo de relacións laborais que vai xusto no camiño contrario ao modelo de precarización xeneralizada do mercado laboral que está a impor hoxe o capital en todo o mundo.

Alén diso, as desigualdades por razón de xénero lonxe de se reduciren, a pesar de se faceren máis visíbeis grazas á loita do movemento feminista, perviven e mesmo aumentan. Así se reflicte, por exemplo, na fenda salarial. Segundo os datos proporcionados a comezos de 2020 por Gestha (Sindicato de técnicos do Ministerio de Hacienda) a diferenza salarial entre mulleres e homes en Galiza no ano 2005 era de 4.517 euros, en 2018 (últimos datos) eran 4.572.

Uns datos referidos ao traballo remunerado que non cuantifica as duplas e mesmo triplas xornadas que soportan as mulleres como consecuencia da feminización dos coidados e que fai que máis do 75% de excedencias por coidado de dependentes son asumidas por mulleres, unha cifra que pasa do 90 cando falamos de cianzas.

Por iso, o BNG asume como unha prioridade as políticas que promovan a creación de postos de traballo mais tamén todas aquelas tendentes a dignificar o emprego establecendo condicións laborais e salariais dignas, que permitan ás persoas desenvolver a súa vida con normalidade.

Un país bo para traballar é aquel país que é capaz de xerar postos de traballo para toda a súa poboación en condicións de facelo, e que garante que eses traballos son dignos, estábeis, con dereitos e xustamente remunerados. Neste sentido, a nosa aposta

estratéxica para defender na Galiza é a seguinte:

– Defender a **derrogación das reformas laborais**, traballar pola recuperación dos dereitos eliminados avanzando en novas conquistas que garantan un país de traballo digno e de calidade.

–Traballar desde Galiza pola creación dun **marco galego de relacións laborais**. Isto implica ter como obxectivos convenios de ámbito galego mais tamén que, en todo caso, os convenios de nivel superior ao de empresa teñan prevalencia sobre os de rango inferior e tamén os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

–**Plan Retorna**. Elaboración con participación social e sectorial dun plan que inclúa medidas específicas e transversais aos sectores a reactivar para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.

–Potenciar a negociación colectiva no marco galego promovendo acordos a través do diálogo social.

–Promover a redución da **xornada laboral até as 35 horas** semanais como medida de repartición do traballo, sen redución de salario. Promover un mellor reparto do tempo de traballo con horarios laborais encamiñados a facilitar a corresponsabilidade e o aproveitamento do tempo de lecer, así como incentivar a redución do horario semanal e limitar a realización de horas extraordinarias.

–**Plan Galego contra a Sinistralidade Laboral** que fomente a formación en prevención de riscos laborais e o control nos sectores que tenden a un elevado número de accidentes no traballo, a redución de horas da xornada laboral nas tarefas de máis risco, estableza mecanismos de promoción profesional para as persoas traballadoras que desenvolvan as actividades en ambientes perigosos para a saúde e o deseño de actuacións específicas para paliar a alta sinistralidade no mar e no agro.

–Aposta polo respecto do **principio de causalidade** para toda a contratación temporal, derogando toda normativa que non o respecte, así como penalizar a contratación temporal.

–Demanda da **competencia de inspección laboral** e elaboración dun plan de intensificación dos controis da Inspección de traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia co fin de promover o emprego estábel e con dereitos.

—Aprobación e desenvolvemento dun **Plan Plurianual de Emprego Xuvenil**, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía, coa finalidade de asegurar o relevo xeracional nestes sectores e, ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente.

—Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou finalizar a formación regrada.

—Demanda da transferencia de todas as políticas de **formación continua** e de fomento do emprego para Galiza. Potenciaranse os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país.

—Aplicación e ampliación do marco laboral vixente canto a políticas de igualdade, conciliación e fomento da corresponsabilidade no eido laboral.

—Rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres. Incluír nos pregos de contratación garantías laborais e límites ás subcontratacións e ás empresas de traballo temporal.

—A Xunta de Galiza non colaborará nin contratará por vía das ETT nin empresas que o fagan.

—Estabelecemento da remuneración de prácticas e contratos de formación, cando menos, no SMI, defendendo o seu aumento.

—Oposición ás deslocalizacións das empresas radicadas en Galiza, adoptando políticas impeditivas e disuasorias, excluindo a percepción de axudas e contratacións públicas ás empresas que leven a cabo o desprazamento total ou parcial do traballo ao exterior na procura do abaratamento baseado na redución das condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

—Revisión das políticas de fomento de emprego deseñando unha estratexia global que teña como obxectivo a creación de emprego estábel e con condicións laborais dignas. Para iso, revisaranse as subvencións ás contratacións para eliminar as xenéricas e priorizar a aqueles colectivos de difícil inserción.

—Promoverase a creación de micro créditos para financiar proxectos de emprego xuvenil.

—Medidas de apoio para apoiar a constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais e promoverá a formación en materia de economía social, así como a participación do sector nos órganos de representación institucional correspondentes.

—Promover un Estudo galego de riscos e enfermidades laborais para avaliar rigorosamente os riscos específicos das profesións que pola estrutura socioeconómica do país poidan ter un impacto concreto no territorio (por exemplo, canteiras e louseiras) e deseñar medidas específicas desde a Xunta de Galiza en colaboración co Sergas.

—Plan de garantía das pensións, derogando as últimas reformas do sistema público de pensións pois, para alén de implicar demorar o aproveitamento e unha caída nas contías supoñen unha medida negativa na creación de emprego ao atrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso de outras persoas ao mundo laboral.

—Creación dunha comisión de estudo integrada por expertos, axentes sociais e forzas políticas para determinar as medidas a adoptar para garantir a viabilidade do sistema público de pensións, especialmente na hipótese de a Galiza -no marco dun novo status político- asumir a xestión integral da Seguridade Social. En calquera caso, o obxectivo é mellorar contía das pensións e acurtar a distancia entre a pensión media na Galiza e a media estatal.

5.1. Traballo autónomo

Galiza, con 135.256 traballadoras e traballadores por conta propia. É o territorio do conxunto do Estado español con maior porcentaxe, en relación ao número de traballadores/as totais afiliados/as á Seguridade Social. É dicir, son máis da quinta parte dos traballadores e traballadoras galegas. Porcentualmente, Galiza ten un 74,7% máis de autónomos que Madrid un 35,1% máis que Cataluña e un 27,3% máis que a media do estado.

O BNG, no marco de contribuír a unha mellora das condicións laborais das autónomas e autónomos, reclamará a ampliación e modificación das coberturas actuais, en materia de cotas á Seguridade Social, no dereito universal a gozar dun período feriado no exercicio, e a cambios máis obxectivábeis en materia fiscal que a continuación citamos:

- As subvencións percibidas no primeiro ano de actividade económica, quer dirixidas a investimentos, quer a gastos correntes, estarán exentas como ingreso na declaración da renda anual.

- A fiscalidade no IRPF para as persoas obrigadas tributarias, suxeitas ao réxime da Estimación Directa Simplificada, debe ter un carácter progresivo sobre os rendementos netos ou beneficios, xerados en cada trimestre. Estabelecerase unha táboa por Rendementos netos ou beneficios até os 12.000,00 euros, de 12.001,00 euros a 15.000,00 euros, de 15.001,00 a 18.000,00 euros e de 18.001,00 a 24.000,00 euros, aos que se lle aplicarían cotas do 5%, 10%, 15% ou o 20%. Eliminarase, por tanto, o actual do 20% que se lles aplica a todas as persoas afectadas por este sistema.
- Igualmente como país produtor excedentario de enerxía eléctrica, imos seguir traballando por unha tarifa eléctrica galega, que faga posíbel unha rebaixa do IVE no subministro da luz, cunha aplicación do 4% para todas as empresas.

5.2. Emprego público

En materia de emprego público, propomos:

- Recuperación dos niveis de emprego público e impulso da negociación colectiva.
- Aprobación, previa negociación coas organizacións sindicais, do I Plan de igualdade da Xunta de Galiza que inclúa, entre outras cuestións, dereitos de conciliación, fomento da corresponsabilidade e implementación doutros dereitos como o teletraballo.
- Frear a amortización, a privatización e o peche de servizos así como a contratación de empresas privadas para desenvolveren traballos propios do persoal público.
- Cobertura e substitución áxil das baixas e vacantes.
- Pular pola promoción interna horizontal, vertical e cruzada que sexa efectiva e real.
- Plan para a recuperación do poder adquisitivo perdido e os importes recortados na última década.
- Traslado dos dereitos do V Convenio a acordos reguladores das condicións de traballo, especialmente das antigas categorías de persoal que se funcionaricen. Transparencia na funcionarización determinando con carácter previo todas as condicións nas que ficará o persoal funcionarizado.

- Promover a redución da xornada laboral até as 35 horas semanais.
- Concursos abertos e permanentes para a provisión de postos, reducindo ao mínimo as comisións de servizo que se regularán con criterios obxectivos suprimindo os concursos específicos.
- Descentralizar os comités de prevención de riscos laborais achegándoos aos centros de traballo.

6

Sanidade

A crise da COVID19 demostrou que foi a sanidade pública a grande defensa fronte á pandemia mais tamén deixou en evidencia as nefastas e dramáticas consecuencias dos recortes e as privatizacións aplicadas polo Partido Popular durante a última década.

Desde 2009, coa escusa da crise, o PP con Feijóo á cabeza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a sanidade pública de Galiza.

Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, recorte de centos de profesionais, de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listaxes de espera disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de espera de máis dunha semana para medicina de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Os hospitais comarcais foron desmantelados progresivamente, eliminando servizos e especialidades, até ir converténdose en ambulatorios que non poden dar resposta ás necesidades da poboación. O peche da sala de partos e das urxencias de pediatría do Hospital de Verín é un claro exemplo.

A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada con fondos financeiros— empresas de fóra da Galiza, unha considerábel parte dos servizos estratéxicos do SERGAS: electro-medicina, a plataforma loxística, cociñas e lavandarías, mantemento, a xestión de RX, alta tecnoloxía, laboratorios... Tamén a construción de infraestruturas: o hospital de Vigo, as ampliacións dos complexos hospitalarios de Ourense e do Salnés, centros de saúde...

Estiveron realizando o desmantelamento e a descapitalización constante da sanidade pública galega e entregándollela a multinacionais e fondos de investimento. Nunca un goberno desfixo tanto en tan pouco tempo, fixo tanto dano á sanidade pública e ás usuarias e usuarios.

É necesario reverter as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da sanidade pública galega. Para o BNG é prioritario restabelecer un modelo de sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta. Unha sanidade financiada a través dun sistema impositivo xusto, que pague máis quen máis diñeiro tiver e non quen máis sanidade necesitar. Unha sanidade planificada en función das necesidades da cidadanía e non das empresas contratistas da saúde privada, que conte cun financiamento suficiente, e coa participación tanto da cidadanía coma das e dos profesionais.

Neste sentido, o BNG defende as seguintes medidas:

- Incremento dos orzamentos da sanidade pública galega para que poida dar resposta ás necesidades reais do sistema sanitario público da Galiza.
- Reforzar o Servizo Galego de Saúde como instrumento de superación de desigualdade e motor económico galego, ligado ao coñecemento e á tecnoloxía, creador de emprego de calidade e promotor de industria produtiva radicada no país.
- Utilización intensiva de todos os recursos da rede sanitaria pública para mellorar o seu funcionamento e asegurar unha atención sanitaria de calidade. Apertura dos servizos hospitalarios polas tardes (quirófanos, consultas, servizos de radioloxía, etc.). Acabar coas política de derivacións intensiva de pacientes a centros concertados.
- Realización dunha auditoría de todas as privatizacións realizadas.
- Reverter todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo Goberno galego (mantemento dos equipos

sanitarios, equipamento tecnolóxico, laboratorio central...)
-Recuperación para a xestión integramente pública das infraestruturas construídas polo chamado sistema “público-privado”. Optar expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde da Galiza.

– Transferencia a Galiza das competencias sanitarias relativas aos centros penitenciarios.

6.1. Atención Primaria

Como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego. É preciso cambiar o actual modelo fracasado de Atención Primaria por un en que as e os doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Proceder á dotación de recursos económicos, técnicos e humanos que foren precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial:

– Plan de Mellora de Atención Primaria. 200 millóns de euros para reforzar a porta de entrada da sanidade pública.

– Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

– Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.

– Aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria.

– Incorporación a Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: persoal de psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas...

– Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.

– Aumentar o investimento até chegar ao 25% do orzamento.

– Crear prazas novas nos Centros de Saúde en cantidade suficiente para que permita aumentar o tempo da atención e a calidade asistencial.

– Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs

- Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
- Incrementar a capacidade diagnóstica e de acceso á tecnoloxía de Atención Primaria.
- Asunción inmediata do mantemento dos centros de saúde por parte da Xunta.

6.2. Hospitais Comarcais

- Recuperación das Áreas Sanitarias eliminadas, Salnés, A Mariña, Monforte e Valdeorras e creación da de Verín e Costa da Morte, dotándoas de autonomía, con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria
- Posta en valor dos Hospitais Comarcais, dotalos do persoal, material, tecnoloxía e especialidades necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.
- Constitución dos Consellos de Saúde de Área como órganos de participación da cidadanía na toma de decisións.

6.3. Plano de actuación para eliminar as listas de espera

- Redución das listas de espera a través da mellora e optimización dos recursos estruturais e tecnolóxicos para adaptalos ás necesidades reais.
- Manter as unidades de hospitalización abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.
- Abrir as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.
- Dimensionar os cadros de persoal co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.
- Incremento do número de profesionais para introducir melloras organizativas que permitan desenvolver actividade ordinaria nos hospitais en quendas de mañás e tardes.
- Ter operativos todos os recursos de que dispón o Sergas (camas, quirófanos...) e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existiren recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de seren usados nos centros públicos.

- Xestionar as listaxes de espera de tal modo que o prioritario sexa a transparencia. Isto implica as seguintes cuestións:

- a) Información completa da espera sanitaria, das listaxes estruturais e non-estruturais, establecendo un sistema homologado de información para a espera por prioridades que permita o seguimento e control.

- b) Xestión eficaz da agarda en función de criterios clínicos, utilizando parámetros publicados e controlábeis, considerando conxuntamente prioridades e tempos máximos, onde a autoconcertación sexa a norma.

– Nova Lei de Garantías de Prestación Sanitaria, derogando a actual, que só ten como obxectivo legalizar a derivación masiva de doentes á sanidade privada.

6.4. Plan de Ordenación de recursos humanos

Un Plan que harmonice as necesidades das e dos profesionais co sistema sanitario.

- a) Elaboración e publicación do Cadro de Persoal do Sergas, coa identificación das prazas existentes, así como aqueles postos de traballo cubertos con contratos sen estabilidade.

- b) Recuperar todos postos de traballo eliminados desde o ano 2010 pola aplicación das taxas de reposición.

- c) Recoñecemento aos/ás profesionais con contratos eventuais dos dereitos que lle corresponden igual que ao persoal fixo: licenzas, vacacións, formación...

- d) Inclusión nas convocatorias de OPEs dun temario pechado, con unificación de criterios para eliminar a posibilidade de diferentes interpretacións.

- e) Eliminación da precariedade e dos abusos na contratación.

- f) Devolución dos dereitos eliminados ao persoal: acordos paralizados (acordo retributivo 2008-2012, carreira profesional, complemento salarial en IT...), permisos e licenzas.

- g) Estabilidade do Persoal Investigador como persoal estatutario.

- h) Esixencia ao Estado de eliminación da taxa de reposición.

i) Posta en marcha dun plan de retorno e captación dxs profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada, baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes, a estabilidade laboral e a eliminación da precariedade na contratación

6.5. Rescate para a sanidade pública a Área Sanitaria de Vigo

As decisións tomadas polo PP desde a Xunta tiveron por obxectivo condicionar a área Sanitaria de Vigo reducindo as camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e tendo infrautilizadas outras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto multimillonario con Povisa.

É preciso a posta en marcha dun Plan estratéxico para o conxunto da Área Sanitaria de Vigo, co obxectivo de dotar a área das infraestruturas sanitarias precisas que permitan atender toda a cidadanía, en todas as especialidades e con todos os servizos, nun hospital público e de calidade:

- Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro para a Sanidade Pública, e convertelo no hospital público que sempre debeu ser; punteiro en investigación e coñecemento, avanzado tecnoloxicamente e con capacidade para atender, tanto no presente coma no futuro, ao conxunto da veciñanza da área sanitaria.
- Utilización de 100% do hospital Meixoeiro, co aumento da complexidade das intervencións cirúrxicas e con dotación de unidade de críticos 24 horas.
- Reverter a actual situación onde unha multinacional con sede en Misuri xestiona a saúde pública de 135.000 galegos e galegas da Área Sanitaria de Vigo e, por tanto:
 - Iniciar as actuacións para incorporalo á rede pública e realizar de xeito directo a xestión deste centro hospitalario, garantindo o dereito a recibir unha atención sanitaria 100% pública, universal, gratuíta e de calidade.
 - Iniciar o proceso de declaración do Hospital Povisa de interese público para poder realizar a súa adquisición de ser preciso garantir de maneira efectiva a atención sanitaria e os postos de traballo.
 - En tanto non se integre POVISA na rede pública do Sergas, actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a este hospital así como a velar polo

mantemento dos postos de traballo, e o respecto polos dereitos laborais do persoal. Para este fin crearase unha comisión de control e seguimento do concerto que conte con presenza de representantes das/os traballadoras/es.

– Realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado en que conste a orixe dos recursos, públicos ou privados, que destina a atender: persoal, camas, innovación tecnolóxica, infraestruturas..., así como a situación laboral do persoal.

-Garantir unha atención sanitaria real e sen trabas a todas as persoas independentemente da súa condición laboral e de residencia, que acabe coas exclusións sanitarias. Exixir do Goberno español a derogación do Real decreto lei 16/2012.

– Asunción polo SERGAS da atención primaria intra-penitenciaria en conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio.

– Rexeitamento dos co-pagamentos, establecendo mecanismos para que ninguén, por motivos económicos, fique sen recibir os produtos farmacéuticos que precisar.

– Creación do Instituto de Investigación Sanitaria, organismo para a investigación biomédica en ciencias da saúde do Sistema Público de Saúde da Galiza. Derogación dos Decretos da Axencia Galega para o Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Tecidos e Órganos.

– Integración na Sanidade Pública de GALARIA e as Axencias creadas, así como da Fundación Urgencias-061.

– Revisión das concesións de urgencias extra-hospitalarias actuais, Implementación de ambulancias de Servizo Vital Avanzado (SVA) en comarcas deficitarias como Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia. Recuperación do segundo técnico de emerxencias eliminado nas ambulancias de SVA do Salnés, A Mariña e Monforte.

– Novo concurso do servizo de transporte sanitario terrestre programado coa dotación económica precisa para dotar de vehículos e persoal suficiente para prestar unha atención de calidade, en tanto non se realice realización de inspeccións rigorosas para detectar incumprimentos e malas praxes denunciadas recorrentemente polos profesionais.

- Declaración como persoal sanitario aos profesionais do servizo de transporte sanitario terrestre.
- Realizar o rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, e pasar a prestar o servizo de xeito directo pola Xunta.

6.6. Plan de Atención Integral á Saúde das Mulleres

- É precisa unha atención integral e de calidade á saúde das mulleres. Promocionar a saúde e previr e atender á enfermidade, e facelo ao longo de toda a súa vida. Ofrecer actividades tanto asistenciais como educativas, que lles permitan, ademais de preservaren a súa saúde, adquirir unha autonomía e responsabilidade propias.
- Potenciación da enfermería obstétrica xinecolóxica, da matrona, figura esencial que incide no ámbito social tan importante como o da maternidade e a atención integral durante o ciclo vital das mulleres e en todas as súas fases: saúde reprodutiva, sexualidade e climaterio.
- Aumento gradual das prazas de matrona existentes en Atención primaria con rateos matrona/mulleres onde se contabilicen todas as mulleres, non só as de idade reprodutiva, na área de referencia carteira de servizos para garantir equidade e calidade na atención.
- As mulleres teñen dereito a unha saúde sexual plena en tódalas etapas da súa vida e non só na reprodutiva, de xeito integral en todas as fases e idades, para tal fin será unha prioridade garantir:
 - Saúde reprodutiva: Preconcepción, embarazo, posparto
- Prevenición e **educación sanitaria da saúde sexual das mulleres**: disfuncións, anticoncepción, climaterio, detección precoz de cancro de cérvix, mama, colo de útero, atención ás infeccións de transmisión sexual, chan pélvico e prevención da incontinencia urinaria, prevención e detección de infeccións do tracto reprodutivo.
- Creación de **unidades de chan pélvico**, para derivar as mulleres con patoloxía.
- Asegurar a **interrupción voluntaria do embarazo** na rede sanitaria pública ás mulleres que así o desexaren ou precisaren, garantindo a presenza de profesionais non obxectores en todos os hospitais públicos para realizar a interrupción incluída a partir da semana catorce.

- Atención a doenzas específicas como a **endometriose**: Creación dunha unidade multidisciplinar de referencia en Galiza, creación das consultas específicas da endometriose en todas as áreas sanitarias, realizar a derivación das endometrioses máis severas a unidades multidisciplinarias alí onde non as houber, campañas de divulgación e formación da doenza entre o persoal sanitario que axuden a recortar o tempo medio de diagnóstico de 8 anos, guía de atención a mulleres con endometriose, inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social.
- Reclamar do Goberno central a inclusión no Catálogo de Prestacións Sanitarias do tratamento preciso para a reasignación de sexo.

6.7. Plan Galego de Saúde Mental e Plan galego de Prevención do Suicidio

Un Plan con dotación orzamentaria, persoal, cronograma de aplicación e avaliación, para poñer fin á desplanificación e dano á saúde e aos recursos sanitarios e sociais realizados polo PP na Xunta:

- Atención á saúde mental na infancia e adolescencia. Para garantir a promoción da saúde e prevención da enfermidade mental. Creación de recursos asistenciais, programas específicos e equipos multidisciplinarios para dar unha resposta integral.
- Reforzar a atención á saúde mental en Atención Primaria coa incorporación normalizada de psicólogos/os clínicos.
- Atención ás persoas en situación de grave vulnerabilidade psicosocial. Reforzo dos recursos comunitarios que eviten a institucionalización innecesaria, programas asistenciais con enfoque na recuperación e integración laboral.
- Iniciativas explícitas cara á consecución da eliminación do uso da contención mecánica nos dispositivos asistenciais e residenciais.
- Incorporación da perspectiva de xénero na planificación e na atención á saúde mental
- Potenciación da participación directa das persoas afectadas na planificación, decisión e avaliación das políticas de saúde mental.

- Asignación dun orzamento estábel, cara ao obxectivo recomendado da OMS do 10%.
- Plan galego de erradicación da Hepatite C
- Integración na rede sanitaria pública dos dispositivos de atención ás drogodependencias, coa estabilización do persoal e a dotación orzamentaria necesaria.
- Posta en marcha, coa dotación orzamentaria precisa, dun plan de atención a persoas con ludopatía

6.8. Plan de saúde buco-dental

- Dotar todas as unidades de Saúde Buco-dental, de como mínimo, un/unha hixienista dental.
- Realizar protocolos para as USB, para regularizar e garantir a equidade tanto no acceso como nos servizos que se realizan.
- Levar a cabo unha campaña informativa, de divulgación das prestacións odontolóxicas dentro do Sergas, tanto entre a poboación como @s profesionais.
- Incrementar a cobertura das prestacións de hixienistas tanto en idade como a doentes de colectivos que deben ser atendidos con accións preventivas e educativas, fundamentalmente doentes de risco como: persoas irradiadas de cabeza e colo, diabéticas, transplantadas, oncolóxicas, con enfermidade cardiovascular grave e doentes especiais.
- Incorporar hixienistas dentais aos equipos de cirurxía maxilofacial.

6.9. Plan de atención ás persoas con enfermidades raras

- Demanda da creación a nivel do Estado de, como mínimo, unha unidade de referencia onde derivar as persoas en canto foren diagnosticadas ou para axilizar a diagnose.
- Dimensionamento de unidade de xenética, coa dotación de orzamento e persoal preciso para que as probas necesarias para a diagnose da enfermidade se realicen coa máxima celeridade, só se demoren o tempo preciso para realizalas.
- establecemento de canles de comunicación directa

entre todos os especialistas que traten con persoas doentes e o centro de referencia de investigación.

- Plan de formación para os neuropediatras/ especialistas e xenetistas.

- Accesibilidade e gratuidade tanto a medicamentos, material ortopédico como aos tratamentos precisos, incluíndo nestes a atención por fisioterapeutas, logopedas... de xeito continuado e permanente, xa que son fundamentais para a maioría das persoas afectadas por estas doenzas.

- Facilitar a accesibilidade aos servizos sanitarios: Tarxeta dobre A, eliminación de triaxes en urxencias, acumulación de citas no mesmo día...

- Incentivación decidida da investigación, tanto co apoio as que se estean realizando, como co impulso nos proxectos públicos.

- Aplicación do Real decreto 1148/2011 que recoñece unha prestación económica destinada a proxenitor@s, adoptantes ou persoas acolledoras que reducen a súa xornada de traballo para o coidado de menores afectad@s, e actuacións para eliminar as trabas existentes polas entidades encargadas como as mutuas.

- Dotación a todos os hospitais do Sergas de profesionais de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía clínica, en número suficiente para permitir a equidade e calidade na prestación.

- Creación do/a coordinador/a en cada área sanitaria nas categorías en que non existiren (fisioterapia, matronas...)

- Actualización competencial e da carteira de servizos acorde ás capacitacións académicas.

- Aplicación da Lei de Publicidade Sanitaria e actuación decidida na loita contra o intrusismo

7

Atención á dependencia, servizos sociais e protección social

A COVID-19 evidenciou en que situación de desprotección se atopan as persoas maiores, singularmente aquelas que perden autonomía por causa da súa idade. Esta situación non está relacionada só coa cuestión dos centros residenciais (ou residencias) creados para a súa atención e cunha intencionada falta de prazas públicas para xustificar unha oferta privada de tipoloxía diversa na súa forma de titularidade (fondos de investimento, aseguradoras, construtoras e empresas sanitarias, entre outras entidades) que viron unha oportunidade de facer negocio coa situación de necesidade en que se atopan as persoas maiores. O problema ten unha dimensión maior e está relacionado precisamente coa falta de adaptación da sociedade ao seu avellentamento.

A transición demográfica cara á sociedades con poboacións de moi avanzada idade é unha evidencia. A Organización Mundial da Saúde (OMS) afirma que as poboacións de todo o mundo envellecen rapidamente. No Estado español, segundo o Instituto Nacional de Estatística (proxección da poboación residente por grupos de idade 2018-2033), a poboación de oitenta anos e máis, que estaba en 2.877.511 persoas no 2018, acadará no ano 2033 o número de 3.705.538 persoas, e a poboación centenaria (cen anos ou máis) pasaría das 11.248 persoas do 2018 a 46.365 persoas no ano 2033. E na Galiza, segundo o Instituto Galego de Estatística (proxeccións de poboación a curto prazo 2018-2033) a nosa poboación de oitenta anos e máis chegará, das 237.218 persoas no ano 2018, a 249.366 persoas no 2033, que no caso da poboación centenaria pasaría das 1.109 persoas no ano 2018 a 4.196 persoas no ano 2033.

O dato negativo do envellecemento demográfico (en esencia, cambios na estrutura da poboación por aumento da proporción de persoas nos grupos de persoas maiores e unha diminución da taxa de fecundidade, incluíndo na Galiza o impacto da emigración) non debe agochar o dato positivo do aumento da taxa de

esperanza de vida. O envellecemento da poboación por aumento da esperanza de vida significa vivir máis anos. E ademais, confirma que as políticas de protección social do Estado de Benestar, tan cuestionadas desde os valores fundamentalistas e economicistas do mercado, tiveron moito que ver.

Podemos aproveitar as oportunidades que ofrece esta maior lonxevidade. Si, a través da planificación do alcance das súas oportunidades. Ao ser previsíbel, sabemos que esta transición demográfica terá lugar e podémola planificar para a aproveitar ao máximo. En todo caso, o beneficio destas oportunidades depende nomeadamente da saúde, de modo que, se as persoas viven eses anos adicionais cun bo estado de saúde, a súa capacidade para faceren o que valoran será apenas diferente á dunha persoa máis nova. Mais, se eses anos adicionais se caracterizan por unha diminución da capacidade física e mental, as consecuencias para as persoas maiores e para a sociedade serán negativas.

Mais para isto debemos contar cun sistema sustentábel e equitativo de coidados ou atención a longo prazo (isto é, a través dun conxunto de actividades realizadas por outras para que as persoas maiores que tiveron unha perda importante e permanente da capacidade intrínseca, ou corren risco de a ter, poidan manter un nivel de capacidade funcional conforme aos seus dereitos básicos, ás súas liberdades fundamentais e á dignidade humana). E isto, porque as persoas maiores –mesmo con deterioro funcional– continúan a ter un proxecto de vida e teñen o dereito e merecen a liberdade de faceren realidade as súas aspiracións constantes de benestar, plenitude e respecto; porque as familias non poden atender por si mesmas as necesidades das persoas maiores con perda de capacidade grande (e tampouco sería sustentábel nin equitativo); e porque, no século XXI, todos os países deben ter un sistema integral de atención a longo prazo que se poida prestar a domicilio, en comunidades ou en institucións. Este sistema ofrece entre outros beneficios: permitir que persoas maiores dependentes de asistencia sigan a facer as cousas que aprecian e vivan con dignidade; liberar as mulleres para que se dediquen ao que é importante para elas; crear postos de traballo; reducir o uso inadecuado de servizos de atención para casos agudos; e axudar as familias a non caeren na pobreza nin incorreren en gastos catastrófico.

Neste sentido, o BNG vincula as propostas nesta materia arredor de dous eixos:

a) A **adaptación da sociedade ao seu envellecemento** supón que as persoas maiores sexan centro e non periferia na estrutura por grupos de idade da poboación e que a atención das súas

necesidades sexan criterios transversais de actuación dos poderes públicos e impidan, aquí tamén, a existencia de iniciativas empresariais que so actúan por ánimo de lucro.

b) Concibirmos o avellentamento como un reto e nunca como un problema, habilmente empregado para cuestionar a viabilidade do sistema público de seguridade social e facer reformas que endurecen o acceso á protección por xubilación e rebaixan a súa contía co chamado “factor de sostenibilidade”.

Porén, a realidade en Galiza nos últimos anos é ben distinta.

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias, de privatización das residencias de maiores e persoas con discapacidade. Velaquí un drama que se mostrou agora mais que é anterior a esta pandemia, como consecuencia de ter entregado este sector á empresa privada nun 80%, falta de recursos e precarizado. Os servizos de atención ás nosas persoas maiores convertidos nun negocio moi lucrativo. Unha situación mil veces denunciada e mil veces negada polo Partido Popular

A atención ás persoas maiores en espazos residenciais diferentes aos seus domicilios é a resposta a unha necesidade social. Debe garantir os dereitos das persoas maiores vulnerábeis e perseguir a rendibilidade social e non a económica.

Esta pandemia ten que significar un punto de inflexión, é preciso deixar atrás este modelo e construír un novo, público, de xestión directa e con recursos humanos e materiais suficientes. Un modelo de atención residencial centrado na persoa, baseado en unidades de proximidade ás contornas das persoas residentes, de tamaño reducido, abarcábeis e que faciliten a convivencia e as intervencións adaptadas ás persoas usuarias.

Asemade, a aplicación da Lei de dependencia continúa sendo claramente insuficiente, para as persoas usuarias, para as potencialmente usuarias, para as persoas que agardan unha avaliación, que significa o recoñecemento á prestación, e para as que tras lles ser recoñecido o dereito, agardan meses e anos a recibir as prestacións económicas, os recursos aos que teñen dereito. Seguen manténdose atrasos para a valoración de discapacidade, que nalgúns casos chega a 2 anos, con centos de persoas en listaxe de espera.

Galiza sitúase por debaixo da media estatal de persoas beneficiarias por cada cen habitantes.

O promedio de gasto por dependente en Galiza é inferior á media estatal, como consecuencia do peso na súa carteira de servizos de menor custe tales como Teleasistencia e Promoción, ou moderados como Axuda a Domicilio, PEVS (prestación económica vinculada ao servizo) ou PECEF (prestación económica de coidados na contorna familiar).

A falta de recursos para a atención á dependencia e para combater a exclusión social foi encuberta por parte do goberno do PP na Xunta de Galiza co endurecemento dos criterios de avaliación da dependencia, así como coa lentitude exasperante dos procesos de tramitación de prestacións.

A isto hai que engadir a paralización dos investimentos en novos equipamentos de atención á infancia e á dependencia. Hai unha oferta claramente insuficiente de prazas de residencias de maiores e de persoas dependentes, coa porcentaxe de prazas privadas máis alta a nivel do Estado sobre o total. Non crearon nin unha soa praza de xestión pública en 11 anos

O BNG combaterá con firmeza as políticas antisociais herdadas do goberno Feijóo que afondaron na desigualdade, na pobreza e na exclusión social. Neste sentido marcamos como obxectivo primordial recuperar o sistema de benestar cun investimento social acorde coas necesidades das persoas do noso país.

Por todo isto, en materia de servizos sociais, o BNG asume os seguintes obxectivos:

- Creación do auténtico **Servizo Galego do Benestar**, un organismo que viría a xogar un papel similar ao do SERGAS mais no ámbito dos servizos sociais garantindo a xestión pública dos mesmos a comezar polas residencias da terceira idade, centros de persoas con discapacidade, centros de día e Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A atención á terceira idade ou ás persoas con discapacidade é un servizo público que debe ser xestionado integramente pola Xunta de Galiza rematando co actual esquema perverso de privatización directa ou indirecta e de mercantilización.
- Impulso dun **novo modelo de residencias** baseado en:
 - Residencias adaptadas á realidade de cada zona do territorio galego, atendendo á organización do territorio e a composición sociodemográfica de cada zona.
 - As Áreas Sanitarias deberán ser o marco territorial e poboacional, para coordinar os recursos e actividades asistenciais, que garantan unha atención de saúde

integrada ás persoas maiores, para evitar novas catástrofes epidemiolóxicas e ofertar unha atención integral de saúde a toda a poboación, incluíndo ás persoas maiores.

- Residencias de maiores públicas de titularidade e xestión.
- Rateos de profesionais axeitadas ás necesidades das persoas residentes.
- Integradas nun contorno socio-sanitario. Contando coa interacción e os recursos da localidade e da comarca, para poder intervir sobre os determinantes de saúde a nivel local, promover o exercicio físico, evitar barreiras arquitectónicas, circulación, etc.
- Participativas, incorporando residentes e familiares á súa xestión.
- Tamaño moderado, para facilitar a convivencia, a integración, a participación e evitar a masificación e os contaxios en persoas fráxiles.
- Atendidas polos Centros de Saúde da zona, incluíndo a asistencia médica, de enfermaría, traballo social, psicólog@s clínic@s, fisioterapia e rehabilitación, así como a atención da saúde mental.
- Dotación de Xeriatras aos Hospitais da Área Sanitaria, para exercer como consultores dos Centros de Primaria.

– Proceder ao dimensionamento dos cadros de persoal de atención directa da Consellaría de Política Social, de xeito que as rateos se adapten tanto ao número como as novas tipoloxías de usuarias e deixen de comprometer a seguridade e saúde do persoal traballador e a calidade asistencial que se presta. Garantir a dotación, en número suficiente, de persoal facultativo, enfermería, logopedas, terapeutas ocupacionais e fisioterapeutas en todas as residencias, fundamentalmente en que existan residentes asistidos/as.

– Eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral.

–O novo modelo de financiamento para o noso País debe ter en conta as peculiaridades dos nosos problemas e, por tanto, tamén dos servizos sociais en relación cos criterios de avellentamento e dispersión poboacional, índice de dependencia, persoas con diversidade funcional e emigración de retorno.

- Aprobar o **Mapa Galego de servizos sociais**, que inclúa o establecemento dos criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.
- Implantación progresiva e xeneralizada da **Tarxeta Social Galega**.
- Contar cun **catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións**, de tal maneira que se concreten aquelas que teñan un carácter esencial, o que determinará a súa condición como dereito exixíbel por todas as persoas que o precisaren.
- Apoio/reforzo con financiamento da Xunta aos **Servizos Sociais Comunitarios** de atención primaria nos concellos.
- Será impulsado o **Servizo Galego de Voluntariado** en colaboración coas entidades locais e axentes sociais de interese.
- Colaboración coas entidades e ONG do terceiro sector, facéndooas partícipes do deseño e extensión de servizos. Sen prexuízo do mantemento, promoción e extensión dos servizos sociais de carácter público, deberase manter a coordinación e colaboración co terceiro sector de acción social, nomeadamente o de propiedade social, na extensión de políticas de benestar.
- Mellorar e potenciar o **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** de forma que se poida prestar este servizo ao maior número de persoas maiores en situación de dependencia garantindo criterios xerais na prestación do servizo e vixiando o cumprimento dos dereitos laborais das persoas traballadoras.
- Ampliar outros programas específicos para as persoas de idade: os relativos a xantar na casa e lavandaría a domicilio, potenciar o programa de acollemento familiar para persoas idosas dependentes e implantar unha liña de axudas económicas para acceso a vivenda en aluguer específica para persoas de idade.
- Incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria perciba un incremento de como mínimo 100 euros mensuais.

7.1. Plan Transversal de Atención ás Demencias

- Creación dunha rede pública de xestión directa de centros de día especializados en alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

- Desenvolver en todas as comarcas galegas unidades terapéuticas de media.
- Estancia con grupos reducidos onde se realicen valoracións e se interveña para a promoción cognitiva e funcional e realice unha a socialización do binomio enfermo/a-coidador/a de xeito máis seguro e eficiente.
- Creación de programas de axuda a domicilio especializados en demencias.
- Posta en marcha dunha estratexia específica para coidadores familiares incorporándoos na intervención do sistema sanitario, aplicando un proceso de dupla intervención sanitaria, psicolóxica e social.
- Protocolo específico en Atención Primaria para a detección precoz e inclusión no plan de atención á cronicidade.
- Creación de unidades de demencia na rede hospitalaria pública de Galiza.
- Posta en marcha de estratexias para manter e respectar o maior tempo posíbel a capacidade de obrar das persoas promovendo accións que respecten as decisións das persoas afectadas e as persoas que exercen de coidadoras principais.

7.2. Atención á discapacidade

- Incorporar e aplicar plenamente o disposto na Convención Internacional de Dereito das Persoas con Diversidade Funcional a través dun plano de actuación específico dotado orzamentariamente e elaborado coa participación das organizacións que traballan neste ámbito.
- Estabelecer canles de diálogo permanente e colaboración coas entidades que traballan no ámbito da atención e integración das persoas con diversidade funcional para definir conxuntamente as liñas de actuación para lograr os obxectivos propostos.
- Creación do Consello Galego de Persoas con Discapacidade, como órgano paritario de encontro e debate sobre as políticas públicas de diversidade funcional entre a administración e as entidades que traballan neste ámbito, así como unha comisión permanente no Parlamento da Galiza.
- Impulsar un Plan de Atención ás Persoas con Discapacidade

que supoña un paso adiante en materia de prevención e atención destas persoas e avanzar significativamente na visibilización e sensibilización da sociedade, para que se chegue a producir a verdadeira integración social das persoas con discapacidade.

- Divulgación e extensión do uso da lingua de signos para facilitar a integración das persoas xordas. Recoñecemento da Lingua de Signos Galega.
- Plan de igualdade de xénero para as mulleres con diversidade funcional e evitar que padezan unha dupla discriminación social.
- Acometer un Plan de mellora e de ampliación dos centros socio-comunitarios e de centros de día, incluíndo a adecuación e adaptación física dos centros para estes dispoñen dos servizos e das instalacións adecuadas para as persoas de idade e diversidade funcional poderen participar en óptimas condicións. Serán dotados, igualmente, de persoal e de servizos adecuados ás súas necesidades.

7.3. Plan de atención á infancia

- Aprobación dunha Lei Galega de Infancia e adolescencia
- Aumento do orzamento destinado á infancia, de xeito suficiente, estábel e axeitado ás necesidades e garantindo a equidade, tendo en conta que en Galiza o 20% da infancia está en risco de pobreza ou exclusión.
- Elaborar un Plan de Infancia e Adolescencia, contando coa colaboración dos concellos, e que para alén de establecer políticas xerais, incorpore especificamente o obxectivo de facilitar o acceso a servizos de calidade para satisfacer as necesidades da infancia máis desfavorecida.
- Escolas infantís gratúitas para o 100% da poboación coa incorporación do tramo 0-3 no sistema público educativo.
- Acometer un programa específico de atención temperá, que incorpore os recursos e prestacións existentes, aumento orzamentario para garantir a cobertura en toda Galiza e a equidade no acceso. Plan integral específico para os crianzas de 0 a 3 anos en situación de dependencia ou en risco de a padecer.
- Dotación de recursos de prevención que potencie equipamentos específicos destinados a crianzas con necesidades educativas especiais e, en xeral, persiga reducir o internamento de menores

de idade en centros de protección, posibilite o acollemento familiar e a normalización das situacións de vida das crianzas evitando a xudialización.

– Posta en funcionamento do Observatorio Galego da Infancia e da Adolescencia.

– Estabelecemento dunha rede de puntos de encontro familiar, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas de xeito que como mínimo exista un en cada comarca, cos recursos e horarios precisos adaptados ás necesidades das familias.

– Protección de menores

- Visibilizar e pór en valor a representación pública das persoas menores de idade que forman parte do sistema de protección, ás familias acolledoras e a súa contorna.

- Implementar as medidas necesarias para que se cumpra a normativa vixente, priorizando o acollemento familiar fronte ao internamento institucional ou residencial. Incidindo especialmente na obrigatoriedade nos casos de crianzas menores de tres anos.

- Incluír o acollemento especializado e profesionalizado na Comunidade Autónoma Galega mediante o favorecemento e o acollemento de crianzas con especiais dificultades e implementando liñas de formación expresas.

- Unificar e harmonizar os criterios de interpretación e aplicación da normativa vixente e protocolos en toda Galiza.

- Incrementar como mínimo nun 50% o número de Equipos Técnicos na Administración Pública.

- Recoñecer de pleno dereito dentro da unidade familiar, ás persoas menores de idade en acollida, en tanto en canto dure a convivencia, independentemente do tipo de acollemento.

- Facilitar os trámites das familias de acollida na relación coa Administración de tal xeito que proxenitores/as acolledores/as poidan ser para todos os efectos as persoas para asinaren documentación en representación dos menores acollidos (tarxeta sanitaria europea, consentimento médico informado, relación ordinaria cos centros de ensino...)

- Dotar dos medios técnicos, materiais, e de infraestrutura ás asociacións de familias acolledoras.

- Incrementar as coberturas sanitarias, de educación (servizos complementarios, comedor, transporte, extraescolares...), terapéuticas, deportivas e de ocio.
 - establecer liñas de actuación específicas para adolescentes en acollemento familiar ou en internamento residencial ou persoas menores de idade non acompañadas que estean próximos á maioría de idade. É preciso duplicar esforzos para a inserción paulatina e acompañada, implementando un tipo de acollemento adecuado ás súas necesidades.
 - Promover unha comisión permanente de traballo, para o desenvolvemento, avaliación e seguimento do programa de acollemento da Xunta de Galicia, en que estean presentes as familias acolledoras, as persoas técnicas da administración e as entidades sociais que traballan no eido de protección de menores.
 - Investir en investigación no eido de persoas menores de idade no sistema de protección e as distintas medidas de protección existentes.
- Aumento progresivo das contías destinadas a cooperación até chegar ao 0.7%
 - Creación do número de residencias públicas precisas para atender a persoas con discapacidade a partir dos 21 anos.
 - Elaborar plans específicos de actuación con minorías étnicas, singularmente coa comunidade xitana, concedendo prioridade aos principios de normalización, promoción da inter-culturalidade e cooperación coa iniciativa social.
 - Prestar servizos de información e asesoramento específico a todas as persoas inmigrantes que residan na Galiza, comezando polas cidades galegas e as principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira na Galiza.
 - Desenvolver, con dotacións orzamentarias específicas, programas de axuda ás persoas emigrantes galegas que desexaren retornar á Galiza, para súa inserción sociolaboral.

7.4. Loita contra a pobreza

- Crear e implementar un **Plan de emerxencia social** para a Galiza co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente e enfrontar as consecuencias sociais da crise económica provocada

pola pandemia da COVID19. Este Plan incorporará medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o cobramento de prestacións sociais ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do goberno galego en diálogo cos e coas profesionais dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.

– Reformulación da RISGA cara á unha **Renda de Inserción Social e Laboral** concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais, cun importe equivalente ao SMI.

– Reclamar do goberno español a transferencia a Galiza dos fondos correspondentes ao Ingreso Mínimo Vital.

– Ampliación do Plan Galego de Inclusión Social, prestado con equipas públicas e en coordinación cos servizos de atención nos concellos.

- Traballar no desenvolvemento de medidas contra a pobreza enerxética. Para alén de impulsar unha lei específica para protexer as unidades de convivencia que destinan máis de 10% dos ingresos para gas e electricidade, promoveranse outras medidas como a restrición das contratacións da Xunta con empresas que acometan cortes nas subministracións básicas (auga, luz, calefacción,...).

8

Ensino

Ao longo da última década o Partido Popular promoveu un modelo educativo máis desigual, de menor calidade e equidade con continuos recortes no ensino público e nos seus orzamentos (2.000 millóns de euros acumulados desde 2009).

Mentres a escola pública perdeu recursos o goberno de Feijóo continuou engordando a privado-concertada gastando máis orzamento nestes centros, incluídos aqueles que segregan o alumnado por sexo nas aulas.

Neste sentido, Feijóo blindou até 2023 os concertos co ensino privado (1.550 millóns de euros); perseguiu o noso idioma prohibindo as aulas en galego de Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía; eliminou dereitos e reduciu os salarios do profesorado, masificou as aulas especialmente nas áreas urbanas e periurbanas; minguou a atención á diversidade e do alumnado de educación especial; foi eliminada a gratuidade dos libros de texto, privatizouse a xestión de comedores escolares minguando a calidade do servizo, etc.

A crise provocada pola COVID-19 puxo de manifesto a importancia do sistema educativo como servizo público e do ensino como dereito mais tamén as consecuencias dos recortes orzamentarios, da falta de persoal, da masificación das aulas (especialmente nas áreas urbanas) e que o ensino rural, tan atacado e menosprezado, é o futuro, non o pasado.

De maneira prioritaria e diante da situación xerada pola **COVID-19** constituiremos unha **mesa de diálogo con representantes das organizacións sindicais, das ANPAS e das organizacións estudiantís para organizar o inicio de curso 2020/2021** tanto na parte formativa como nos protocolos hixiénico-sanitarios e de prevención nas aulas, nos centros e nos servizos complementarios.

O ensino é un dereito e como tal debe ser garantido a través dun servizo público, universal, de calidade e gratuíto. Neste sentido, o BNG considera prioritario:

– Procurar un **sistema educativo que conciba a educación como servizo público universal e gratuíto de 0 a 18 anos**, obrigatorio dos 3 aos 18 anos, e que se converta en factor fundamental para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral de Galiza.

– Integrar toda a **etapa educativa de educación infantil (0 a 6 anos)** no ámbito da consellaría competente en materia de educación.

– Aprobar unha **Lei galega de Educación** inserida na realidade social, cultural, económica e lingüística de Galiza que garanta o dereito universal a unha educación pública de todas as galegas e galegos.

– **Derrogar a LOMCE** e outras normas en materia educativa que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización, a españolización e a confesionalidade do sistema educativo.

– **Ofertar prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos** e garantir que todos os centros contén coa dotación de recursos necesarios e co profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar a calidade e equidade educativa para todas e todos prestando especial atención ás necesidades educativas específicas e a diversidade.

– Incrementar o **investimento** público en educación co obxectivo de alcanzar, progresivamente, o **7% do PIB**.

– **Eliminar progresivamente os concertos educativos, a comezar polos centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas**, até promover a súa supresión en todos os niveis educativos.

– **Restitución dos dereitos roubados ao profesorado galego** a comezar pola recuperación do horario lectivo (18 horas en Secundaria e 21 horas en Infantil e Primaria) previo á reforma de 2012 e a regulación das materias afíns.

– **Reducir as ratios actuais de alumnado por aula en todo os niveis educativos** co obxectivo de garantir un máximo de 15 estudantes por aula en educación infantil, 20 na educación primaria, ESO, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas; e de 25 estudantes por aula no Bacharelato. Estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que contén con alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor contabilizarase para a conformación dos grupos.

– **Restituír a gratuidade de libros de texto** a través dun programa de préstamo dirixido ao ensino infantil e obrigatorio.

– Garantir a **igualdade de oportunidades, a equidade e a atención á diversidade** en todas as etapas e niveis educativos, a través de:

- Un **Plan de Actuación Preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá**, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, reforzando a titoría e a orientación e apostando por un modelo educativo máis social e igualitario.

- Unha **Rede Educativa da Atención á Diversidade**. Estender os departamentos de orientación a todos os centros de Educación Infantil e Primaria. Ampliar a dotación de orientadores e orientadoras nos centros docentes que imparten ESO, Bacharelato e FP con criterios obxectivos e negociados coas organizacións sindicais. Reducir ao mínimo a adscrición de centros, limitando as itinerancias tanto de responsábeis de Orientación como de PT e AL. Ampliar os Equipos de Orientación Específicos. Co obxectivo de camiñar cara a unha distribución comarcal e unha ampliación máis ambiciosa dos EOE, crearanse inicialmente un novo EOE na provincia de Pontevedra (con sede en Vigo) e dous na provincia da Coruña (un con sede en Santiago e outro en Ferrol).

- Incorporar a figura do/a educador(a) social aos centros educativos e aos equipos de orientación.

- Asumir **un maior compromiso na escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais** dotando todos os centros que escolaricen alumnado de educación especial dos docentes e persoal específico necesario e a redución da súa ratio para facer efectiva e real a inclusión escolar e a igualdade de oportunidades. Así mesmo, introducíranse as reformas normativas que sexan necesarias para garantir a permanencia das mozas e mozos con discapacidade escolarizados nos Centros de Educación Especial, cando así sexa necesario, entre os 21 e 30 anos.

- **Plan Específico de Formación na atención á diversidade** dirixido, dunha banda, ao profesorado especialista de PT e AL, fomentando a compartición de experiencias e propostas; e, doutra, dirixido ao profesorado non especialista

fornecéndoo de recursos para a atención á diversidade.

- **Plan integral do ensino no rural.** Garantir os mesmos servizos complementarios e medios que os dos centros urbanos.
- Restabelecemento do modelo educativo das **Galescolas**. Oferta suficiente de prazas públicas para o primeiro ciclo de Educación Infantil.
- **Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüísmo** no ensino non universitario de Galiza. Reformar a Lei de Normalización Lingüística para, entre outras cuestións, recoñecer **o galego como a lingua vehicular no ensino**. Elaborar un **modelo de inmersión lingüística** co obxecto de conseguir a plena normalización lingüística e un ensino totalmente en galego.
- Estabelecer **plans de formación para o conxunto do profesorado co fin de alcanzar a plena normalización lingüística**. Constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.
- Fixar que para o acceso á función pública docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das **probos en lingua galega**.
- Promover a **aprendizaxe da lingua portuguesa** en todos os niveis educativos dando cumprimento á Lei Paz Andrade. A súa oferta será obrigatoria en todos os centros de ensino e desenvolverase campañas de difusión e promoción do portugués entre o alumnado e as ANPAS. **Incluír nas Ofertas Públicas de Emprego do ensino prazas de portugués.**

8.1. Formación Profesional

Nova planificación da Formación Profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Ampliar, diversificar e asegurar unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

A potenciación da formación profesional na Galiza debe ir parella aos plans económicos tendo en conta que estamos nun nivel formativo orientado ao mundo laboral e con implantación en todo o territorio.

Medidas necesarias e urxentes para desenvolver este pilar fundamental da sociedade galega son:

1) Aprobación dunha **Lei Galega de Formación Profesional** que integre as diferentes vías de FP para coordinalas e orientalas ao logro dos principais obxectivos: aumento da inserción laboral da poboación, innovación e desenvolvemento sustentábel. En todos estes anos de Goberno popular non se aprobou unha Lei orientada á FP que regulara os aspectos básicos da FP nos seus eidos, dotando dun verdadeiro poder deliberativo ao Consello Galego de FP e coordinando a tripla FP (regrada, ocupacional e continua) baixo criterios orientados ás maiorías sociais.

2) **Creación dun Centro Galego de Innovación da FP Galega** que dea apoio á innovación e investigación aplicada en todo o sistema da FP galega, integrado na Axenda Galega da Innovación, que coordine as actuacións en materia de FP para promover a innovación aplicada no que converxan as áreas do goberno galego de Educación, Universidades, Innovación e Emprego.

3) Creación dos **Consellos Comarcais de FP** nos que se realice unha planificación, estudo e análise da oferta formativa de FP e as necesidades do tecido produtivo, formada por representantes da administración (tamén SPEG), sindicatos e empresarios, integrado no Consello Galego de FP.

4) Actualizar e revisar a oferta formativa para actualizar e potenciar os sectores económicos chave de Galiza. É fundamental que os programas formativos se deseñen desde unha perspectiva de País para potenciar os elementos característicos do noso tecido produtivo.

5) Incorporar nos currículos formativos aspectos ligados á innovación, a creatividade e o emprendemento sustentábel desde unha perspectiva galega, sustentábel e de igualdade de xénero.

6) Mudar a política de viveiros de empresa localizados en “oficinas” para usar os propios talleres e aulas prácticas nos centros de ensino de FP como verdadeiros viveiros de empresa durante os períodos nos que non hai actividade escolar para proxectos de empresas innovadores do alumnado de FP.

7) Potenciar a Orientación laboral e profesional con capacidade para coordinar as actuacións relativas a vinculación entre mundo formativo e laboral, conexión con outras ofertas de FP e programas de emprendemento e innovación, instituindo a figura da Orientadora Laboral en todos os IES con FP e aumentando as orientadoras laborais nos SPEG, coordinando as actuacións entre

uns e outros nos concellos / comarcas.

8) Impulso ás modalidades de formación para adultos, potenciando o ensino online e semipresencial, permitindo a reconversión formativa da poboación.

9) Potenciar a presenza de mulleres nas profesións máis masculinizadas e, especialmente, nas ramas STEM.

10) Executar a presenza vehicular da lingua galega en toda a FP dando valor ao seu uso para o noso tecido produtivo. Vincular a importancia da nosa integración na lusofonía e do máis-valor que supón para o noso tecido empresarial.

11) Abrir as posibilidades de duplas titulacións e ciclos formativos abertos que permitan dar resposta a novas necesidades formativas.

12) Aumentar os estudos científicos sobre a FP, a súa situación, estado e descubrir as mellores prácticas, para o cal conviría a posibilidade de aumentar a colaboración Universidade-FP.

13) Coordinar o transporte público comarcal entre as diferentes parroquias cos centros de ensino de FP, especialmente para o alumnado de FP Básica e Grao Medio (menor de idade na maioría dos casos).

— Ampliar e estender a rede das **escolas oficiais de idiomas**, mediante a creación de novos centros e/ou da ampliación dos existentes, fomentando dun modo especial o estudo da lingua portuguesa.

— Promover unha reordenación do **ensino artístico**, integrando as diferentes especialidades a través dunha organización única e orientada cara á realidade galega. Arbitrar os mecanismos necesarios para que as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse e integrarse na universidade, a fin de que o alumnado obteña a titulación de grao. Implementar mecanismos eficaces para a incorporación do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo de cultura galega.

— Elaborar unha **rede de educación permanente de persoas adultas** que inclúa centros específicos nas áreas de maior poboación. Impulsar a posta en marcha de programas de formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, cultura, xeografía, sociedade e natureza.

- Promover a modificación da lexislación do estado para garantir a **xestión democrática dos centros**, incluídos os centros Integrados de Formación Profesional mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar. Promoverase o traballo en equipo e a decisións colexiadas nos órganos de goberno. Impulsarase a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.
- Facilitar os servizos complementares gratuítos (comedor e transporte escolar) no ensino público, asumindo, paulatinamente, a xestión pública e directa desde a administración galega.
- Elaborar unha **nova normativa sobre os comedores escolares que garanta o acceso ao servizo e promova a súa xestión pública directa**. O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente. O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuíto ao comedor. Fixaranse uns prezos módicos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico e infantil.
- Promover a elaboración dunha '**Lei do transporte escolar de Galiza**' para garantir o dereito ao transporte escolar en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros. A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas esperas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das aulas e desde a finalización até a saída do transporte.
- Facilitar unha **oferta ampla a todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas** que serán impartidas por persoal específico e cualificado. A administración garantirá o transporte público ao alumnado para asistir a estas actividades. Así mesmo facilitarase o programa madrugadores/as onde for demandado.
- Promover unha **educación non sexista e coeducativa**. Todo o material curricular estará fundamentado no principio de igualdade entre mulleres e homes.
 - Actuar preventivamente en contra da educación machista e a violencia de xénero.

- Eliminar e rexeitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes con especial consideración no que atinxe aos libros de texto e materiais educativos.
- Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- Estabelecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia, no Pensamento, na Ciencia e, en xeral, na sociedade.

– **Formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual;** protocolos contra o acoso lgbifóbico; inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

– Elaborar, de maneira dialogada cos distintos axentes, un **Plan galego de educación afectivo-sexual** que garanta o dereito do alumnado a unha educación integral.

– **Potenciar as bibliotecas escolares** co fin de mellorar a súa xestión, instalacións, materiais e dotación. Iniciar a dotación do docente bibliotecario nos centros co maior número de alumnado. Garantir no resto dos centros que o profesorado que participe ou asuma a responsabilidade deste servizo goce da suficiente redución horaria. As bibliotecas escolares contarán cun fondo documental adecuado e actualizado, instalacións e equipamentos apropiados. Así mesmo, permanentemente, dotaranse economicamente as bibliotecas escolares para a súa actualización. Dotaranse todos os centros de material didáctico audiovisual, informático, documental e bibliográfico, aplicado ás diferentes áreas.

– Todos os centros terán unha dotación suficiente tanto en equipos informáticos como en espazos. Os centros de certa complexidade contarán con persoal técnico e cualificado en TIC. Garantirase o apoio e mantemento das TIC no resto dos centros. Estabelecerase un plano de formación dirixido a todo o profesorado para a formación no uso das TICs.

– Promover un novo calendario escolar que non estea marcado polas festividade relixiosas, conformado con intervalos lectivos compensados e cos respectivos descansos non lectivos, evitando o desequilibrio en días lectivos dos actuais trimestres. Restabelecerase a xornada matinal reducida de catro horas durante os meses de xuño e setembro nos centros que imparten

ensinanzas de infantil e/ou de primaria. Institucionalización no calendario escolar o día 24 de febreiro como día de Rosalía.

– Supresión do actual modelo de centros plurilingües porque van en detrimento do ensino en galego, comportan discriminación do alumnado e incrementan a desigualdade de oportunidades. A mellora do aprendizaxe dos idiomas estranxeiros ten que abranguer todo o alumnado, fundamentarase na redución do alumnado por aula (desdobramentos) e en ter os medios necesarios e o profesorado especialista suficiente.

8.2. Ensino universitario

Formar profesionais competentes, como o persoal sanitario, crear coñecemento e transferilo á sociedade, están entre as misións da Universidade. Galiza conta cun sistema universitario coas súas fortalezas e debilidades, que resistiu á crise económica financeira do 2008, pero que está en situación de emerxencia e pode e debe ser parte da solución á situación actual e unha fortaleza para o novo futuro social e económico do país.

As tres universidades integradas no SUG teñen que avanzar claramente na súa coordinación e cooperación, tanto en docencia como en investigación, para optimizarmos os recursos e mellorarmos os resultados das súas competencias. A autoorganización, dentro das limitacións orzamentarias, é algo que debemos preservar. E cómpre facelo con máis intensidade e forza diante das propostas (mais ou menos veladas) de privatización mediante a constitución de fundacións coas que se pretende que a xestión e a dirección das universidades públicas sexan como as das empresas privadas.

Nos últimos anos os ataques sufridos polos servizos públicos, co fin da súa privatización, foron constantes a través de disposicións legais que continúan en vigor. O prioritario é mudar toda esa normativa se queremos cambiar o rumbo. A defensa da Universidade pública é mais importante que nunca. Esta defensa pasa pola autonomía financeira e organizativa da institución.

Un dos maiores problemas da Universidade Galega, igual que outros servizos públicos, é a falta de financiamento. O financiamento actual do SUG, en situación de emerxencia, non permite máis que cubrir os gastos correntes, impedindo na práctica políticas de mellora da formación e do avance en I+D+i.

O actual plan de financiamento do SUG é claramente insuficiente.

A súa parte estrutural debería cubrir o funcionamento ordinario da institución (persoal, gastos correntes e mantemento de instalacións) e a parte variábel debería permitir introducir as melloras e inversións de cada unha das universidades. Estamos a defender o dereito fundamental de acceso á educación, tamén á universitaria, en igualdade de oportunidades e que contribúa á mobilidade social ascendente. En definitiva, unha contribución máis para a consecución da xustiza social. Temos claro, que nin directa nin indirectamente, debemos contribuír á mercantilización do SUG. Esta igualdade de oportunidades debe estar presente desde o acceso á Universidade para o alumnado, mais tamén para o PDI e para o PAS tanto no inicio como na consolidación da súa carreira universitaria.

Ademais da igualdade de oportunidades e o financiamento, outro pilar da Universidade son as persoas, estudantado, persoal docente e investigador (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS). En definitiva o talento.

Os tres colectivos sufriron en grande medida as consecuencias das políticas de precariedade e recortes, mediante a suba das taxas académicas e os decretos que impediron a consolidación, promoción e retención de efectivos.

Non debe esquecerse que o Real decreto lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que segue en vigor, fixaba, no seu preámbulo, limiares nos prezos públicos para aproximar gradualmente a súa contía aos custos da prestación do servizo e no seu articulado un incremento de taxas da primeira matrícula de xeito que cubra entre o 15% e o 25% dos custos do servizo, que chegaba ao 100% no caso da cuarta matrícula. Aínda que na práctica isto implicaba a privatización da universidade pública, pola implantación de criterios económicos de acceso propios de universidades privadas, o certo é que houbo múltiples reaccións, que conseguiron paliar en parte as consecuencias do decreto mediante medidas correctoras. Referente á normativa para o acceso a unha bolsa de estudos, endureceu os requisitos académicos e económicos, atrasou o cobro das axudas e diminuíu a súa contía. Prezos de matrícula elevados e maiores dificultades para acceder a axudas para o estudo, dificulta a igualdade de oportunidades.

A taxa de reposición do 0% e o posterior incremento ao 10%, até o 100% actual, impediu a renovación do persoal (PDI e PAS), aumentou a precariedade, mediante a contratación temporal e descapitalizou ás universidades ao tempo que incrementou a marcha de persoal cualificado as universidades privadas e estranxeiras.

Loitar pola estabilidade, renovación e promoción do PDI e PAS é misión fundamental para valorizar as persoas e reter talento. Temos que seguir avanzando no cómputo da actividade investigadora no deseño do cadro de persoal, para evitar a contradición existente entre as actividades docentes e investigadoras do PDI e o seu cómputo na estrutura do persoal. Esta contradición tamén existe nas actividades case exclusivamente de xestión do PAS, que debe incluír o apoio as outras actividades fundamentais da institución como son a docencia e investigación.

A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior contribuíu á desregulación do sistema universitario, mediante a flexibilización da duración dos estudos (posibilidade de graos de tres anos) e a súa denominación.

Alén disto, cómpre ter en conta que as universidades do SUG realizan entre o 70% e 80 % da I+D+i do país, razón pola que todo o que teña que ver con calquera política de Ciencia e Innovación debe estruturarse conxuntamente coas Universidades do SUG. Na Galiza o investimento en investigación pasou do 1,04% do PIB en 2008 ao 0,94% en 2017. Recursos escasos, pouco estábeis e mal xestionados, carencia dunha política de persoal que permita captar e reter talento e a acumulación de barreiras principalmente legais, administrativas e de colaboración, fan moi difícil a práctica diaria das actividades de I+D+i .

O BNG defende un sistema universitario galego público, de calidade e innovador. Con ese obxectivo, propomos as seguintes medidas:

Universidade pública

Após tres décadas de existencia dun sistema universitario galego formado por tres universidades públicas (UDC, USC e UVIGO), fica claro que só a cooperación, a colaboración e a coordinación entre as tres foron quen de o facer avanzar na función que debe cumprir para o progreso da nosa sociedade e de Galiza.

Alén disto, evidenciouse que o localismo e a competitividade como criterios de actuación na política universitaria o único que fan é agravar os problemas estruturais que aquí padecemos.

Para o BNG a aposta polo sistema universitario é un compromiso e unha obriga a súa defensa e súa promoción como servizo necesariamente público, galego e de calidade.

Por esta razón, as nosas prioridades aséntanse sobre as seguintes propostas:

- Negociar un **novo plan de financiamento universitario** que garanta fondos públicos suficientes ao Sistema Universitario Galego (SUG) e que teña como referencia o **1,5% do PIB**. A parte estrutural do fondo deberá cubrir os gastos de persoal e de funcionamento e incluírá un fondo basal de investigación.
- Rexeitar a **creación dunha universidade privada**.
- Reducir progresivamente as taxas universitarias cara á súa gratuidade, evitando así o repagamento do servizo público de educación universitaria.
- Programa específicos de **bolsas de mobilidade** para garantir a formación e a actualización de coñecementos do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do estudiantado.
- Programa específico de **axudas para estudantes cuxas familias visen reducidos os seus ingresos pola crise da COVID-19** co obxectivo de garantir o dereito de acceso e a continuidade de estudos universitarios ás fillas e fillos das familias traballadoras.
- Avanzar, aproveitando a especialización e fortalezas dos distintos campus, na oferta académica do SUG, cara á completa oferta de titulacións do sistema.
- Apoio e promoción de titulacións interuniversitarias de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural da Galiza.
- Fomentar e promover a cooperación, colaboración e coordinación no SUG como mellor xeito de cumprir cos obxectivos da Universidade.
- Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudiantado con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico. No tocante aos estudos de medicina impulsar a aplicación do convenio suscrito entre as tres universidades que permite ampliar a oferta aproveitando os recursos humanos e materias do SUG e o SERGAS.
- Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de

Educación Superior, xa desbotado en algunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.

Universidade galega

– **Transferencia a Galiza das competencias en materia de xestión e concesión de bolsas de axuda ao estudo.** Desenvolvemento dunha política que garanta o dereito á educación no ensino superior, modificando os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudos, de modo que non impidan ao estudantado con menor poder adquisitivo acceder á universidade.

– **Promover e defender a reforma da normativa estatal sobre universidades** (principalmente LOU, entre outras) que asegure o futuro do modelo de universidade pública, garanta a súa autonomía e elimine os enfoques privatizadores e centralistas.

– **Promover e defender a derogación das normas de racionalización do gasto público no ámbito educativo universitario** que reducen os cadros de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos e que incrementan os rateos.

– Transferencia a Galiza dos medios materiais e competencias da UNED, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das Institucións dependentes do Centro de Investigacións Científicas.

– Apoio e promoción de **titulacións interuniversitarias** de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza.

– Pular pola **normalización do uso e a promoción da lingua galega** en todos os ámbitos universitarios, coa inclusión de medidas que garantan o seu coñecemento no acceso aos postos docentes e para impartir as aulas en galego.

– Incentivar e apoiar o establecemento de vínculos académicos e de investigación internacionais coas **universidades do ámbito lusófono.**

Universidade de calidade e innovadora

– Derrogación da normativa pola que se modifican os plans de estudos do ensino universitario, que pasa a ser de 3 anos no grao e de 2 anos no mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e expulsar as clases máis humildes da universidade.

- Fomentar a dinamización e o crecemento do persoal dedicado á investigación, rematando coa temporalidade dos contratos nos proxectos de investigación no marco do fomento da investigación, favorecendo a libre difusión do coñecemento no canto da súa mercantilización, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento e recuperando as convocatorias para o inicio e consolidación da carreira investigadora.
- Apoio e promoción de programas de doutoramento industriais.
- Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa desbotado nalgunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.
- Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudiantado, con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico.
- Modificación do actual calendario académico e superación das probas de acceso á universidade polas trabas que estas implican para o exercicio do dereito ao ensino superior.
- Modificación da normativa galega relativa aos consellos sociais, especialmente no que ten a ver coa súa composición, que non é representativa da sociedade en que se insire o noso sistema universitario galego, alén de demandar a reforma da lexislación española sobre tales órganos e as súas funcións.
- Apoio e promoción de planos específicos de consolidación dos cadros de persoal docente e investigación e do persoal de administración e servizos das tres universidades.
- Apoio con medios materiais e humanos ás tres universidades galegas para a captación de recursos económicos públicos en convocatorias de institucións públicas estatais e internacionais, promovendo ademais a presenza en Bruxelas de representación que dea apoio ás nosas universidades.
- Garantir a existencia de infraestrutura e de equipamentos mínimos necesarios para que o sistema universitario galego funcione con normalidade, especialmente naqueles campus que máis o necesitan.

– Garantir a **comunicación** e o acceso a todos os campus galegos, facendo especial fincapé nos denominados campus periféricos, apostando pola mobilidade en todos os medios de transporte e en clave de rendibilidade social, con especial atención ao papel que pode xogar o tren de proximidade.

9

O dereito a vivenda

O goberno do PP deixou as políticas de vivenda nas mans do mercado e da especulación, convertendo nun ben inaccesíbel o que debería ser un dereito fundamental da poboación: o acceso a unha vivenda digna e cuns prezos asequíbeis.

As políticas públicas dos últimos 11 anos favoreceron a conversión da vivenda nun ben especulativo, alimentaron un incremento desmesurado dos prezos, sobre todo nas cidades, e produciron unha drástica redución da oferta de vivendas en alugueiro residencial, nalgunhas zonas favorecida polo fenómeno do alugueiro turístico. O goberno galego demostrou unha manifesta incapacidade para desenvolver políticas públicas proactivas: nin foi quen de mobilizar o parque de vivendas baleiras, nin levou a cabo plans de rehabilitación e rexeneración urbana, nin foi quen de impulsar programas de construción de vivenda de promoción e protección pública (4 en 2019) mentres o rexistro de demandantes de pisos de protección oficial non deixa de medrar (14. 923 en maio de 2020).

A Xunta do PP desbotou calquera iniciativa de intervención no mercado da vivenda que rematase cos actuais condicionantes que impiden un acceso igualitario á vivenda, sobre todo da xente máis nova e das persoas con menos recursos económicos. Os recortes orzamentarios practicados neste ámbito provocaron un descenso do 85 por 100 nos fondos destinados ao acceso á vivenda e do 50 por 100 nos programas de rehabilitación. E por se isto non fose abondo, o departamento de vivenda tivo uns niveis de execución orzamentaria extraordinariamente baixos, deixando de investir máis de 200 millóns de euros só nos últimos 5 anos.

Mentres se produce esta situación de escaseza de vivenda de protección pública e de contracción do mercado do alugueiro. Dáse o paradoxo da existencia de solo e vivendas baleiras, nunha gran parte titularidade, directa ou indirectamente, de entidades financeiras, que recibiron inxentes fondos públicos en rescates.

Isto debería converterse na oportunidade para mobilizar ese parque inmobiliario dun xeito prioritario, quer a través do alugueiro, quer do acceso en propiedade.

En definitiva, diante dun mercado ineficaz na provisión dun acceso digno á vivenda e diante da referida ausencia de política pública para arranxar tal situación, un futuro goberno do BNG terá como obxectivo central o de garantir este dereito humano básico. Non se pode seguir asumindo a contradición da existencia dun importante parque de vivendas baleiras (unhas 300.000 en toda Galiza, case 90.00 nas cidades) coa existencia de persoas que, por mor das dificultades económicas, mesmo se ven expulsadas e obrigadas a perder a vivenda sen ter alternativas para manter ou acceder a un ben habitacional digno.

Ademais, cómpre ter en conta as posíbeis consecuencias da crise económica derivada da COVID, que previsiblemente vai dificultar aínda máis o acceso á vivenda a sectores sociais sen traballo ou con traballos temporais e precarios, con especial incidencia na poboación máis nova que xa tiña moitas dificultades para se emancipar.

O goberno do BNG impulsará unha auténtica política social de vivenda coas seguintes liñas de actuación

-Crear un organismo público de vivenda desde a administración galega en colaboración cos concellos, mais co acceso a un Instituto de Crédito Público ou Banca Pública Galega para ter a capacidade de:

- Administrar e xestionar vivendas baleiras para polas ao dispor de persoas con dificultades de acceso á vivenda ou que tiveran perdido o seu único inmóbel destinado a residencia habitual.
- Facilitar a dación en pagamento para en base a convenios coa banca privada conseguir os fondos necesarios para resolver o crédito hipotecario pendente, establecendo un límite de xuros.
- Artellar colaboracións con entidades privadas, especialmente sen ánimo de lucro, para aforrar recursos públicos e afrontar unha autoxestión de parques públicos de vivendas creando a Rede Galega de Vivendas Autoxestionadas, que permita a unión de distintas edificacións de aluguer ou cesión de uso permanente e que permita a mobilidade entre as persoas residentes, así como a creación dunha conciencia colectiva sobre a vivenda como un ben e sobre a convivencia coma unha defensa do interese xeral.

- Establecemento de liñas específicas de financiamento para a promoción de vivendas protexidas en aluguer ou cesión de uso, que permitan a xeración de créditos brandos que permitan á administración recuperar a longo prazo o valor do solo e ter a posibilidade de recuperar as vivendas tras o longo prazo, de xeito que se viabilice e se faga atractivo o uso do solo a través dun dereito de superficie e de concesións administrativas.
 - Concesións de préstamos subsidiados ou mesmo avais bancarios para apoiar as persoas accedentes a vivenda que precisen achegar fondos propios, dentro de actuacións baixo algún tipo de réxime de protección pública. Creación dun financiamento público específico que garanta que as persoas con menores ingresos non teñan que asumir con fondos propios importantes cantidades antes de accederen á súa vivenda.
 - Deseño de avais financeiros que permitan a viabilidade de obtención de financiamento privado para acometer promocións de vivendas en cesión de uso.
 - Creación de incentivos económicos para as promocións nalgún réxime de protección pública que implique a implementación xeneralizada de enerxías renovábeis e materiais, como a madeira, que promovan industria sustentábel no rural galego.
 - Establecemento dunha liña de avais que cubran os impagos temporais das cotas derivadas dos préstamos subscritos polas persoas adquirentes de vivendas protexidas, así como as promovidas ou rehabilitadas para uso propio ou para alugueiro.
 - Constitución dun Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo do desenvolvemento de políticas de vivenda, e que terá como principais beneficiarios aos colectivos con maiores dificultades no seu acceso.
- Reclamar unha reforma da lexislación hipotecaria para admitir a dación en pagamento retroactiva e como liquidación e condonación total da débeda hipotecaria.
 - Esixir a entidades financeiras e inmobiliarias que para o acceso a axudas e incentivos públicos en materia de vivenda na Galiza acepten a dación en pagamento con liquidación das débedas hipotecarias.
 - Desenvolvemento normativo da figura do acceso á vivenda mediante a cesión de uso, regulando o xeito de cesión de solos públicos para a promoción de vivendas protexidas permanentes e auto-xestionadas, así como o deseño de incentivos fiscais durante a promoción destas vivendas.

- Demandar a transferencia a Galiza dos activos inmobiliarios da SAREB (“Sociedade de Activos procedentes da reestruturación bancaria” ou “banco malo”), asumindo desde os órganos competentes en materia de vivenda a xestión e administración daqueles activos consistentes en vivendas ou solo urbanizábel para constituír unha bolsa de vivenda pública en Galiza que permita a posta a disposición de persoas e colectivos máis desfavorecidos, dun xeito especial para a mocidade.
- Implementación de medidas fiscais que desincentiven o mantemento de vivendas baleiras. Adopción de medidas legislativas para definir xuridicamente o concepto de “vivenda baleira”, de xeito que os concellos poidan aplicar legalmente recargos no IBI ás vivendas desocupadas. Creación do Imposto sobre as vivendas baleiras, que terá como suxeito pasivo ás persoas xurídicas -xa que logo, non afectará ás persoas físicas- e gravará o incumprimento da función social das vivendas polo feito de permaneceren desocupadas de forma permanente, durante máis de dous anos sen causa xustificada. Constituirá a base impositiva o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que é titular o suxeito pasivo, reducida en 150 metros cadrados en concepto de mínimo exento.
- Pulo á rehabilitación de vivendas e espazos degradados de vilas e cidades como fórmula de acceso á vivenda, evitando a proliferación de polígonos de vivenda protexida onde hai vivendas desocupadas e promovendo a incorporación da mocidade e de familias que precisaren residencia habitual nos centros dos núcleos urbanos; especialmente das grandes cidades.
- Desenvolvemento dunha política de fomento da conservación e rehabilitación integral de vivendas no medio rural que sirva para potenciar o acceso a vivendas dignas nos concellos de menor poboación, contribuíndo a fixar poboación consonte a unha interacción e coordinación con políticas que promovan actividades industriais sustentábeis, xeren postos de traballo e incorporen tecnoloxías da telecomunicación.
- Fomento e apoio á xeración de actividades ou proxectos comerciais que utilizando o feito de existiren inmobles residenciais colectivos baixo algunha figura de xestión-autoxestión organizada, se ofrezan como plataformas de consumo final coa produción do agro-forestal galego e se establezan relacións comerciais equilibradas que desenvolvan economicamente o rural.

- Apostar pola fórmula do alugueiro social e por introducir o concepto da cesión de uso, vivendas protexidas autoxestionadas en solos públicos, que minimizan a necesidade de fondos propios na fase construtiva e que xeran un parque de vivendas protexidas permanentes, implican o decidido impulso do cooperativismo e doutras formulas de autoxestión colectiva no eido do acceso á vivenda, que é esencial para esta xestión social de inmóbeis protexidos, por dous motivos principais:
- Evitar a tutela permanente da administración pública e a desafección de quen habita as vivendas.
- Paliar a propiedade de vivendas en aluguer en mans de sociedades de xestión patrimonial que reforzan o concepto de vivenda como un ben de mercado e non como un servizo e un dereito.

Neste sentido habilitaranse facilidades e priorización de acceso a solo público a proxectos auto-xestionados ou xestionados por entidades con vocación social ou de defensa da economía social, que promovan alternativas que ademais de cubriren a necesidade de vivenda, utilicen o colectivo para satisfacer necesidades de conciliación familiar, de alimentación, enerxéticas, asistenciais... en definitiva alternativas residenciais de aproveitamento colectivo, nomeadas cohousing ou semellantes.

- Incentivos fiscais e de financiamento suplementarios que dentro dalgún réxime público de protección deseñen escenarios residenciais onde se considere a xeración de enerxía renovábel que permita pequenas redes de produción que sexan o berce dunha rede central, froito dunha necesaria transición enerxética cara a un modelo verde.
- Aprobación dun decreto que desenvolva o establecido sobre a protección pública na Lei de vivenda de Galiza, adaptándose ademais esta lexislación ás necesidades que presenta a cidadanía e ás novas realidades que se van incorporando (acceso en uso da vivenda, transición enerxética...)
- Adecuación das ofertas de solo a través do IGVS, co fin de que non se comprometa a viabilidade económica dentro dos parámetros dos módulos económicos establecidos para a protección pública nin a calidade das vivendas protexidas que se promovan neles. Aceptación dos locais comerciais resultantes, se foren obrigados, como parte do pago do solo.

- Revisión da normativa técnico-constructiva e da normativa xeral de vivenda para reducir custes e facer viábeis deseños construtivos que permitan dar cabida a tipoloxías concretas de vivenda para colectivos concretos, resolver instalacións complementarias xeradoras ou produtoras de enerxías renovábeis, estancias de uso colectivo...

10

Seguridade cidadá e emerxencias

Galiza precisa dun sistema de emerxencias adaptado á realidade xeográfica galega e aos desafíos dun tempo marcado por eventos meteorolóxicos extremos e novos riscos químicos e biolóxicos. Tanto os lumes de outubro de 2017 como a pandemia da COVID 19 puxeron de manifesto as carencias dun sistema ineficiente e obsoleto.

Para o BNG é necesario articular por parte dos poderes públicos un modelo de protección integral eficaz para todas as persoas, que abranxa todo o tipo de situacións de risco ou ameaza. Con este obxectivo, defendemos a necesidade de avanzar cara á creación dun sistema de emerxencias e protección civil público, integral, polivalente, que dea cobertura eficaz a todo o territorio.

O BNG comprométese a avanzar na política integral de seguranza, cos seguintes criterios e liñas de actuación:

- Planificar e ordenar os dispositivos de atención a situacións de emerxencias, promovendo a cooperación entre todas as administracións con competencias na materia.
 - Reforzar o carácter público e a xestión directa dos distintos servizos dedicados á protección civil e xestión de emerxencias (extinción de incendios, salvamento).
- Desenvolver un novo marco legislativo e normativo en materia de emerxencias e protección civil, adaptado a realidade da Galiza do século XXI.
- Mellorar a capacitación profesional e potenciar a carreira profesional dos integrantes dos corpos de bombeiros e salvamento.
 - Despregar unha policía galega integral ao longo do país que asuma a maioría das funcións dos actuais corpos e forzas de seguranza do Estado en Galiza.

10.1. O sistema integrado de Protección Civil e Salvamento

O BNG fortalecerá o sistema integrado de protección civil e emerxencias co obxectivo de estendelo en todo o territorio galego de maneira profesionalizada, preservando o seu carácter público e cuns custos asumíbeis para todas as administracións.

Neste marco, o BNG impulsará desde o goberno galego as seguintes actuacións:

- Transferencia a Galiza das competencias en materia salvamento marítimo
- Xestión pública directa do CAE 112, así como a coordinación efectiva de todos os servizos de protección civil, emerxencias e salvamento
- Desenvolvemento do mapa de emerxencias co obxectivo de asegurar a cobertura rápida e eficaz en todo o territorio galego
- Cooperación e coordinación cos parques municipais de bombeiros, así como a negociación coas entidades locais para a súa comarcalización
- Con respecto aos grupos de emerxencias supramunicipais, mellora da súa dotación de medios, a determinación clara das súas funcións de prevención e protección, e o establecemento dunhas bases laborais e salariais dignas e comúns para todo o territorio,
- Mellora de dotación de medios e formación dos grupos de protección civil, en colaboración coas administracións locais
- Elaboración de plans territoriais e locais de emerxencias así como de plans de formación e autoprotección da poboación
- Revisión e actualización do Plan de emerxencias de Galicia e do Plan de Salvamento en Praias e áreas de baño.

10.2. A policía galega

O BNG reitera a súa aposta por un modelo de policía galega integral, que terá como prioridades superar en eficacia o actual, evitar a descoordinación e falta de planificación conxunta que estamos a padecer e contribuír para unha distribución máis racional dos seus efectivos ao longo de todo o territorio galego. Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG desenvolverá as previsións da actual Lei de Policía de Galiza e deste xeito:

- Crearase o Corpo de Policía previsto na Lei, procedendo á incorporación de todos os efectivos da Unidade de Policía Nacional actualmente adscrita para disolvermos de seguido esta. Ao tempo, dotaranse as prazas necesarias para as necesidades de Policía Administrativa e de seguranza de persoas e edificios públicos pertencentes á Administración autonómica (mesmo xulgados e tribunais).
- Impulsarase a aprobación por parte do Parlamento do Estado da proposición de lei orgánica de transferencia das competencias en materia de seguridade viaria e tránsito. Logo da súa aprobación impulsarase un Plan de despregamento da Policía Autonómica temporalizado para cubrir o territorio en substitución da Garda Civil de Tráfico. Procurarase, consonte cos principios da Lei de Policía de Galiza, facilitar a integración dos/as funcionarios/as da Garda Civil de Tráfico actualmente en servizo no noso País, de acordo cos procedementos e exixencias determinados legalmente.
- Aprobarase de maneira consensuada un Plan de despregamento da nosa Policía nas funcións de seguranza cidadá e orde pública, substituíndo progresivamente nas devanditas funcións á Policía Nacional e á Garda Civil. Exercerá, pois funcións como Policía xudicial, tráfico, seguranza cidadá e Policía Administrativa xeral.
- Constituirase a Xunta de Seguranza de Galiza, integrada paritariamente pola Administración do Estado e a autonómica, que garantirá a coordinación entre as distintas Policías que traballen no País.
- Potenciarase a integración das Policías locais coa Policía galega, co fin de garantir unha efectiva coordinación, homoxeneizar as condicións de traballo de todos os efectivos policiais e fomentar a súa carreira profesional.

11

Igualdade, feminismo e diversidade sexual

Galiza fixo historia nos últimos anos con masivas mobilizacións feministas que reclaman unha sociedade verdadeiramente democrática, sen discriminacións por razón de xénero, identidade ou orientación sexual. Unha sociedade libre de violencia machista e LGBTifobia.

A crise provocada pola COVID19 veu pór aínda máis en evidencia as acertadas teses feministas que veñen reclamando, como tamén o BNG, unha mudanza radical do sistema económico e social sobre o que se sostén a precariedade, as desigualdades e o empobrecemento que afectan de maneira particular e estrutural as mulleres.

O 2020 ten que marcar un punto de inflexión e as reivindicacións expresadas durante anos en masivas mobilizacións feministas deben traducirse en transformacións reais, en máis igualdade e máis dereitos.

Por iso, modificaremos a lexislación para actualizala adaptándoa á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista, a comezar por:

- Reverter os recortes aplicados polos gobernos do PP en materia de recursos e medios destinados a promover a igualdade.
- Elaboración dunha **nova Lei de igualdade** que substitúa a 7/2004, adaptada á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da **corresponsabilidade**.
- Elaborar unha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e a non existencia de fenda salarial.
- Incluir nos pregos de contratación pública **cláusulas de**

igualdade que fomenten o respecto aos dereitos fundamentais das mulleres e impidan acceder a recursos públicos aquelas empresas que os incumpran.

– Creación dunha **Valedoría de Igualdade** como organismo destinado a combater calquera tipo de discriminación contra as mulleres, con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.

– Impulso da **Lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais** que incorpore, entre outras medidas, o recoñecemento específico daquelas que o son en orixe, motivadas por unha decisión libre e consciente, que no actual marco normativo están invisibilizadas.

– **Reforma dos Centros de Información ás Mulleres (CIM)** retirándolles competencias alleas ao obxectivo para o que foron creados, garantindo financiamento, persoal e formación estábel e suficiente así como a ampliación do servizo para cubrir o conxunto do territorio, especialmente nas comarcas rurais que actualmente carecen del.

– Impulsar a visibilidade e a participación das mulleres nos espazos de participación e decisión de carácter público ou privado.

– Non destinar fondos públicos a ningún acto ou evento onde se fixer apoloxía da cultura machista ou se reproduciren estereotipos patriarcais.

- Combater a violencia machista

- **Investimento, como mínimo, do 1% dos orzamentos** para a loita contra a violencia machista.

- Creación dunha **unidade específica dentro da Dirección Xeral de Xustiza** que garanta o cumprimento da lexislación en materia de violencia machista naqueles ámbitos que corresponden ás competencias da Xunta, a comezar pola adecuación das instalacións xudiciais garantindo a seguridade e a intimidade das vítimas e das súas familias.

- Elaboración dun **Estatuto de Vitima do Feminicidio** e inclusión do termo na lexislación galega contra a violencia de xénero, aumento das contías orzamentarias e diálogo social para a mellora do marco legal.

- Elaboración de **guías de prevención, detección e atención** a mulleres en situación de violencia machista en ámbitos de actuación prioritaria como a sanidade.
- Elaboración dun **Plan Galego de prevención e concienciación social sobre a violencia machista** prestando especial atención á mocidade.
- Elaboración de **plans de formación en materia de detección, acompañamento e intervención fronte á violencia machista** dirixidos ás e aos profesionais que directa ou indirectamente traballan con mulleres vítimas.
- Impulsar o cumprimento da Declaración de Compostela e outros código **deontolóxicos en materia de tratamento informativo da violencia machista** así como a formación en perspectiva de xénero das/os xornalistas.
- Reformar a composición da Comisión asesora de publicidade sexista incorporando a ela perfís profesionais do ámbito da comunicación e o xénero así como promover a incorporación na lexislación de sancións en materia de **publicidade e comunicación sexista**.
- Redacción dun **novo regulamento para os Puntos de Encontro Familiar** con especial atención á intervención social e a prevención e detección de posíbeis situacións de violencia.
- Novo **impulso á Rede Galega de Acollemento** incrementando prazas e planificando a súa xestión íntegra pública por parte da Xunta de Galiza.
- Garantir a **gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual** por seren vítimas de violencia machista, adaptar os protocolos e campañas a este tipo de violencia e promover un **programa específico de formación en materia de violencia sexual** para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).
- Colaborar coas institucións universitarias na incorporación no mestrado habilitante de profesorado dunha materia específica sobre violencia machista.
- Concretar a ampliación da cobertura de **axudas** e crear novos mecanismos de compensacións ás vítimas así como promover a equiparación a vítimas de terrorismo a efectos de indemnizacións.

- Pór fin ao financiamento de calquera colectivo ou instrumento que fomente a normalización da inexistente “síndrome de alienación parental” polo seu carácter retrógrado e banalizador da violencia machista.
- Fomentar a contratación e inserción laboral das mulleres a través de políticas activas específicas de emprego.
 - Dar **visibilidade** ao **traballo non remunerado no fogar** e estudar o uso dos tempos nestes, comprometendo a realización periódica da Conta Satélite da Producción Doméstica do IGE e colaborando coas universidades galegas no desenvolvemento de estudos específicos sobre a materia.
 - Elaboración **Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados** co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.
 - Utilizar a **linguaxe inclusiva e non sexista** en todas as institucións e organismos públicos e oficiais.
 - Elaborar, de maneira dialogada coa comunidade educativa e axentes especializados, un **Plan galego de educación afectivo-sexual que garanta o dereito a unha educación integral en todas as etapas educativas.**
 - Elaboración dunha **“Lei galega de identidade de xénero”** coa participación do colectivo trans, baseada nunha despatoloxización das identidades trans, e que teña por obxectivo revertir a consideración de enfermos mentais que aínda recae sobre este colectivo na Galiza, seguindo camiño sinalado por diversos organismos internacionais como a Comisión Europea e a Organización Mundial da Saúde.
 - Elaboración dun **protocolo de atención sanitaria** que garanta unha atención non patoloxizante e respectuosa no conxunto do SERGAS. Reforma da actual unidade do xénero para promover a formación das e dos profesionais e a inclusión dos tratamentos que foren precisos no proceso de transición (terapia hormonal, logopedia, servizo psicolóxico e intervencións cirúrxicas como a xenital). A atención sanitaria das persoas trans no SERGAS débese rexer por principios de proximidade e acompañamento, garantindo un período máximo de espera razoábel, así como un carácter non patoloxizante, tráfobo nin paternalista de todo o proceso”.

– Elaboración dunha **“Lei galega para garantir os dereitos do colectivo LGTBI e erradicar a homofobia, a bifobia e a transfobia”** que substitúa a “Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”, elaborada co apoio das asociacións e activistas LGTBI, **“que actúe como ferramenta nas diferentes discriminacións que aínda está a sufrir este colectivo, incluíndo un réxime sancionador efectivo”**. Xirará, sen prexuízo de outras medidas, ao redor dos seguintes ámbitos:

- Educación. Formación transversal do persoal educativo; protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade de sexualidade e de xénero nos programas docentes.

- Laboral. Desenvolvemento de medidas de inserción laboral destinadas a persoas trans, que poñan freo á taxa de paro case absoluta que segue a afectar a este colectivo. Deseño dun protocolo contra agresións lgtbifóbicas e discriminación no terreo laboral, así como programas formativos nas institución públicas e planes de colaboración co ámbito privado.

- Mocidade e familia. Disposición de recursos para evitar problemas de suicidio, saúde mental, ETSs; potenciación centros de apoio e asistencia ás familias e mozas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ao espazo rural.

- Administración. Formación de axentes de policía e elaboración dun protocolo contra agresións lgtbifóbicas; disposición das medidas oportunas para garantir o tratamento no xénero real perante calquera institución galega sen necesidade de pasar por procesos de hormonación ou cirurxía de reasignación sexual, nin pedindo como requisito o diagnóstico médico de “disforia de xénero”, tanto para maiores como para menores de idade.

- Cultura. Disposición nas bibliotecas públicas dunha sección de recursos audiovisuais e escritos específicos; apoio aos proxectos culturais e artísticos de temática LGTBI; campañas de promoción da diversidade e o respecto e contra a lgtbifobia nos principais medios de comunicación

– Impulso das **asociacións LGTBI** e establecemento dun **diálogo continuo e estreito** con elas para o tratamento das diversas necesidades do colectivo e elaboración de medidas legislativas e campañas de concienciación e contra a discriminación. Facilitación de espazos públicos para as súas actividades.

– Recuperación das funcións dos **Centros Quérote+** desmantelados polo PP. Incrementar o persoal (incluída a

formación), delegacións, servizos de atención (tanto telefónica como presencial) e conexión con centros educativos, xuvenís e de saúde dos Centros Quérote+ de todo o país. Aumento do número de Centros Quérote+ nas vilas pequenas e medianas; ademais de implementar novos eixos de actuación, un incremento considerábel nas partidas orzamentarias e unha maior ligazón coa mocidade.

– Declaración dos crimes lgtbifóbicos como delitos de odio e non como mero agravante. Impulso dun Plan Galego de Apoio ás Víctimas do Odio lgtbifóbico, que recolla alternativa habitacional e laboral en caso de expulsión da casa familiar e/ou local de traballo, asistencia xurídica específica e de graza, servizos médicos e psicolóxicos, etc.

– Realización de **campañas públicas de concienciación** durante todo o ano, mais especialmente ao redor de datas asinaladas como o 17 de maio (Día internacional contra a lgtbifobia), Día da visibilidadelésbica galega (8 de xuño), 28 de xuño (Día do orgullo LGTBI) ou o 1 de decembro (Día contra a SIDA)

– Creación dun **Observatorio Galego contra o machismo e a lgtbfobia** con persoal especializado e a participación do colectivo LGBT, entre cuxos ámbitos de acción estean os medios de comunicación, o ámbito laboral, administrativo, educativo ou da saúde, entre outros, de forma que elabore estudos periódicos e propoña estratexias de intervención.

– Impulsar protocolos específicos e plans de actuación destinados a fomentar o respecto e aceptación da diversidade afectivo-sexual nos entornos rurais.

– Garantir para todas as galegas o dereito ao aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación. Garantir cando menos a creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

– Poñer en marcha medidas de protección dos dereitos reprodutivos das mulleres fronte á ameaza de retrocesos nesta materia cumprindo con garantías a lei e de mellora na súa atención evitando situacións de violencia nos procedementos de interrupción voluntaria, terapéutica ou euxenésica do embarazo e traballar na ampliación do marco lexislativo contrario ao recoñecemento da práctica dos ventres ou barrigas de alugueiro.

12

Calidade ambiental, biodiversidade e emerxencia climática

A humanidade está diante dun desafío sen precedentes provocado por un sistema económico baseado na depredación de recursos. O deterioro ambiental, a perda de biodiversidade, as secas, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a emerxencia climática, a desertización e erosión do solo, a contaminación da auga e do ar..., son algunhas das manifestacións máis evidentes deste proceso, que obriga a unha acción pública decidida para lle facer fronte.

A crise provocada pola COVID19 e as medidas adoptadas para conter e prever a expansión do virus viñeron reforzar esta idea e, de maneira especial, a urxencia dun novo modelo económico, produtivo e de consumo.

A sociedade galega esixía antes da pandemia e continúa a exixir agora políticas públicas ambiciosas, valentes e transformadoras que enfronten a emerxencia climática, a perda de biodiversidade, as secas, a desertización e a erosión do solo, a contaminación da auga e do ar, en definitiva, aquelas manifestacións máis evidentes deste proceso.

A actuación política do BNG terá como finalidade garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre defensa do medio e desenvolvemento sustentábel, a través das seguintes liñas de actuación:

- Apostar por un modelo de desenvolvemento económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico.
- Adaptar o sistema económico a un futuro con unha importante redución de enerxías fósiles co horizonte de chegar ao consumo de enerxías fósiles 0.
- Protexer a biodiversidade do noso país, como aposta política social e económica de desenvolvemento ligado á Terra.
- Promover unha reforma fiscal en profundidade para adoptar o modelo de fiscalidade ecolóxica.

- Comprometerse activamente na loita contra a mudanza climática establecendo como prioritario o obxectivo de redución no noso país das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Adoptar, en toda a actividade da Xunta e entes autonómicos, a compra e contratación pública verde, e establecer medidas que a promovan no resto do sector público galego (concellos, universidades, centros de ensino, centros sanitarios, etc). Fomentar en todos os sectores públicos galegos, o criterio de compra no comercio local, e con base en materiais non plásticos sempre que for posíbel. Fomentar en todos os sectores públicos galegos con servizo de dispensa de alimentos ou comedor, o criterio de km0, alimentos de tempada, artesáns e/ou ecolóxicos.
- Avanzar na creación de circuitos de produción, comercialización e consumo de calidade e proximidade (km0), co obxectivo de minimizar os impactos ambientais.
- Fomentar as infraestruturas verdes e a arquitectura e urbanismo con criterios bioclimáticos, utilizándoo como criterio preferente na obra pública.
- Promover a economía circular co fomento da prevención, a reutilización e a reciclaxe dos materiais e a través do mercado de produtos reciclados e de segunda man.
- Obrigar a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.
- Establecer plans de loita contra a contaminación en todas as súas formas, tanto aérea (incluídas a lumínica e acústica) como acuática e edáfica.

12.1. Axenda urbana galega 2030

Nos últimos anos foi cobrando forza o debate sobre o modelo urbano e a necesidade de avanzar cara a cidades e vilas que poñan no centro as persoas, a convivencia, a cohesión e integración social, así como a protección da saúde, do medio e da biodiversidade

A actual crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID 19 acelerou o debate sobre os modelos urbanos, poñendo en primeiro plano a necesidade de transformacións profundas na organización da vida nas nosas vilas e cidades.

A experiencia do BNG nos gobernos municipais é un aval para impulsar desde o goberno galego unha nova etapa en relación coa Axenda e o Modelo Urbano, no marco das Estratexias definidas na Axenda Urbana 2030 e nos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentábel das Nacións Unidas, e tendo en conta tamén a necesidade de artellar plans de adaptación e de mitigación fronte á emerxencia climática. Trátase de aproveitar o mellor das experiencias de éxito desenvolvidas en todo o mundo, mais tamén de procurar solucións propias, adaptadas á realidade e ás necesidades do noso país.

O goberno galego ten que impulsar e liderar esta transformación urbana, nun proceso participativo e en diálogo coas entidades locais e cos axentes sociais, co obxectivo de aprobar no prazo máximo de 1 ano a Axenda Urbana Galega 2030.

O modelo urbano defendido polo BNG ten como obxectivo central converter as cidades e vilas galegas en referentes de calidade de vida, benestar, integración social, equilibrio ambiental e dinamismo socioeconómico e cultural. Para conseguilo, atenderá aos seguintes obxectivos específicos:

Cidades e vilas amábeis

O espazo público debe ser entendido como dereito básico das persoas, como a sanidade, a educación ou a vivenda. As persoas teñen dereito a dispoñer dun espazo público de calidade para desenvolver as súas vidas e relacións sociais con seguridade e equidade.

A organización e planificación das cidades debe facerse poñendo as persoas no centro, primando os criterios humanos e sociais sobre outros intereses. O espazo público, en canto escenario principal da vida nas cidades, debe concibirse como un lugar amábel, acolledor, integrador e diverso. As solucións técnicas e as innovacións tecnolóxicas (smart city) teñen que poñerse ao servizo dos intereses da maioría.

Cidades e vilas inclusivas

O espazo público é o lugar da vida das persoas en condicións de igualdade, sen discriminacións relacionadas coa idade, xénero, clase, ou por factores físicos, sensoriais ou intelectuais.

As políticas urbanas garantirán a accesibilidade universal, física, sensorial e de comunicación.

Fomentárase a función dos espazos públicos como lugares de relación social, integración e cohesión para todas as persoas, atendendo ás necesidades dos colectivos máis vulnerábeis

Atenderase á diversidade xeracional, funcional, socioeconómica, coa finalidade de combater a segregación xeracional ou social.

O modelo urbano responderá á perspectiva de xénero, co obxectivo de facer fronte á desigualdade e á discriminación, así como favorecer a plena integración das mulleres no espazo público, na vida social, económica e cultural.

Cidades e vilas compactas

Fronte á disgregación e á expansión cara ás áreas periurbanas, o modelo urbano do BNG aposta pola planificación e construción de servizos e equipamentos de proximidade: mercados, centros de saúde e sociosanitarios, equipamentos socioculturais, centros educativos, equipamentos deportivos... Ao mesmo tempo, considera necesario fomentar e protexer o comercio de proximidade no centro urbano e nos barrios, poñendo freo á proliferación de grandes superficies. Serán tamén criterios centrais do modelo urbano compacto: a diversidade e mestura de usos do espazo público: sociais, económicos, culturais, deportivos, de lecer; a rehabilitación e rexeneración de edificacións e zonas degradadas; medidas en materia de vivenda e ordenación urbana que eviten a especulación, a xentrificación e en xeral a proliferación de actividades económicas que expulsen poboación dos centros urbanos.

Cidades e vilas saudábeis

O modelo e a axenda urbana deben considerar prioritario o benestar físico e emocional, fomentando cidades e vilas que protexen e melloran a saúde.

Para conseguilo, será prioridade atender as seguintes cuestións:

- Redución da contaminación vinculada ao tráfico e a actividades industriais: prevención de mortes e patoloxías asociadas á contaminación e ao ruído.
- Deseño dos espazos públicos e do viario urbano con criterios de seguridade e primacía das persoas usuarias máis vulnerábeis.
- Beneficios da biodiversidade, do coidado do medio ambiente

urbano, das zonas verdes e arboradas, dos cursos de auga e humidais, da paisaxe tradicional e dos montes periurbanos...

– Papel central das cidades e vilas na acción sobre a emerxencia do clima

O modelo urbano defendido polo BNG prestará especial atención ás seguintes liñas de actuación:

O espazo público e a mobilidade

A organización e transformación do espazo público farase tendo en conta o principio “as persoas primeiro”. Deberase garantir a mobilidade peonil en condicións de seguridade obxectiva e subxectiva, priorizando esta na xerarquía da mobilidade: a pé, en bici, vehículos de mobilidade persoal, transporte colectivo, automóbil privado.

Promoverase a elaboración e aprobación de plans municipais e territoriais de mobilidade sustentábel, de acordo cos criterios establecidos na Lei e na Estratexia de Mobilidade Sustentábel, saudábel e segura.

Potenciarase a mobilidade natural e activa sobre a motorizada e pasiva, tanto nos espazos urbanos. Fomento da mobilidade ciclista, de acordo co establecido no Plan galego de fomento da mobilidade en bicicleta.

Fomento do transporte público, con solucións adaptadas a cada territorio/área urbana, e co fomento do transporte público a demanda para núcleos rurais, creando espazos de preferencia peonil.

No ámbito rururbano e interurbano crearanse itinerarios peonís e ciclábéis:

– Itinerarios libres e continuos sen obstáculos dun mínimo de 2.5 m de largo:

– Cando for posíbel establecerase a plataforma única coas medidas de calmado de tráfico necesarias

Seguranza viaria

Primarase a seguranza das vías e espazos públicos mediante políticas de restrición (limitación de acceso, desvíos...) e calmado

de tráfico (pasos peonís sobreelevados, redutores físicos de velocidade...)

Toda a rede de estradas e rúas en contornas de núcleos terán velocidade máxima de 30 qm/h Nos espazos públicos de preferencia peonil, a velocidade máxima dos vehículos autorizados será de 10 qm/h.

Cidades e vilas da infancia

O espazo público debe ser concibido como escenario da socialización e da aprendizaxe de nenos e nenas

Potenciarase a presenza de nenos e nenas no espazo público con autonomía e seguridade.

Crearanse camiños escolares seguros como primeira medida de recuperación do espazo para as crianzas e para o desenvolvemento autónomo

Crearanse canles de participación infantil na vida municipal

Infraestrutura verde

Desenvolvemento da infraestrutura verde urbana con actuacións en edificacións, espazos públicos, zonas verdes e arboradas, biodiversidade e espazos naturais perirurbanos, continuidades e corredores verdes: rías, ríos e humidais, montes...

Atención á preservación e conservación da paisaxe: preservación dos equilibrios e das paisaxes tradicionais, creación de áreas de protección paisaxística, rexeneración de paisaxes degradadas...

Economía circular e Km0

Planificación da xestión sustentábel dos residuos, auga, enerxía, abastecementos (mercados e circuitos de produtos frescos de proximidade)

– Ciclo da auga (abastecemento, saneamento, depuración, reutilización):

Abastecemento: preservación dos recursos, redución do consumo, eficiencia nas redes de distribución (redución de perdas), reutilización de augas usadas

Saneamento: planificación e priorización das infraestruturas, ampliación e mellora da redes de saneamento, ampliación e mellora das infraestruturas de depuración; reutilización de augas e lodos de depuración...

– ciclo da enerxía: redución do consumo, eficiencia enerxética, abastecemento con enerxías renovábeis, autoabastecemento con enerxías de km 0 en edificios e equipamentos públicos (xeotérmica e fotovoltaica, uso da biomasa para calor)

– ciclo dos materiais: consideración dos residuos como recursos
Xestión e tratamento da materia orgánica con criterios de autosuficiencia, proximidade e circularidade: compostaxe domiciliaria, comunitaria e en miniplantas/plantas comarcais
Xestión e tratamento de residuos de construción e demolición (RCD): ordenanzas municipais e estímulos para o tratamento e reutilización fronte a “valorización” en depósitos e vertedoiros (ocos de canteiras)

Fomento dos sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes

– ciclo dos alimentos

Fomento da produción agroalimentaria local, de proximidade e de calidade, potenciación dos mercados e circuítos de produtos frescos de proximidade. Fomento de centros de transformación e envasado. Apoio ás cooperativas e asociacións de consumo.

Vivenda e usos residenciais

– Intervención pública no mercado da vivenda, para garantir a súa consideración de dereito básico das persoas, fronte á especulación e o negocio privado.

– Desenvolvemento de plans de rexeneración e rehabilitación urbana.

– Protección e conservación patrimonio construído e do parcelario.

– Fomento da bioconstrución e materiais reciclados e sustentábeis.

– Apoio a medidas que garantan a eficiencia e autosuficiencia enerxética.

– Plans de garantía da accesibilidade nos edificios residenciais e nos equipamentos e transportes públicos.

12.2. Xestión de residuos

Desde sempre o BNG propuxo e defendeu una política de residuos baseada na prevención (antes denominada redución), na recuperación e na reciclaxe.

Hoxe non só é una proposta do BNG, senón que é una obriga legal recollida na normativa europea, estatal e, mesmo da Xunta de Galiza. A pesar de estes obxectivos estaren recollidos na normativa por imperativo legal non se adoptaron as medidas para a súa efectiva implantación e posta en funcionamento. Así, por exemplo, os obxectivos fixados no PXRUG da mesma Xunta de Galiza para o ano 2020, están moi lonxe de se acadaren. Estamos arredor do 12% dos residuos previstos, reutilizados ou reciclados, cando o obxectivo estaba fixado no 50% para o 2020 e no 65% en 2025.

Co obxectivo de facer una política de residuos que faga posíbel o cumprimento e, mesmo a superación, dos obxectivos fixados pola normativa, e atendendo tamén aos principios de proximidade e redución das emisións de gas de efecto invernadoiro, o BNG promoverá as seguintes medidas:

- Aumento da selección e, cando for posíbel, tratamento ou reciclaxe en orixe, co fomento da compostaxe individual e comunitaria e plantas comarcais de reciclaxe e de compostaxe, neste caso cando foren necesarias. Redución paulatina pero drástica das medidas de tipo finalista como a incineración e os vertedoiros.
- Promover a correcta separación en orixe dos residuos, reducindo contentores xenéricos e acompañando esta acción coa realización de campañas de sensibilización na corresponsabilidade.
- Estabelecemento dun sistema de bonus/malus para o cumprimento dos obxectivos de prevención, reutilización e reciclaxe. Primaranse aos concellos e aos xeradores de residuos de todo tipo con primas económicas, mentres que se fará un recargo ou taxa a aqueles outros que incumpran os obxectivos. En ambos os casos os bonus e os malus serán proporcionais ao grado de cumprimentos e incumprimentos de cada entidade ou organismo.
- Lanzamento do Plan Galego de Compostaxe para a fracción orgánica fermentábel dos residuos urbanos, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos. Incluirá a implantación de complexos de compostaxe de ámbito comarcal, inventario dos residuos compostábeis, medidas para a valorización

do compost e fomento da investigación e prácticas vinculadas coa compostaxe.

- Revisión da normativa e desenvolvemento dun novo Plan de xestión dos residuos industriais que promova a recuperación e a reutilización, a xestión in situ ou en plantas específicas, e que minimize os impactos sobre o medio.

- Impulso de ordenanzas sobre xestión para a reutilización dos Residuos de Construción e Demolición (RCD) e de medidas de incentivo do mercado destes produtos.

- Fomento de medidas de redución de uso de plásticos e aposta polo sistema de Depósito, Devolución e Retorno para envases e embalaxes.

12.3.Saneamento integral e xestión da auga

Para dotar a auga da máxima protección, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Reclamación da xestión pola Xunta de Galiza da Confederación Hidrográfica do Miño– Sil, e as competencias exclusivas na xestión de toda a rede fluvial de Galiza.

- Evitar a creación de novos encoros, e revisar a planificación para que se garantan caudais ecolóxicos suficientes e efectivos nos encoros xa existentes.

- Desenvolvemento de medidas de saneamento integral de todos os cursos e ecosistemas fluviais.

- Protección dos recursos hídricos fronte a actividades económicas intensivas e con forte impacto na cantidade e calidade das augas.

- Protección dos humidais como reservas estratéxicas de biodiversidade e de mitigación do cambio climático.

- Potenciación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos galegos. Mellora da coordinación da inspección ambiental. Persecución e condena efectiva dos vertidos incontrolados e ilegais. Sistema público de seguimento de vertidos, con garantía de obxectividade e independencia de axentes e entidades encargadas da mostraxe e análises de vertidos.

- Implantación de modelos de saneamento con maior viabilidade ambiental e económica, en particular:

a) preferencia do saneamento descentralizado

b) técnicas e procesos de recuperación dos recursos contidos nas augas residuais (enerxía, nitróxeno, fósforo e outros elementos nutrientes)

c) sistemas naturais e de baixo custo, en particular as zonas húmidas construídas. Control das captacións de augas para usos industriais e domésticos e medidas para a redución de perdas e fugas, así como medidas, incluso sancionadoras, para acadar a máxima eficiencia da auga utilizada e o mínimo consumo.

– Fomento de medidas que reduzan o consumo de auga, promoción do aforro e da eficiencia nos sistemas de distribución, mellora dos tratamentos terciarios en depuración e reutilización de augas residuais depuradas.

– Modificación da Lei de Augas co fin de integrar de modo efectivo os principios da Directiva Marco, procurando o consenso social.

12.4. Protección do noso mar

Os recursos mariños teñen un valor estratéxico, tanto ambiental como económico. Así, será a nosa prioridade a súa defensa, a planificación do seu uso e a mellora do hábitat, impulsando as seguintes medidas:

– Mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, incluída a paisaxe. Planificación do uso do medio mariño e do litoral, facendo compatíbel a actividade pesqueira coa conservación da biodiversidade.

– Fomentar o uso racional e sustentábel da pesca de baixura e marisqueo, empregando entre outras medidas as reservas mariñas.

– Limitar e regular a acuicultura mariña industrial, tanto en terra como na auga.

– Saneamento integral do litoral, ampliando e mellorando os sistemas de depuración existentes e rematando cos vertidos de augas residuais sen depuración. Control da contaminación mariña.

– Sacar o complexo ENCE da ría de Pontevedra.

– Limitar e controlar estritamente a importación de especies foráneas (semente de moluscos, etc) para repoboación.

12.5. Espazos naturais, biodiversidade e custodia do territorio

O medio natural do noso país está a padecer un continuado deterioro que é urxente inverter. A conservación do medio ten grandes potencialidades económicas para impulsar un desenvolvemento sustentábel con que enfrontar a actual crise. Así, o BNG levará a cabo as seguintes actuacións:

- Creación dun Fondo de Conservación da Natureza, coa finalidade de dotar de maiores recursos a protección da biodiversidade e a dinamización dos espazos naturais protexidos.

- Revisión da normativa de uso e xestión dos Espazos Naturais Protexidos (ENP), priorizando a conservación e fomentando a participación e información da poboación local.

- Aprobación dos plans de ordenación para cada un dos espazos da Rede Natura 2000, que inclúan as accións de conservación e protección necesarias en atención as súas particularidades e ademais recolla medidas en beneficio da poboación que vive nestes espazos.

- Ampliación da Rede de Espazos Naturais, atendendo ás necesidades de eficiencia para a conservación dos hábitats e da biodiversidade. Será prestada atención especial a lugares singulares, como por exemplo a inclusión da Serra do Galiñeiro no Parque Natural Monte Aloia. Dar continuidade na Galiza ao Parque Peneda – Gerês e establecer mecanismos de coordinación e convenios de colaboración.

- Reforzo das figuras das Reservas do Biosfera, como espazos de convivencia entre as persoas e o medio dentro do programa mundial da UNESCO. establecemento de axudas específicas para estratexias de desenvolvemento ecolóxico, económico e social, ampliábeis a territorios veciños.

- Aprobación dos Parques Naturais do Monte Pindo, Trevinca, Queixa– San Mamede, Ancares e Courel, mais non só como instrumentos de protección senón tamén de desenvolvemento territorial. Os parques deben mudar de modelo, non poden impedir a actividade agrogandeira senón tornala plenamente compatíbel para que o coidado do medio actúe tamén como factor de desenvolvemento social.

- Ampliación territorial do Parque Nacional das Illas Atlánticas (coa incorporación das Illas Sisargas, entre outras zonas) e definición de novos plans de uso e xestión.

- Aumento da loita contra as especies invasoras, tanto nas fases temperás (rede de avisos, etc) como no control e erradicación. É fundamental aumentar o gasto específico en plans de I+D públicos en relación á prevención, control e erradicación de especies invasoras.
- Evitar o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino á alimentación humana e animal.
- Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.
- Estabelecer plans de conservación das especies mariñas protexidas e labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e directrices internacionais.
- Reducir a superficie ocupada polo Eucaliptus globulus e prohibir a forestación con Eucaliptus nitens e outras especies invasoras en todo o territorio galego.
- Prohibir o cultivo de especies alóctonas nos espazos protexidos e nos bosques de ribeira.
- Impedir os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins enerxéticas, priorizando o uso da biomasa para restituír a materia orgánica e os nutrientes ao solo, así como para a compostaxe.
- Adaptar a actividade forestal ao cambio climático, tendo en conta as situacións de risco (lumes, erosión, perda de capacidade de retención e de fertilidade, etc) nos nosos montes.
- Procurar alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes. Reverter este proceso é imprescindible para garantir a existencia dos propios sistemas forestais, a conservación dos ecosistemas e a produción de recursos no futuro. Fomento da agrogandaría ecolóxica, ou cando menos extensiva ou semiextensiva, para o control da biomasa e a prevención de incendios.
- Fortalecer o corpo de axentes forestais e de medio ambiente para reverter as olíticas de retallamento e desmantelamento, co obxectivo de que poidan exercer con medios e con garantías o seu labor.
- Activar a revisión profunda do Catálogo Galego de Especies Ameazadas e elaborar os respectivos plans de conservación e recuperación.

- O lobo é unha das especies máis emblemáticas da fauna galega e suxeita a unha complexa situación de conservación. Tras décadas de fracaso na toma de medidas para a convivencia coa gandería resultan precisos novos enfoques cara a unha xestión moderna e de solucións. Propoñemos a descatalogación do lobo como especie cinxética, a súa inclusión no Catalogo Galego de Especies Ameazadas, priorizando a posta en marcha dun ambicioso plan de medidas de prevención asesoramento e atención inmediata ás explotacións gandeiras, e un pago áxil e xusto dos danos ocasionados.
- Plan de recuperación e protección do cabalo galego de monte.
- Elaborar un plan de xestión do xabaril con medidas de control e redución de danos.
- O goberno galego establecerá un protocolo de colaboración activa coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio para apoiar o seu imprescindible labor e elaborar conxuntamente as liñas básicas de actuación neste ámbito.

12.6. Participación pública e educación ambiental

Co obxectivo de impulsar a participación e o coñecemento do conxunto da sociedade nas políticas de defensa do medio, o BNG tomará as seguintes medidas:

- Impulso ao tecido asociativo ecoloxista e fomento da transparencia na xestión das administracións públicas. Creación dunha Rede de Información e Participación neste ámbito.
- Actualizar e aplicar a Estratexia Galega de Educación Ambiental. Apoio ás entidades e profesionais no seu labor de educación ambiental e promoción do voluntariado ambiental.

12.7. Protección dos animais

- Elaboración dunha nova Lei de protección de animais domésticos e de estimación/compaña, tomando en consideración as propostas das entidades protectoras e dos concellos como responsabeis últimos da súa aplicación.
- Fomento do respecto e da protección animal, impulsando as modificacións normativas necesarias para impedir a realización na Galiza de touradas e outros espectáculos con animais (en circos, tiro ao pombiño, sorteos de animais en festas, etc). Fin de zoolóxicos e acuarios con fins de entretemento.

- Aplicar os convenios e tratados internacionais que supoñen unha mellora no campo da protección e do benestar animal.
- Impulsar as alternativas ao uso de animais en toda clase de ensaios e experimentacións, apostando polos modelos xa validados no ámbito europeo.
- Lanzamento dunha Estratexia Galega de prevención do abandono e maltrato animal que inclúa medidas de sensibilización, aproveitando os medios de comunicación públicos e programas específicos nos diferentes ámbitos do sistema educativo.
- Estabelecemento dun programa de apoio económico e técnico aos concellos, entidades protectoras de animais, refuxios e santuarios.
- Recoñecemento legal da figura do Santuario animal dotándoos dos medios necesarios. establecemento de convenios con este tipo de refuxios para a acollida de animais de granxa provenientes de decomisos ou abandonos.
- Accións de fomento da adopción fronte á compra de animais de estimación ou compañía, fomento da esterilización, a identificación e o apoio ás entidades para o obxectivo sacrificio cero.
- Apoio aos concellos para a creación e funcionamento de refuxios públicos e para o desenvolvemento de iniciativas e medidas de control responsable de animais da rúa como a xestión de colonias felinas ou os servizos de rescate e acollida. Campañas de esterilización para animais de compañía. Aplicación do método CER na xestión de colonias de gatos.
- Reconsideración xurídica da caza, vetando a munición de chumbo e aumentando as exixencias para a obtención dunha licenza. Prohibición da práctica ou participación na caza ás persoas menores de idade, de acordo ao criterio superior de protección da infancia e da adolescencia. Eliminación de subvencións e outras medidas de apoio a campionatos competitivos de caza de animais silvestres, e demanda de reformas legais que os prohiban. Especial control de cans empregados para actividades cinxéticas, con especial atención ao seu abandono.
- Prohibición de batidas de lobos, raposos e xabarís. establecemento de controis por métodos éticos da reprodución da fauna salvaxe e silvestre. Medidas preventivas como pastoreo

- Introducción no currículo escolar de temarios sobre protección e benestar animal. Promoción de campañas educativas nos centros de ensino a respecto da fauna salvaxe.
- Creación e apoio dos centros de recuperación da fauna salvaxe.
- Sinalización e creación de zonas de paso específicas para animais nos espazos onde, como consecuencia da construción de infraestruturas, puideren ter perigo.
- Campañas para o fomento de espazos públicos que permitan a presenza animais: transporte, comercio, hostalaría, etc...
- Fomentar a existencia, para atender a demanda, de menús vexetarianos e veganos nas cantinas dos centros públicos dependentes da administración galega (centros de ensino, hospitais, residencias, albergues, campamentos de verán, centros oficiais, cárceres...)
- Lexislar para impedir o establecemento de novas granxas peleteiras e procurar o cambio de actividade das existentes
- Formación á Policía Autonómica e demais corpos policiais e de seguridade na defensa medioambiental e da protección dos animais. establecemento de protocolos de actuación claros para este corpo en casos de abandono, maltrato, accidentes, rescates, etc...
- Normativización para o acceso de animais ao transporte público, albergues para persoas sen fogar, casas de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, residencias para maiores, hospitais ou vivendas tuteladas.

13

Ordenación do territorio e transporte

A carencia até o de agora dunha auténtica política de ordenación do territorio que sirva para protexer, ordenar e pór en valor o noso territorio é unha das eivas máis graves e persistentes.

Na actualidade segue en vigor unha desfasada Lei de Ordenación do Territorio que o PP tentou actualizar no final da lexislatura pasada, coa intención de incrementar os mecanismos arbitrarios de xestión territorial e fixar novos mecanismos de blindaxe das actividades extractivas e espoliadoras logo dos xa introducidos na Lei de implantación de iniciativas empresariais (2017), coñecida como “Lei de depredación”.

Por outra parte, as Directrices de Ordenación do Territorio (2011) -demasiado xenéricas e ambiguas e sen desenvolver- non foron un instrumento axeitado para a ordenación e a xestión do territorio con criterios de desenvolvemento sustentábel, cohesión e equilibrio.

Neste marco, as propias actuacións da Xunta foron dunha arbitrariedade elevada, utilizando os instrumentos de ordenación do territorio, fosen plans ou proxectos sectoriais, dun xeito discrecional e sen ningunha planificación máis alá de razóns de oportunidade ou interese de parte. Unhas veces si e outras non, segundo conviñer e sen ningún criterio racional nin planificación.

Esta discrecionalidade por parte da Xunta, contraria a todo principio racional e democrático de funcionamento da administración, conduciu tamén a que non cumpra coas súas obrigas. A Ordenación do Territorio máis concreta e detallada debería ser feita con plans territoriais integrados en que se fixasen as determinacións básicas de proteccións, infraestruturas e dotacións de cada unha das comarcas ou áreas de Galiza. Estes plans están sen realizar e o PP non ten previsión de facelos. A razón é que ataría as mans a Xunta para actuar de xeito regrado e non botar man de instrumentos para a ocasión, sen previsión nin planificación.

Como resultado da carencia destes imprescindíbeis plans territoriais integrados, toda a carga planificadora da Xunta descargase

nos PXOM, obrigando os concellos a incorporaren unha sobrecarga de determinacións alleas, que non son de competencia municipal. Se arredor de 90% das determinacións dun PXOM son fixadas pola Xunta, ou polo Estado en menor medida, non ten sentido que os concellos teñan que definilas e incorporalas no PXOM. Tanta sobrecarga de determinacións alleas leva a unha complexidade de tal magnitude que os fai de tramitación longuísimas e dunha debilidade extrema fronte a recursos e contenciosos. Unha boa parte dos PXOM aprobados ao abeiro da LOUGA están xa anulados polos tribunais ou en perigo certo de selo. Os que se salvaron foi porque non houbo contenciosos ben formulados.

Así pois hai que reformular en profundidade todos os instrumentos que afectan ao territorio facéndoos máis sinxelos, máis áxiles e con mellor delimitación de competencias, no camiño dunha verdadeira planificación e protección do noso territorio. Nese sentido, o BNG defende:

—Reestruturación do corpus lexislativo existente, impulsando novas leis de Ordenación do Territorio, de Estradas, de Urbanismo, e demais instrumentos de ordenación inspiradas no respecto e adecuación á realidade comarcal de Galiza, incorporando as tendencias mundiais máis avanzadas e contrastadas, mais rexeitando as concepcións alleas importadas acriticamente que dominan actualmente as actuacións da Xunta.

—Elaboración de planos territoriais integrados e planos directores dos distintos ámbitos que conforman a estrutura organizativa territorial de Galiza, nomeadamente no ámbito comarcal, rural e urbano —áreas metropolitanas—, ou ben de unidades operativas de carácter supramunicipal ou supracomarcal conformadas por territorios complementarios ou homoxéneos.

—Acomodación do territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socioeconómico e modernización real do país, evitando a desfeita do modelo territorial tradicional e a destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación.

- Regulación dos instrumentos de ordenación territorial, determinación das áreas de intervención no que atinxe ao carácter público, privado ou mixto das implantacións no territorio e equilibrar o asentamento poboacional no territorio.

—Potenciación da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Impulso dos instrumentos de coordinación e planificación e desenvolvemento de estratexias conxuntas no eido das infraestruturas, medio ambiente, territorio, transportes, servizos, axenda urbana, emerxencias, desenvolvemento económico, dereitos sociais e laborais,

lingua, cultura... Elaboración conxunta do Plan de reactivación postcovid dos territorios fronteirizos, e plans de colaboración coas Agrupacións de Cooperación Transfronteirza e coas Eurociudades.

—Baleirado progresivo de contido operativo das deputacións provinciais.

13.1. Mobilidade máis racional e sustentábel

A cultura do asfalto puido ter unha base razoábel hai anos, cando as vías de comunicación de todo tipo estaban nunha situación precaria na Galiza. Mais na actualidade, a insistencia na política de asfalto e máis asfalto, de estradas e máis estradas, carece de toda lóxica social e económica, constituíndo máis un desorbitado culto á velocidade, ao automóbil e á comodidade sen límites.

Como consecuencia desta liña de actuación, encontramos que na Galiza a sinistralidade viaria é case 50% máis elevada que na media do Estado, coas súas terribéis consecuencias de persoas mortas, inválidas, feridas e danos materiais e económicos. Estamos a falar de arredor de 100 persoas mortas e de arredor de mil millóns de euros perdidos cada ano como consecuencia da violencia vial, a maiores dos sobrecustos dos seguros, especialmente nas provincias atlánticas.

Por tanto, hai que inverter totalmente as prioridades. As estradas son de moi custosa execución e mantemento e só se deberían executar de nova planta ou ampliacións e melloras cando estiver moi xustificadas. Os maiores esforzos deben ir para mellorar a seguridade vial e adaptar as vías para que respondan ás necesidades reais da forma máis segura, potenciar os camiños de ferro interiores e de proximidade e primar ademais as mobilidades amábeis, a peonil e a ciclista.

O mesmo poderíamos dicir do transporte público, en que a satisfacción das potenciais demandas hai que facelas por medios racionais e adecuados, buscando unha proporcionalidade entre necesidades e medios para satisfacelas. Nun país tan complexo e variado como a Galiza, as solucións uniformes non son válidas; non ten sentido mover un autobús de varias toneladas e altamente contaminante para desprazar cantidades moi pequenas de viaxeiras; non resulta sustentábel nin económica nin ambientalmente. Solucións como transportes á demanda ou similares poden ser unha boa alternativa adaptada ás nosas peculiaridades.

Tendo isto en conta, o BNG impulsará as seguintes liñas de actuación:

- Elaboración dun Plan nacional de transportes e infraestruturas atendendo aos criterios de racionalidade, sustentabilidade e eficacia antes mencionados.
- Elaboración dunha lei galega de mobilidade e sustentábel e apoio a Plans de Mobilidade Sustentábel Municipais e Supramunicipais.
- Dar prioridade á conservación e á mellora da seguranza viaria na rede de estradas galega.
- Transferencia inmediata á Galiza de infraestruturas básicas como a AP-9. Gratuidade das autoestradas galegas.
- Creación dun ente que promova e xestione o futuro tren de proximidade galego (GALTREN). O obxectivo é enlazar os principais núcleos de poboación arredor das cidades cun medio económico, ecolóxico e eficaz como son os camiños de ferro. Tamén conectar entre si cidades que carecen na actualidade deste servizo (Lugo-Santiago).
- Demandar o remate das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a alta velocidade na Galiza e a modernización da nosa rede ferroviaria: a conexión por alta velocidade coa meseta, a plena execución do Eixo Atlántico coa construción dos treitos pendentes Ferrol - A Coruña e Vigo - Tui; así como a adecuación a altas prestacións ferroviarias do treito Lugo – Ourense, A Coruña – Lugo e Monforte – Ponferrada.
- Garantir que as vías e os trens de alta velocidade contén coas máximas condicións de seguranza: sistema ERTMS, sinalización correcta, etc
- Mellora do transporte por estrada. Revisión da concesión das liñas interurbanas de autocares, mellora do transporte comarcal e posta en marcha dun Plan Galego de erradicación de puntos negros de accidentes.
- Garantir unha solución real e efectiva ao grave problema de seguridade viaria na A-8.
- Legislar para evitar a existencia de estacións de servizo non atendidas por persoas, por razóns de seguranza e de emprego.
- Asumir a competencia plena sobre os nosos portos.
- Asumir a competencia plena sobre os aeroportos galegos e creación dun ente galego de coordinación aeroportuaria encargado de deseñar e implementar unha política aeroportuaria galega baseada na coordinación, especialización e complementariedade e non na

competencia entre os aeroportos galegos e as subvencións públicas a aerolíneas privadas.

—Potenciación do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros nas rías, respectando a súa compatibilidade cos usos marisqueiros e pesqueiros do mar.

—Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos e ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos, acompañados da mellora dos servizos de transporte colectivo.

—Fomento da intermodalidade, como garante dunha integración óptima dos diferentes modos de transporte en Galiza; neste sentido, cómpre dotar de conexións ferroviarias os principais portos galegos, especialmente os portos exteriores da Coruña e Ferrol.

—Impulso aos medios de transporte menos contaminantes, como a bicicleta. Para iso, desenvolverase unha política propia en colaboración con outras administracións para:

a) Creación da Mesa Galega pola Mobilidade Ciclista, na que, ademais do Goberno da Xunta, estean representados os concellos, as deputacións, a Dirección Xeral de Tráfico, as asociacións e clubs ciclistas e a Federación de Ciclismo. Coordinación das accións para o fomento das vías ciclistas e do uso da bicicleta con todas as administracións implicadas.

b) Elaboración do Plan Director de Mobilidade Ciclista e dun plan de adaptación da rede viaria e de creación de vías ciclistas seguras que fomenten a mobilidade sustentábel entre concellos e impulsen a actividade deportiva e de lecer así como o cicloturismo.

c) Impulsar a extensión da rede Eurovelo e Vías Verdes na Galiza como vías primarias de comunicación ciclista e cicloturista. Apoio decidido á proposta de inclusión de Galiza na Rota 1 (Costa Atlántica) da Rede Eurovelo, cun trazado pola costa desde A Guarda a Ribadeo. Impulso da Rota 3 do Camiño de Santiago ate Fisterra.

d) Incorporar aparcadoiros para bicicletas nos lugares de interese turístico das vías ciclistas e en equipamentos públicos.

e) Mellorar a seguranza viaria facendo beiravías transitábeis nas estradas con velocidades superiores a 50km/h con alta densidade de tránsito.

f) Sinalizar a presenza de ciclistas nas vías de alta afluencia de bicicletas coa lenda de distancia mínima lateral no adiantamento de 1,5 m.

g) Axustar as velocidades primando os modos de desprazamento ciclista e peonil, fixando como velocidade máxima 30 km/h nos núcleos poboados, comezando polas da Xunta de Galiza.

14 Lingua

A lingua é un dereito (individual e colectivo) irrenunciábel. Asemade, a lingua é un sinal de identidade do pobo galego, unha das súas maiores creacións, única e insubstituíbel, que contribúe á igualdade e á diversidade cultural e lingüística do mundo (e con iso á súa propia supervivencia), pois reflicte unha certa maneira de estarmos no mundo que nos é propia e característica. A lingua contribúe á nosa cohesión e vertebración como pobo e tamén á integración das persoas que proceden de fóra de Galicia.

Porén, todos os estudos sociolingüísticos conveñen na perigosa situación da nosa lingua, por mor de falta de transmisión interxeracional, a reconsolidación de vellos prexuizos e a existencia dunha capa cada vez maior de persoas que non gozan de contacto habitual coa nosa lingua. Con todo, a situación aínda é reversíbel, se nos dotarmos dunha política lingüística seria, respectuosa coa diversidade e os dereitos, decidida e valente. Cómpre reiniciar un novo camiño de impulso normalizador.

Consecuentemente, a política lingüística debe permear todas as políticas que se desenvolvan ou activen desde calquera instancia do Parlamento e da Xunta de Galiza. Isto é, debe ser unha constante nuclear de toda a acción do Goberno, a corrente continua que impulse calquera acción de forma transversal, o vaso comunicante que restaure, desde o reforzo positivo, a normalidade lingüística para o galego como lingua minorizada que aínda é.

É por iso que, do mesmo xeito que é imprescindíbel atender na acción política unha perspectiva de xénero para tratar de forma transversal a igualdade na acción de goberno, tamén debe existir unha **perspectiva de lingua** que axude a que se teña en conta o fomento do uso e do prestixio do galego en canta acción e manifestación de goberno se poida introducir: deseño e execución de proxectos e programas de todos os ámbitos; elaboración de orzamentos; contratación de servizos, subministracións, obras e adxudicacións públicas; lexislación; I+D+i+transferencia; colaboración con outras entidades; medidas de fomento de todo

tipo (axudas públicas, subvencións, premios...), colaboración transfronteiriza...

O obxectivo vertebrador da planificación lingüística é a normalización da lingua galega, un proceso progresivo e diverso consonte a realidade sociolingüística galega, conducente a:

1. Incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.
2. Garantirlles ás persoas que queren vivir en galego en Galiza poder facelo, sen atrancos, con seguridade e garantías e con toda a oferta posíbel en servizos e produtos.
3. Ofrecerlles unha contorna favorábel, chea de oportunidades e recursos de aprendizaxe e posibilidades de usos, ás persoas que queiran aumentar e mellorar o seu uso do galego.
4. Seducir as persoas que non usan o galego na súa vida, para que consideren o galego como un sinal de identidade positivo, que nos dá cohesión como pobo, útil como ferramenta de comunicación dentro e fóra de Galiza e prestixioso como representación cultural dun pobo milenario.

O obxectivo da normalización é chegar a todos os aspectos da vida, mais, á vista da realidade actual de emerxencia lingüística que todos os estudos presentan, cómpre priorizar ámbitos de actuación:

1. Infancia e mocidade: son os falantes do futuro. Cómpre que teñan unha formación plurilingüe acorde coas necesidades dun mundo global, mais é fundamental que sexan competentes desde o noso idioma, propio e oficial, e que desenvolvan sensibilidade e conciencia para posibilitar a continuidade do galego.

• **Derrogación inmediata do Decreto 79/2010 do Plurilingüismo** e substitución por unha nova norma que busque activar as competencias plurilingües das rapazas e rapaces partindo do coñecemento do galego, con base nos compromisos asinados polo Estado ao ratificar a Carta Europea das Linguas e en atendendo aos informes e recomendacións dos expertos da Unión Europea para cumprilos: establecemento dunha oferta educativa completa ou principalmente en lingua galega. Poñerase en marcha mediante experiencias piloto, que serán seguidas e avaliadas, en continuo diálogo coa comunidade educativa, e reforzadas cun proxecto de actividades complementarias de formación, sensibilización e fomento entre o profesorado e as familias, especialmente para a primeira infancia.

- **Revisión da eficacia e eficiencia da política de adquisición de coñecemento de linguas estranxeiras.** A falta dunha auditoría específica, cómpre asegurar o dereito do alumnado a aprender as materias específicas, a redución das ratios do alumnado nas clases de idiomas, a implantación do sistema integrado da aprendizaxe de linguas (TIL), a introdución do portugués como vantaxe competitiva e desde unha perspectiva normalizadora.

- **Asegurar a existencia de contextos favorábeis para o uso do noso idioma entre as familias e a mocidade,** cun ambicioso programa de dinamización que abrangue actividades, a aparición de recursos propios e a introdución do galego nas ferramentas extraescolares, de lecer e tempo libre para a infancia e a mocidade: xoguetes, campamentos, deporte, música, audiovisual, videoxogos, libros, teatro, actividades de conciliación, espazos para as familias , etc.

2. Sector socioeconómico e relacións laborais, empresariais e comerciais: promoción de estímulos para incorporar o galego no ámbito laboral, para que se vexa a utilidade de aprendelo desde a infancia.

A administración debe non só implantar medidas para se converter nun modelo de referencia lingüístico-laboral (facer efectivo o principio de oferta positiva, regulación de usos lingüísticos nas propias administracións públicas, introdución de perfís lingüísticos para a selección e o desempeño, defender o dereito ao atendimento en galego nos organismos de ámbito estatal etc.), senón tamén cumprir o seu papel dinamizador no mundo económico e do traballo:

- Impulsando positivamente o uso do galego no ámbito empresarial: na etiquetaxe, na rotulación, na publicidade, na atención ao público...
- Estabilizando e ampliando a formación de persoas adultas en lingua galega, a través da creación dun corpo estábel de profesorado que deseñe e execute programas de formación en lingua xerais e específicos por áreas e por perfís sociais, e que garanta o acceso á formación en lingua actualizada e de calidade.
- Implantando a perspectiva de lingua mediante a figura da contratación responsábel en contratos e licitacións de servizos que preste mediante concesión e nos produtos que adquira, de xeito que estimule a introdución do galego na oferta empresarial.

- Apoiando a galeguización planificada e participada das empresas e iniciativas económicas e laborais.
- Poñendo en marcha un plan lingüístico-laboral para dar satisfacción ás necesidades terminolóxicas e formativas das empresas e das traballadoras e traballadores.

3. A comunicación e as novas tecnoloxías: a posta en valor dunha lingua minorizada debe priorizar a súa presenza naqueles espazos de comunicación máis contemporáneos e prestixiados socialmente e, á vez, máis cotiáns e habituais, á vez que se debe garantir a información da sociedade na lingua propia do país.

- Ofrecendo versións en galego das ferramentas de comunicación como alentando a existencia de contidos de calidade na nosa lingua orientados aos diversos públicos por idades e intereses, co apoio efectivo desde o goberno á comunicación en galego de calidade en diversos soportes e medios, de diferentes ámbitos e temáticas, e dirixidas aos diversos perfís sociais.
- Fomentando a investigación e o desenvolvemento para incorporar o galego ás novas ferramentas tecnolóxicas (informática, demótica, intelixencia artificial, tecnoloxías da fala, web semántica...).

Para impulsar e dirixir unha política lingüística activa e transversal que teña como obxectivo a normalización da lingua galega, dotaremos o goberno dunha Secretaría Xeral de Política Lingüística na Presidencia, con peso suficiente, con capacidade de acción social e coas competencias necesarias para a coordinación, incidencia no conxunto do goberno e a acción transversal de fomento do uso e do prestixio do galego desde todas as áreas da Xunta.

O impulso da política lingüística conduce á necesidade de revisar e actualizar o marco lexislativo, nomeadamente a Lei de normalización lingüística de 1983, para acompasala aos tempos actuais e introducila nos diversos ámbitos de actuación.

Para poder executar esta política, debemos crear estruturas técnicas estables, plans de traballo a longo prazo para que o traballo en normalización lingüística teña continuidade coa necesaria dotación de medios técnicos, humanos e económicos. Non só se trata de ampliar (transversalmente) ou reformular o orzamento destinado á política lingüística, dramaticamente recortado nos últimos once anos (o 61% menos de orzamento que en 2'009), senón tamén de dotarse de recursos con carácter

estrutural (organización, persoal técnico, redes...), minúsculos na actualidade, para poder executar a política lingüística con eficiencia, eficacia e coa necesaria coordinación e colaboración co resto de administracións e organismos.

Basear o traballo en política lingüística seguindo os criterios de planificación, seguimento e avaliación para detectar os éxitos, os fallos e reconducir as actuacións, atendendo sempre, ante calquera proposta de intervención, ao necesario diálogo e participación social.

Defender o dereito ao atendimento en galego nos organismos de ámbito estatal.

Aproveitar a lusofonía e os vínculos que nos unen a ela con accións concretas, non só con teses. Cómpre impulsar que as eurociudades e eurorexións aproveiten a oportunidade para estreitar tamén os lazos culturais e lingüísticos a relación cultural próxima con Portugal.

Para alén destas cuestións, propomos as seguintes medidas

- Reforma da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística para a adaptar á realidade actual e, entre outras cuestións, incorporar o recoñecemento do galego como a lingua vehicular no ensino.
- Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elaborar un modelo de inmersión lingüística que permita un coñecemento real do galego para restaurar os seus usos en todas as funcións sociais.
- Creación dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, participada por entidades encargadas da coordinación das actuacións nesa materia, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos. O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.
- Mellora e ampliación da oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG. Ademais, promoción da presenza do galego nos medios privados. Os subsidios públicos aos medios privados estarán sempre en relación directa co uso real da lingua galega na comunicación.
- Garantía da atención oral e escrita en galego, tanto na

documentación informativa e contractual por parte das entidades financeiras que operan na Galiza (servizos en liña, banca electrónica, caixas automáticas e na atención ao público, presencial e telefónica).

- Fomento da extensión da nosa lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. Posta en marcha dun plano específico orientado á galeguización de festas e romarías, con medidas orientadas a concellos e comisións de festas, orquestras, grupos musicais e bandas de música e soportes publicitarios.
- Promoción das medidas necesarias para que o galego sexa a lingua normal da administración de Xustiza e dos seus programas informáticos, exixindo o coñecemento obrigatorio e contrastado e o uso do galego por parte do funcionariado e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que maxistratura e xuízas e xuíces teñan o deber de coñeceren o galego para desenvolveren a súa función en Galiza.
- Estabelecemento de accións para introducir o galego como lingua normal de traballo nas notarías, erradicando demoras e outras eivas asociadas aínda na actualidade ao uso do noso idioma. Mantemento dunha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma.
- Recepción en todo o territorio galego, cando menos, do sinal da Radio Televisión Portuguesa e emisión da CRTVG para Portugal. Incorporación da oferta de lingua portuguesa en todos os centros de ensino do noso País, programas de capacitación e actualización para o profesorado de lingua(s) e incorporación de prazas específicas de portugués nas ofertas públicas de emprego.
- Promoción da normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscrición de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Bierzo, e na comarca do Eo e do Navia, así como no caso dos concellos do Val de Ellas (Estremadura).

15 Cultura

Nos últimos once anos o Partido Popular e o Goberno de Feijóo desmantelaron, programa a programa e centro a centro, a cultura deste país.

O Partido Popular é sinónimo de ataque constante a todo o que representa o potencial creativo e a identidade propia de Galiza, e Feijóo é un alumno avantaxado do discurso españolista que hoxe representan as tres dereitas.

É preciso deixar atrás esta década negra, poñer en valor todo o potencial creativo que temos proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada propia no mundo, dun xeito plural e aberto.

A cultura é un dereito que, ademais, xera riqueza; a expresión máis visíbel do que somos e de como entendemos o mundo. É, para alén do máis, unha ferramenta esencial para a cohesión e a transformación social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional. En todas as dimensións que hoxe se manifesta a cultura, da sociocultural á patrimonial e da económica á creativa, a Xunta de Galiza ten obriga de atender con políticas públicas específicas o desenvolvemento de cada unha delas.

A crise provocada pola COVID19 repercutiu de maneira especial no ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza e precariedade. Para as estruturas profesionais da cultura galega - autónomos, micro-pemes e cooperativas sociais na súa grande maioría - estamos diante dun contexto non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia. De igual maneira aconte coa cultura de base e o asociacionismo cultural, especialmente o vinculado coa música e cultura tradicional.

Os efectos desta crise da COVID19 poden resultar letais para boa parte do sector cultural. Para enfrontala urxen medidas integrais mais tamén un cambio de modelo.

Neste sentido, o BNG acredita nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país. Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuítos culturais internacionais. A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente.

O modelo cultural que o BNG defende é integral e estratéxico, capaz de deseñar o horizonte futuro ao que queremos chegar tendo en conta todos os planos en que a cultura se manifesta hoxe en día: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a excelencia artística; o das industrias culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber facer e independencia o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e o aproveitamento sustentábel e responsábel do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e o sociocultural, promovendo a implicación activa do pobo e a implantación comunitaria das políticas e dos proxectos, a través da cooperación dos diferentes axentes culturais -asociativos, públicos e privados- existentes no territorio.

Trátase de pór en marcha unha nova Consellaría de Cultura, sen apelidos, que desenvolva unha política cultural planificada para un cambio profundo en tres elementos:

– **Nas políticas sectoriais**, con base na elaboración de plans de traballo específicos para os diferentes ámbitos da cultura galega

– **Nas ferramentas administrativas**, revisando as leis do sector e procurando a adecuación dos entes e organismos administrativos ás políticas de impulso cultural que se queren desenvolver, a partir da consideración de seis ámbitos esenciais: sociocultura e cultura de base; empresas culturais; creación, formación, investigación e innovación cultural; patrimonio; dimensión internacional da cultura galega; espazo galego de comunicación e cultura.

– **Nas formas e procedementos**, facendo do diálogo cos sectores unha ferramenta de traballo e cooperación para o deseño de políticas e da planificación e avaliación das políticas a norma de funcionamento

Para o conseguir, o BNG aposta polos seguintes eixos da acción de goberno no tocante á nosa cultura nacional:

- **Apoio á creación** a través de políticas que promovan a calidade da formación artística, a innovación nos procesos de traballo e a visibilidade social das creacións. Desenvolvemento dun programa de fomento da creación literaria e artística galega mediante un fondo de axudas a creadores e creadoras.
- Atención prioritaria á **situación socio-laboral das e dos traballadores da cultura**, para definir e normativizar funcións, características e situacións profesionais tanto no ámbito público como privado.
- **Reformulación da actual AGADIC, a partir do diálogo cos sectores culturais, co obxectivo de** procurar maior eficacia no mantemento, desenvolvemento e reforzo do tecido profesional das empresas culturais galegas, e a difusión social da nosa produción cultural, mais partindo da dimensión global da nosa cultura, non apenas como 'industria'.
- Creación dunha **Lei de mecenado cultural de Galiza e** desenvolvemento de políticas de incentivo fiscal para o sector cultural.
- Creación dun **Instituto para a proxección exterior da cultura e lingua galegas**. Un organismo público cuxo obxectivo será promover e difundir internacionalmente o estudo da lingua galega no exterior, a tradución da literatura e o pensamento escrito en galego, así como a creación cultural galega en ámbitos como o teatro, o cinema, a danza e artes do movemento, a música, as artes visuais, o deseño ou o patrimonio.
- **Revisión da natureza e funcións do Consello da Cultura Galega** e a súa reformulación en relación coas necesidades presentes e futuras da nosa cultura e dos nosos axentes culturais. Impulso e definición do Observatorio da Cultura Galega.
- Elaboración de **plans directores para cada un dos sectores culturais** que inclúan apoio especializado de cara á unha **maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social**, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e combater a precariedade.
- Deseño de **liñas de crédito específicas**, a través do Instituto galego de crédito, para proxectos culturais.
- Impulso da **Lei do Fondo Cultural Galego** previsto no Estatuto, co

obxectivo de defender e promocionar os valores culturais galegos e xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.

– Creación dun **Bono cultural** para estimular o consumo e garantir o dereito de acceso á cultura ao conxunto da poboación galega.

– Cidade da Cultura. Definición de usos dos edificios cunha perspectiva transversal que vincule ao conxunto da acción de goberno e supere a adscrición orzamentaria do Gaiás á Consellaría de Cultura, permitindo liberar fondos para o fomento dos sectores culturais galegos. Trátase de pasar do esquema Gaiás - *Cidade da Cultura* ao esquema Gaiás - Xunta de Galicia, cunha nova definición conceptual e de usos.

15.1. Tecendo rede, vertebrando o territorio

– Creación dunha **Dirección Xeral de Cooperación Cultural**, que terá como finalidade impulsar a cultura de base e no territorio, en colaboración con asociacións, administracións locais e outras entidades e institucións.

– Posta en marcha dun **programa cultural específico para o medio rural**, que parta dos elementos culturais e patrimoniais do propio territorio e da creatividade, tradicións e protagonismo da veciñanza, para valorizar as dinámicas culturais rurais e poñelas en relación coa identidade nacional.

– Política integral de **cooperación cos concellos**, a través dun programa unificado de axudas, programacións, formación de técnicos culturais e recursos para a xestión, así como do apoio específico á rede de bibliotecas que permitan manter un nivel axeitado de actividade cultural ao redor das bibliotecas, como espazos de acceso á información, á formación permanente, á participación, ao debate social e ao lecer.

– **Coordenación interinstitucional da programación cultural** de longo alcance, co fin de rendibilizar recursos, evitar duplicidades e conxuntar esforzos e actividades ao longo do ano.

– Actualización e redeseño do **Mapa de Equipamentos Culturais de Galiza** a partir do cal elaborar un **Plan Galego de Infraestruturas Culturais** en colaboración coa Fegamp e o Observatorio da Cultura Galega.

– Reformulación dos **conservatorios de música e danza** e integración nunha rede galega previa planificación dos recursos existentes.

De maneira sectorial, propomos como medidas prioritarias:

15.2. Asociacionismo e cultura de base

- Implantación sociocomunitaria das políticas culturais, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis culta, dinámica, participativa, equitativa e crítica.
- Deseño e desenvolvemento dun **programa de apoio ao asociacionismo local, comarcal e galego** –elemento central no desenvolvemento da cultura de base– mediante un sistema de axudas (actividades, equipamentos), programacións e accións formativas. Impulso e colaboración na vertebración do sector a través do asociacionismo cultural.
- Elaboración de políticas estratéxicas e consensuadas cos **sectores culturais non-profesionais**: corais, bandas de música, teatro amador. Elaboración de plans directores para cada un dos ámbitos.
- Impulso e colaboración na vertebración do **asociacionismo cultural**. Deseño e desenvolvemento dun programa de apoio integral mediante un sistema de axudas (actividades, equipamentos), programacións e accións formativas, potenciando a súa autoxestión e promovendo a súa independencia financeira.

15.3. Audiovisual

- Aprobación, en diálogo co sector, dunha **nova Lei galega do audiovisual** que responda á realidade do século XXI.
- Investimento do **6%** do orzamento anual da CRTVG no apoio e impulso á **creación audiovisual** galega e en galego, especialmente o cinema.
- Creación do **Consello Audiovisual de Galiza** entendido como autoridade independente de regulación da comunicación audiovisual encargada de velar polo cumprimento da normativa aplicábel aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, tanto públicos como privados. Este organismo terá capacidade sancionadora.
- Impulsar accións de fomento real das rodaxes e creación dunha **Film Commission** que promova e impulse as relacións internacionais do cinema galego.

– Creación dunha liña de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a subtitulación de producións audiovisuais producidas en Galiza.

15.4. Artes escénicas e do movemento

– Aprobación da primeira **Lei galega das artes escénicas** partindo do anteproxecto elaborado polo sector.

– Plena **recuperación do Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico de Galiza** dotándoos de autonomía, orzamento e de proxecto.

– Redeseño e impulso da **Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA)**

15.5. Sector editorial e do libro

– Elaborar unha **nova Lei do libro e da lectura**, que incorpore políticas estratéxicas consensuadas co sector (AELG, AGE, FLG e asociacións de bibliotecas).

– Estabelecemento dun programa marco que promova a tradución e a proxección do libro galego no mundo.

– Incremento dos programas de adquisición de fondos para bibliotecas, fomentando a compra directa en librarías.

15.6. Museos e arquivos

– Elaboración, en diálogo co sector, dunha **Lei de Museos de Galiza** encamiñada a potenciar a función social dos museos como ferramentas para o desenvolvemento da comunidade e a transformación social.

– Aprobación dun **Plan de arquivos** incluíndo nel, entre outras cuestións, a avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza; a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galiza, priorizando aquelas accións que sexan máis urxentes; a incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan; medidas tendentes ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal.

15.7. Patrimonio

– Posta en valor do patrimonio cultural desde criterios de transversalidade institucional, promoción da propia identidade, sustentabilidade e aproveitamento social e económico.

– Apoio ao desenvolvemento de eventos e **festas de carácter histórico** como elemento útil para a divulgación e a posta en valor do patrimonio local, en base a un criterio de rigorosidade histórica na programación de contidos e de participación veciñal na fórmula organizativa

Memoria histórica

O debate sobre o franquismo e a transición é unha cuestión viva, moi presente na axenda institucional, política e mediática, reavivado nos últimos tempos por diversas razóns:

Desde unha perspectiva galega, pola mobilización social e institucional a respecto do espolio de bens públicos pola familia Franco, centrado na loita pola devolución do Pazo de Meirás mais que atinxe a outros moitos bens (Estatuas de Abraham e Isaac, Casa Cornide, pías de Moraimo, etc.) Complementariamente, ten tamén moita potencia a denuncia dos usos da Illa de San Simón e a reivindicación deste lugar como espazo simbólico da represión, da resistencia e da loita polas liberdades (Illa da Memoria)

Desde unha perspectiva estatal, cuestionamento por amplos sectores, principalmente por organizacións nacionalistas de Galiza, Euskadi e Catalunya, dun réxime e dunha transición antidemocráticos, fundamentados na continuidade do aparello institucional do franquismo, na impunidad dos seus crimes (lei de amnistía), na imposición da monarquía herdeira do franquismo, e na negación do dereito de autodeterminación e da realidade plurinacional do Estado.

O cuestionamento aberto da tímida e insuficiente lei de memoria histórica de 2007 e os cambios no marco xeral de debate (da reparación simbólica á tríada indivisíbel VERDADE-XUSTIZA-REPARACIÓN) crearon un novo contexto no que se produciron avances mais tamén ameazas de involución e de regresión.

Os avances teñen que ver coa intervención do Comité de Dereitos Humanos da ONU a través de diferentes informes: Informe do grupo de traballo do desaparecidos forzados (2013), Informe da Relatoría Especial das Nacións Unidas sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición (2014), Informe do grupo de traballo sobre o Exame Periódico Universal a España (2015), que sinalan graves violacións dos dereitos humanos e dos dereitos das vítimas.

A irrupción de forzas abertamente franquistas e fascistas, cun ideario que até agora vivía aletargado no PP, contribuíu a avivar e debate público, cunha tendencia a contraposición e polarización co PSOE, que utilizou a operación *Valle de los Caídos* para erixirse en suposto garante das políticas de memoria histórica e en dique de contención da extrema dereita.

Fronte a esta opción posibilista, moderada e lexitimadora da transición, é fundamental situar ben os marcos do debate político reclamando unha verdadeira lei de memoria histórica democrática que atenda os mandatos das Nacións Unidas, as esixencias de verdade -xustiza- reparación, e que permita encarar o desmantelamento de todo o aparello xurídico, institucional e simbólico de matriz franquista, incluíndo a Monarquía e a Lei de amnistía. Neste novo marco, ten especial relevancia a denuncia da impiedade dos crimes do franquismo e a defensa do dereito á xustiza, quer a través de tribunais españois, quer por medio da apelación ao principio de xustiza universal (Querela Arxentina).

No contexto galego, as iniciativas arredor de Meirás e de todo o patrimonio expoliado polo clan Franco, con un indubidábel protagonismo do nacionalismo e do movemento memorialista galego, supuxeron unha mudanza na percepción social e na axenda política da memoria histórica galega, con pasos adiante importantes que hai que culminar.

Debe ser, por tanto, unha prioridade política darlle continuidade ás iniciativas ao respecto impulsadas no ámbito institucional (Deputacións, concellos, Parlamento) e no social (apoio ás iniciativas e mobilizacións sociais). A maiores, as demandas xudiciais interpostas polos Franco contra colectivos e activistas da memoria democrática obríganos a continuar co labor de mobilización e sensibilización social.

Neste sentido, desde o BNG propomos as seguintes liñas de actuación:

— A actuación en relación coa memoria histórica, as medidas relacionadas co estudo, divulgación, homenaxe, recoñecemento, reparación... deben ter como obxectivo dar a coñecer a evolución histórica de Galiza desde comezos do século XX, os procesos de transformación social, de modernización, de autoorganización e de construción da identidade nacional que estaban en curso nos anos 30 e a devastación que supuxo a violenta represión do fascismo español para toda unha xeración e para o país no seu conxunto. Deberá atenderse ao todo o período da Ditadura, aos procesos resistencia popular e a todas as formas de represión, dando a coñecer as súas consecuencias devastadoras na

sociedade galega actual. Neste sentido, farase fincapé non só nas vítimas individuais, senón no propio país como vítima do fascismo español, por exemplo para estudar e dar a coñecer o xenocidio cultural e lingüístico.

– Debe dársele prioridade ao estudo, divulgación e recoñecemento do papel das mulleres como vítimas de todo tipo de represión (incluíndo as vexacións de carácter machista), como protagonistas da resistencia e da solidariedade, e como activistas da transmisión da memoria. Desde unha perspectiva histórica, deben poñerse de relevo os avances e conquistas da sociedade galega e das organizacións feministas antes de 1936, a brutal represión que sufriron as mulleres no seu conxunto durante a Ditadura, e a pervivencia de ideas e prexuízos machistas de raíz franquista na sociedade galega actual.

– Carácter integral e continuidade no tempo. O desmantelamento do relato pseudohistórico imposto polo franquismo e que no fundamental se mantivo ao longo da transición require unha acción sostida no tempo, planificada, coherente e coordinada coa implicación de diferentes estamentos e departamentos administrativos (gobierno galego, gobernos municipais, deputacións, administración de xustiza, arquivos...).

– Socialización. A extensión do coñecemento histórico é unha tarefa prioritaria e debe contar coa implicación decidida dos medios de comunicación e do sistema educativo público. Será obxectivo preferente a divulgación destes contidos entre a mocidade, empregando os medios e linguaxes máis eficaces.

O BNG impulsará desde o goberno galego as seguintes propostas:

– Desenvolvemento dunha verdadeira política pública de memoria histórica democrática antifascista galega, asentada nos principios do dereito internacional: Dereito á Verdade, á Xustiza e á Reparación, así como de garantías de non repetición. Como primeiro paso, aprobarase a **Lei galega de recuperación da memoria histórica** e de recoñecemento e reparación das persoas e colectivos represaliados polo franquismo.

– Apoio ás iniciativas en defensa do dereito á xustiza e de denuncia da impunidade dos crimes do franquismo, nomeadamente á Querela Arxentina.

– Esixencia da aprobación dun novo marco legal estatal que resolva as seguintes cuestións:

a) Anulación de xuízos, sentenzas e resolucións ditadas por

tribunais franquistas por razóns ideolóxicas, de crenzas, de opción sexual... Anulación do xuízo a Alexandre Bóveda.

b) Exercicio do dereito a coñecer a verdade: investigación do conxunto da represión removendo as trabas de acceso á documentación e aos arquivos;

c) Programa público de Localización, Exhumación, identificación e enterramento digno das persoas vítimas de desaparición forzosa. Intervención xudicial nas exhumacións.

d) Dereito á Xustiza: fin da impiedade dos crimes do franquismo imprescritíbeis e inamnistiábeis por tratarse de crimes contra a humanidade. (derrogación da lei de amnistía).

e) Reparación real das vítimas da Ditadura.

f) Eliminación de simboloxía material e de outros elementos de exhaltación do franquismo: nomes de rúas, de edificios, honores e distincións...

– Creación de **espazos públicos para a memoria da represión e da resistencia antifascista**. Creación do Arquivo Público da Memoria da represión e da resistencia a partir dos materiais recollidos no proxecto Nomes e Voces e outras achegas. Creación dunha rede de espazos da memoria para facer presente no territorio galego a homenaxe permanente ás vítimas do franquismo e os ideais por que loitaron.

– Declaración de **San Simón como Illa da Memoria** e elaboración dun Plan de usos para a illa de San Simón que debe regular os usos e actividades do espazo. Restringir, no interior da illa, as actividades que sexan ofensivas para a memoria das vítimas da represión. Para determinar este tipo de actividades realizarase unha consulta coas asociacións galegas da memoria histórica e coas familias das persoas que estiveron presas no lugar.

– **Eliminación da simboloxía franquista**, tanto material como simbólica: nomes de espazos públicos e de edificios, símbolos, honores e distincións, celebracións de orixe franquista...

– Recuperación do **Consello pola Memoria** como órgano de participación social no impulso e seguimento das políticas públicas da memoria (asociacións, investigadores e investigadoras, familias).

– **Laicismo** nas institucións: actitude de respecto a todas as crenzas e non participación como representación institucional en celebracións relixiosas. Ademais doutros factores, cómpre ter en conta que moitas destas representacións teñen orixe franquista.

– Institucionalización por medio dunha lei do **Día da Galiza Mártir**. Celebración institucional desta data en lembranza de Alexandre Bóveda e de todas as persoas perseguidas e asasinadas polo fascismo.

– Recuperación do **Pazo de Meirás** para o uso e o patrimonio público. Reclamación da devolución de todo o patrimonio roubado durante o franquismo, con especial atención ao Pazo de Meirás e a todos os bens roubados pola familia do ditador. Elaboración dun estudo histórico e xurídico sobre todos os bens espoliados por Franco e polo franquismo en Galiza e dun Estudo das vías para reclamar a súa devolución.

– **Recuperación da titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres**, preservando o seu uso civil e laico. Así mesmo, serán regulados por lei os seus usos e xestión, declarándoo como un panteón histórico, símbolo nacional da Galiza.

Medios públicos ao servizo da sociedade galega

A radio e televisión públicas de Galiza deben cumprir a súa misión de servizo público e o papel para o que foron creadas: garantir o dereito de acceso a unha información veraz, de proximidade, plural, obxectiva e de interese público así como, contribuír para a normalización da nosa lingua e para a difusión da nosa cultura.

Os medios de comunicación públicos veñen sufrindo nos últimos once anos un proceso de desmantelamento continuo e a súa instrumentalización como terminal de propaganda do Partido Popular.

O deterioro do servizo público e a vulneración constante e flagrante dos dereitos laborais e profesionais do persoal da CRTVG teñen motivando a mobilización permanente e continua durante os últimos anos das e dos traballadores a través da campaña #VenresNegros e a creación do colectivo Defende a Galega.

Os medios de comunicación públicos son un dereito fundamental da cidadanía e deben garantir o acceso desta a unha información veraz, obxectiva e de proximidade, que reflicta a realidade galega así como a diversidade política, ideolóxica, social e cultural que existe en Galiza. Porén, a televisión e radio públicas de Galiza son máis que os seus servizos informativos, deben ser motor da creación e innovación audiovisual e fiestra para a súa difusión; ferramentas de formación cara á unha sociedade máis crítica e mellor informada ao tempo que un elemento fundamental no proceso de normalización da lingua galega.

Na última década mudou enormemente o espazo comunicativo global e Galiza non fica allea ás novas tendencias e hábitos nin tampouco á irrupción de novas plataformas dixitais e sociais o que exige a necesaria adaptación e innovación dos medios audiovisuais públicos galegos na procura de conectar con novos públicos, especialmente as franxas de idade máis novas, xerando contidos especialmente dirixidos á mocidade en formatos e linguaxes que se adapten a esta.

Neste sentido, o compromiso do BNG baséase en tres eixos fundamentais:

- A despolitización da CRTVG e a blindaxe dos dereitos profesionais e laborais do persoal.
- A garantía de servizo público na programación e a dotación de recursos económicos, materiais e humanos suficientes para cumprir coa misión da radio e televisión públicas de Galiza.
- O impulso da CRTVG como motor da creación e innovación audiovisual así como unha programación que preste especial atención á infancia e adolescencia e á cultura.

Así pois, propomos como medidas prioritarias, as seguintes:

- **Despolitizar a CRTVG** a través do impulso dunha mesa de negociación que aborde o proceso e selección da Dirección Xeral e o Consello de Administración a través do deseño e convocatoria dun **concurso público**.
- Abrir **canles de diálogo honesto** coas organizacións sindicais e co cadro de persoal nos procesos de toma de decisións que permitan afrontar os problemas estruturais que veñen lastrando desde hai anos a CRTVG, especialmente no referido á política de persoal.
- Recoñecer os dereitos das traballadoras e traballadores, especialmente das e dos xornalistas, a través da aprobación dun **Estatuto profesional** e a creación dun **Consello de informativos**.
- Elaborar unha **nova “Lei de medios públicos audiovisuais de Galiza”** a partir do diálogo social.
- Garantir os dereitos e a participación da sociedade galega a través da creación dunha **Valedoría da Audiencia e dun Consello Asesor** que inclúa entidades, asociacións e colectivos sociais representativos da pluralidade e diversidade que existe en Galiza.
- Reapertura das **delegacións territoriais** pechadas durante os últimos once anos (Pontevedra, Ferrol e A Mariña) e das desconexións territoriais dos servizos informativos suprimidas en 2018.
- Creación, coa debida dotación de recursos económicos e de persoal, dun **Laboratorio de innovación audiovisual** que explore novos formatos e novas narracións a través da rede así como a conexión con novos públicos.

– Investimento do **6%** do orzamento anual da CRTVG no apoio e impulso á **creación audiovisual** galega e en galego, especialmente o cinema.

– **Recuperación de, polo menos, dunha persoa lingüista por quenda na radio pública.** Malia que a lei de creación da CRTVG establece como un dos seus principais obxectivos a normalización lingüística, anos de recortes supuxeron a progresiva desaparición desta figura, que só resiste xa en horario de mañá e unicamente de luns a venres.

– **Recuperación da produción propia.** No tocante aos programas, a programación da televisión pública está cada vez máis externalizada, o que supón unha perda de control sobre os contidos e un desaproveitamento do capital humano propio. No tocante aos informativos, tanto a televisión como a radio levan anos limitándose a cubrir a axenda informativa marcada desde fóra; sen que iso signifique evitar o seguimento de convocatorias externas, os medios públicos deben crear a súa propia axenda informativa en base aos intereses da cidadanía galega.

17.1. Transparencia e criterios obxectivos no acceso aos recursos públicos

– Crear o **Consello Audiovisual de Galiza** entendido como autoridade independente de regulación da comunicación audiovisual encargada de velar polo cumprimento da normativa aplicábel aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, tanto públicos como privados. Terá capacidade sancionadora.

– **Apoio aos medios en galego.** Os subsidios públicos aos medios privados estarán sempre en relación directa co uso real da lingua galega na comunicación.

– Elaboración dunha **Lei de Publicidade Institucional de Galiza** que garanta transparencia no reparto das axudas públicas e da publicidade aos medios de comunicación.

– Aplicación efectiva da Lei Paz-Andrade. Esta norma, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza, debe ser aplicada de forma consecuente en todos os seus aspectos tamén no que atinxe aos intercambios na comunicación entre a Galiza e Portugal e á recepción no noso País das radios e televisións portuguesas.

Axenda Dixital e Tecnoloxías da Información e Comunicación

A crise da COVID 19 veu poñer aínda máis de relevo unha serie de evidencias en relación coa implantación en Galiza da Axenda Dixital e o Desenvolvemento Tecnolóxico:

- 1) O atraso de Galiza en materia de conexión a redes de datos e sociedade do coñecemento, como poñen de manifesto todos os informes, estudos e inquéritos publicados nos últimos anos.
- 2) O atraso no desenvolvemento da administración dixital e na adaptación do sector privado ao eido das tecnoloxías da información e da comunicación.
- 3) Os baixos índices de alfabetización dixital e de manexo das novas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías de información e comunicación no ámbito do traballo, a economía, a educación ou a administración.
- 4) As desigualdades xeográficas, sociais e xeracionais no acceso ás TIC, sobre todo no rural, pola mala cobertura ou polo elevado prezo da conexión ás redes.

Ao mesmo tempo, cómpre ter en conta outras ameazas e riscos relacionados con procesos de mudanza que vai acelerar a crise sanitaria e socioeconómica:

- En materias de liberdades e ciberseguridade, a pretensión de utilización de ferramentas tecnolóxicas para o control social, a invasión da privacidade e a utilización masiva de datos persoais.

-En materia de servizos públicos, a tendencia a abrir a porta a novas prestacións e novas vías negocio dixital vencellados a servizos de saúde ou ensino, coa potenciación da teleasistencia e a teledocencia.

A maiores, cómpre ter en conta a necesidade de velar pola presenza da lingua galega no ámbito dixital e na internet, con

medidas que favorezan a utilización do galego en novos formatos, canles e soportes.

Para facer fronte a todos estes retos e desafíos, cómpre desenvolver unha estratexia galega de transformación dixital e desenvolvemento das TIC que permita que o noso país dea un grande salto adiante en termos de modernización, competencias, competitividade e adaptación ás necesidades dun mundo que cambia a velocidade de vertixe.

Trátase, en definitiva, de prepararse para un futuro que xa é presente e que estará marcado pola transformación dixital, e por outras tendencias relacionadas coa tecnoloxía *cloud*, o *big data* e a analítica, a internet das cousas, o *blockchain*, a ciberseguridade, a realidade virtual e aumentada, a automatización, a robótica ou a intelixencia artificial.

18.1. Liñas de actuación

- Transferencia de competencias sobre o espectro radioeléctrico. Creación dun órgano de coordinación interadministrativa en materia TIC.
- Colaborar activamente coa Administración competente en materia de telecomunicacións, para o completo desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación de todo tipo.
- O despregamento total da banda larga segue a ser un obxectivo prioritario. Co obxectivo de acadar para todo o territorio de Galiza conexión de datos e voz de unha calidade suficiente e a un prezo razoable.
- Garantía dos dereitos das persoas usuarias na contratación de servizos TIC
- Creación de canles de mediación coas operadoras de enerxía, telefonía e outras, que superen a actual de imposición das súas condicións na xestión das instalacións e prestación de servizos, á vez de redactar unha nova normativa que obrigue a estas operadoras a establecer canles de comunicación directa coa administración galega e local.
- Reclamar que os concellos teñan unha participación na taxa de uso do dominio público radioléctrico previsto na Lei de Comunicacions.

- Reclamar as competencias de control no cumprimento dos servizos de telecomunicacións.
- Garantir o acceso e tramitación electrónica na Administración ás galegas e galegos
- Garantir que todos os concellos e Xunta dispoñan de medios para o correcto funcionamento da administración electrónica que comunique todas as galegas e galegos e o resto das administracións, facilitando e facendo posible a realización telemática de todos os procedementos administrativos.
- Propiciar que a cidadanía conte coas capacidades que demanda a economía dixital, especialmente no caso de profesións que requiren da combinación de coñecementos tecnolóxicos con outras ramas de coñecemento.
- Reimplantación da Rede de Dinamización da Sociedade da Información, que substitúa e amplíe a todo o territorio a actual rede CeMIT, á vez que aumente as súas funcións.
- Asegurar a conectividade e as ferramentas tecnolóxicas axeitadas para a formación de todos os escolares.
- Elaborar un plan específico de inmersión en TIC de traballadoras/es por conta propia e as micropemes.
- Proporcionar oportunidades de formación especializada e apoiar a certificación específicas ás empresas galegas do sector TIC, incentivando no seu seo o desenvolvemento de contidos dixitais.
Reconversión das oficinas de rexistro en puntos de atención á veciñanza con asesoramento na realización de tramites dixitais a quen non teña coñecementos e/ou medios, incluídas as relacionadas coa exclusión financeira.
- Desenvolvemento de normativas que obriguen as entidades bancarias a prestar atención presencial aos seus clientes no rural.
estabelecer medidas que atallen a exclusión financeira ou a incapacidade de acceder aos servizos financeiros básicos de xeito acaído.
- Traballar cara a unhas cidades e un rural intelixentes (Smart City e Smart rural) coa axuda para a instalación de sensores para a xestión municipal - auga, ruído, calidade do aire, outros datos medioambientais, transporte público, estacionamentos, mobilidade, e o aproveitamento da información que flúe do entorno rural.

- Promover o desenvolvemento de Sistemas de Xestión Medio Ambiental baseados na sensorización nos servizos municipais e nas empresas que prestan os seus servizos para a Administración Local, co fin de garantir maiores niveis de eco eficiencia.
- Estabelecer as canles efectivas para a participación veciñal nos asuntos da vida publica cara a unha democracia participativa.
- Establecemento dunha plataforma público privada dirixida a pequenas empresas e autónomos para a proxección na rede dos seus produtos e/ou servizos.
- Plan para a modernización das explotacións agrogandeiras mediante cobertura de datos e ferramentas de xestión.
- Crear unha canteira de talento TIC que permita dar resposta ás necesidades do tecido empresarial galego.
- Poñer en valor, tanto no económico como no persoal, o traballo das persoas nas que reside o coñecemento.

18.2. Fomento do software libre

A implantación de software libre e de código aberto na administración conleva beneficios tales como un aforro importante de medios económicos e a independencia de solucións foráneas que atan a unha solución e mesmo ao seu formato de datos, obrigando a continuadas contratacións das distintas actualizacións. Como efecto complementario, ás empresas locais do sector serán beneficiadas e poderán traballar nas aplicacións para adaptalas ás novas normativas e modificacións. Asemade, o código aberto facilita enormemente a adaptación do mesmo a nosa lingua, factor importantísimo para a súa normalización en todos os eidos.

- O Goberno galego utilizará as TIC como medio para fortalecer o uso da nosa lingua, potenciar as redes sociais de comunicación a través de Internet e incentivar todas as iniciativas que se desenvolvan no noso idioma.
- Retomar a iniciativa do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre desmantelado (Mancomún), evitando a privatización do servizo.
- Promover a utilización de software de código aberto e a emisión de documentos en formatos

libres en toda a administración galega.

- Promover o Open Data (Datos abertos): ofrecer en aberto datos públicos para a súa explotación en beneficio da sociedade por parte de empresas e universidades, entre outros.
- Apoiar e potenciar o uso de software libre nas empresas e na cidadanía e estender o seu uso.
- Elaborar un plan de substitución de software privativo na administración galega que permita dar a curto prazo unha alternativa de substitución de software de fontes abertas e aforre ao Goberno galego ao máximo o pago de patentes.
- Utilizar tanto sistemas operativos como software de fontes abertas nas iniciativas que se promovan con fondos públicos, nomeadamente nos campos do ensino, a sanidade e a xustiza.

18.3. Ciberseguridade e ameazas

A Real Academia Galega (RAG) nas modificacións feitas no mes de xuño de 2018 ao seu Dicionario incorporou unha serie de termos, que mostran a crecente importancia deste asunto, e que están directamente relacionados con el, tales como ciberataque, ciberacoso, ciberseguridade ou ciberdelincuencia. Ademais o Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE 2016/679) introduce o concepto de seguridade activa obrigando a realizar unha Análise de Riscos e a establecer unhas medidas de seguridade, notificando así mesmo de violacións de seguridade dos datos e avaliando o impacto sobre a súa protección. É preciso fomentar a ciberseguridade no tecido empresarial local, onde cada vez mais se asenta a economía dixital destinada a proporcionar servizos á clientela. Son obxectivos principais detectar ataques e responder, concienciar empresas, administracións públicas e cidadanía en xeral e apostar polo talento do tecido local, capacitado para crear solucións locais de ciberseguridade para o cal, obviamente, a administración tense que ocupar de formalas.

Ademais dos riscos derivados da ciberdelincuencia, cómpre ter en conta as ameazas derivadas da aprobación de normas que restrinxen liberdades e dereitos, e que procuran o control da poboación. É o caso do RD 14/2019 de medidas urxentes en materia de seguridade pública dixital que permite entre outras cousas pechar espazos dixitais sen permiso xudicial ou deixar sen cobertura os móbiles en manifestacións.

- Crear un Instituto galego de ciberseguridade para a resposta a incidentes deste tipo para os cidadáns, empresas e a propia administración.
- Desenvolver actuacións formativas e de concienciación a respecto da Ciberseguridade, axudando a persoas e empresas a defenderse desta ameaza.
- Fomentar o establecemento de medidas tendentes a implementación de protocolos de seguridade e formación do persoal, que protexan toda a información propia e da veciñanza.

18.4. Perspectiva de xénero nas TIC

En contraposición co imparábel aumento da presenza feminina na Universidade, os estudos relacionados coas TIC presentan unha moi preocupante baixa paulatina de vocacións femininas. Segundo os últimos datos nas universidades galegas nos graos hai unha porcentaxe do 61,6 % de mulleres (58,5 % no Estado), nos mestrados un 58,3 % (53,8 % no Estado) e en canto as teses doutorais aprobadas temos un 53,4 % redactadas por mulleres (49,2 % no Estado). Porén a evolución en matriculadas/os en especialidades informáticas non fixo máis que minguar nos últimos anos chegándose en Galiza a un preocupante 13,6 % de mulleres no curso 2015-2016 (12,2 % no Estado). Quizais o estereotipo de informático/a que nos trasladan os medios escritos e audiovisuais axuda a provocar esta desproporción: home novo, illado, antisocial, individualista, freaky... O crecemento intelixente precisa do aproveitamento de talento e a capacidade innovadora das mulleres para o que hai que motivar a súa incorporación aos estudos e profesións relativos ás TIC. Resulta ben curioso que nos finais dos anos 80, era pre-Internet, a proporción mulleres- homes en carreiras relacionadas coas TIC non fixo máis que empeorar até chegar ao 13,6% actual. Contrariamente, unha vez iniciada a era internet, nos seus inicios as mulleres supoñían un dez por cento de usuarias que contrasta cos datos actuais nos que na franxa de idade de 16 a 44 anos, as mulleres utilizan o ordenador nunha porcentaxe superior aos homes. Ou sexa, as mulleres son grandes usuarias da tecnoloxía mais iso non se traduce en profesionais desta.

Non se pode perder todo ese talento nas tecnoloxías por culpa de ideas preconcebidas de xénero, xa que é innegábel que existen estereotipos que afastan ás mozas deses estudos. É preciso actuar en idades temperás introducindo no ensino a realidade da informática, das tecnoloxías, da programación, da robótica e da intelixencia artificial co obxectivo de lograr que as mozas comecen

a ver todo o interesante e motivador que hai nestas materias, moi lonxe dos estereotipos que nos impoñen e nos fan crer por unha parte da industria cultural, escrita e audiovisual. A falta de coñecemento das opcións dispoñíbeis nas TIC, a falta de modelos próximos e de proxectos divertidos e interesantes no ámbito escolar que teñan unha compoñente de xénero, son identificadas como as principais causas da fenda dixital feminina no sector TIC, no que actualidade en Galiza, hai dous galegos por cada galega traballadora.

- Impulso das oportunidades para as mulleres dentro do sector TIC.
- Apoio ás empresas que propicien a redución da fenda de xénero neste eido.
- Actuacións que transformen a visión das carreiras tecnolóxicas, e as fagan máis atractivas para as mulleres.
- Recoñecemento das iniciativas femininas no ámbito TIC galego.
- Afondar na identificación das causas do problema e na análise das solucións.

19

Deporte

Concibimos o deporte como un conxunto de actividades físicas, deportivas e recreativas orientadas a favorecer a integración e a calidade de vida das persoas, incluíndo toda a comunidade, sen discriminación de idade, sexo, condición física, social, cultural e orixe.

O obxectivo do BNG será desenvolver un modelo deportivo galego que teña en conta tanto a súa vertente educativa, de promoción do deporte base e da actividade física saudábel, como o ámbito competitivo, impulsando a actividade profesional deportiva de alto nivel en Galiza. Prestaremos especial atención á súa vertente integradora e, nese sentido, cremos que para conseguir que o deporte chegue a todas as idades e colectivos é preciso ofrecer programas adaptados, que perduren no tempo e que se organicen de forma interdisciplinar desde as distintas consellarías, sinaladamente aquelas con competencias en servizos sociais, mulleres, educación, e deportes.

Para lograr estes obxectivos será fundamental colaborar cos concellos, movemento asociativo veciñal, educativo, feminista, deportivo e colectivos que traballan en temas relacionados coa saúde, a mobilidade, as necesidades educativas especiais, alén de institucións públicas tales como as educativas e as universitarias.

En definitiva, apostamos por asentir a práctica deportiva para a mellora da saúde en xeral e do nivel competitivo, a través das seguintes medidas:

- Potenciar o deporte en idade escolar dentro dos centros de ensino impulsando recreos activos e a terceira hora de educación física na educación primaria e secundaria, así como incluír a materia de Educación física no Bacharelato e Ciclos formativos.
- Impulsar a colaboración cos concellos para implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia deportiva para garantir a existencia de escolas deportivas municipais e a

participación dos centros de ensino no deporte en idade escolar.

– Superar a intermediación provincial, acometendo o traspaso de todas as competencias deportivas (o que implica o traspaso de funcións e servizos) das deputacións provinciais á administración galega.

– Implantar un plan coordinado de instalacións e infraestruturas deportivas públicas que elimine duplicidades e que teña en conta a demanda real da actividade deportiva.

– Acometer o traspaso á Galiza da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados ao noso País, transferindo directamente os fondos do Consello Superior de Deportes, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.

– Reclamar que as federacións galegas de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias organizativas de cada un dos deportes en Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación deportiva e no apoio aos novos deportistas.

– Asegurar a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de forma directa.

– Potenciar os centros de alto rendemento deportivo, que proporcione ao noso país de servizos de tecnificación deportiva avanzada e axustada á realidade galega, evitando en grande medida a emigración de deportistas.

– Fomentar a creación e o fortalecemento de clubs deportivos galegos profesionais de referencia en modalidades deportivas que contan cunha gran base practicante, que sirvan de estímulo e espello a nen@s que se inician na práctica deportiva.

– Realizar unha planificación de eventos deportivos na Galiza, coordinando as distintas administracións deportivas, así como promover a participación de deportistas galegos/os en eventos internacionais, especialmente no ámbito lusófono e iberoamericano.

– Impulsar a igualdade na actividade deportiva, rexeitando a visión androcéntrica que dificulta a participación das mulleres e facendo un especial esforzo na súa incorporación á práctica e á competición deportiva. Apoio público para a visibilización das

deportistas profesionais. Impulso ás modalidades de participación mixta.

– Potenciar e apoiar as prácticas deportivas con implantación social de carácter amador. Desgravacións fiscais polos custos asumidos por deportistas amadores/as e os seus familiares de primeiro grao polos desprazamentos en competicións federadas, coa debida xustificación.

– Recuperar e fomentar os deportes e xogos tradicionais de Galiza, potenciando as federacións, clubs e competicións nacionais, para alén da súa proxección internacional, asegurando asemade unha difusión adecuada a través dos medios públicos de comunicación social.

– Apoiar especialmente modalidades deportivas que, sendo de recente incorporación, están a arraigar no noso país e mesmo a propiciar presenza internacional do deporte galego, como é o caso do Fútbol Gaélico.

– Potenciar a actividade turística ligada ao deporte, particularmente, os practicados ao ar libre (náuticos, de montaña, no rural...), evitando sempre o impacto sobre áreas naturais, especies sensíbeis ou elementos patrimoniais.

– Facilitar o patrocinio e mecenado da actividade deportiva por parte de empresas galegas, impulsando plans que as aglutinen de forma que a súa colaboración poida chegar a un maior número de deportistas.

– Implantar un seguro obrigatorio de accidentes en deportes de risco para persoas maiores de 18 anos, garantindo a asistencia sanitaria universal a todas as persoas deportistas menores de 18 anos.

– Abaratar o custo económico da práctica deportiva, tamén da federada, introducindo progresivamente toda a practica deportiva no ámbito de cobertura da sanidade pública.

– Implantar programas deportivos, tanto lúdicos como competitivos, para persoas con discapacidade, fomentando a integración en todos os eventos deportivos que se desenvolvan no noso territorio.

– Apoiar a inserción laboral das e dos deportistas de elite unha vez que se retiran da practica deportiva de alta competición.

– Impulsar a inclusión do persoal Graduado en Ciencias da

Actividade Física e do deporte no sistema sanitario con funcións de prevención, rehabilitación e re-adaptación. Creación de unidades de exercicio físico dentro do sistema público de saúde, dirixidas por persoal titulado en educación físico deportiva.

– Modificar a Lei Galega do Deporte incluíndo os anteriores aspectos programáticos así como a regulación de competencias en materia de titulacións mínimas para a xestión e impartición de actividades físico deportivas, impulsando a figura do persoal Graduado na Actividade Física e Deportiva como a necesaria para prescribir exercicio físico a todos os niveis. Desenvolvemento do Decreto que determine o título habilitante para cada prestación de servizos deportivos.

– Dignificación e transformación das actividades de tempo libre, concibíndoas como máis unha forma de educación con enormes potencialidades de formación e mellora social.

– Elaboración do Rexistro e do Plan de Instalacións Deportivas de Galiza, dacordo co previsto na Lei do deporte de Galiza

O obxectivo, para unha atención de calidade, é a xestión pública directa das instalacións e actividades. Entre tanto non for posíbel, priorizaranse sempre nos concursos os proxectos educativos e o benestar das persoas usuarias e garantirase o pleno respecto dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores.

Relacións internacionais

A nosa voz internacional propia será tamén a nosa principal achega á construción dun mundo diferente, baseado na soberanía, a xustiza social, a paz e a solidariedade entre os pobos.

O Bloque Nacionalista Galego comprométese a que Galiza, como nación que é, desenvolva unha política exterior propia e dinámica, baseada nunhas relacións internacionais autónomas e diversificadas, que favorezan mutuamente os intereses de todas as nacións implicadas. Somos partidarios/as de fortalecer a presenza directa de Galiza en todos os foros internacionais, de múltiple e diverso signo, quer económico, quer comercial, deportivo ou de calquera outro ámbito.

Neste sentido, a acción exterior que propón o BNG aséntase en dúas liñas de actuación fundamentais:

1. A defensa dos intereses políticos de Galiza a través da negociación directa de acordos económicos con terceiros países aproveitando, de maneira especial, o inmenso potencial neste ámbito que representa a lusofonía.
2. Defender políticas internacionais comprometidas cos valores que representa o nacionalismo galego, que son os do respecto pola soberanía de todos os pobos, o anti-imperialismo, a paz e a solidariedade internacional, a solución pacífica dos conflitos e a solidariedade e o dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro.

Para tal fin, propomos como accións prioritarias neste ámbito:

- A aprobación dunha **Lei da Acción Exterior** que desenvolverá os distintos mecanismos, órganos e entidades relacionados coa política internacional; crearemos unha rede de delegacións galegas no exterior; desenvolveremos un plano global de actuación no marco exterior, que integre e supere cualitativamente toda a acción exterior desenvolvida até o de agora pola Xunta e as súas consellerías e órganos dependentes, e que conte tamén

coa colaboración e complementariedade do poder local e os distintos movementos sociais implicados nesta área. Impulsarase a colaboración cos distintos axentes europeos e internacionais, en particular naquelas áreas que se definan como prioritarias para Galiza.

– O cumprimento e desenvolvemento da Lei Paz Andrade, a comezar polo impulso da candidatura de Galiza para a súa incorporación á **Comunidade de Países de Língua Portuguesa** (CPLP) como membro observador asociado.

– O deseño e aprobación dun **Plan estratéxico de acción lusófona** que trace a folla de ruta e obxectivos da incorporación de Galiza à CPLP. Para tal fin, crearase un grupo de traballo que inclúa representantes de todos os departamentos e áreas da Xunta de Galiza implicados (relacións exteriores, política lingüística, economía, pesca e cultura, entre outros) así como outros axentes, colectivos, institucións e entidades sociais susceptibles de contribuír a ese proxecto estratéxico.

– O aproveitamento das **redes de colectividades galegas no exterior**, así como do asociacionismo galego, para a defensa, promoción e información dos intereses galegos, prestando especial atención à **nova diáspora**.

– O aumento progresivo do **financiamento destinado á cooperación internacional** e o desenvolvemento, co obxectivo inmediato de superar nesta lexislatura 0,2%, sen perder a perspectiva de chegar ao 0,7%. O obxectivo é que o investimento froito desta cooperación permita a creación de estruturas que favorezan realmente o desenvolvemento e non supoñan unha simple axuda asistencial.

21

Mocidade

A mocidade é o presente e futuro de Galiza, por iso, presentamos estas medidas específicas encamiñadas a mellorar nosa realidade:

TRABALLO

- Recuperar os dereitos laborais eliminados e avanzar en novas conquistas que garantan un país de traballo digno e de calidade. Estabelecer a remuneración de prácticas e contratos de formación no SMI, defendendo o seu aumento.
- Penalizar a contratación temporal. A Xunta de Galiza non colaborará con ETTs e potenciará os servizo públicos de emprego.
- Desenvolvemento dun Plan de Emprego Xuvenil, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía, asegurando un relevo xeracional nestes sectores e, ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente. Serán cuestións transversais en todos os eidos, potenciando a formación do profesorado, profesionais da saúde, traballadoras públicas...
- Igualdade e loita contra o terrorismo machista e lgbtfóbico.
- Penalizacións e anulación de financiación pública a calquera entidade que promova a desigualdade.
- Inclusión de medidas específicas nos plans de sensibilización e actuación que combatan todas as violencias no día a día das mozas, tanto as físicas como as non visíbeis.
- Despatolixización da identidade de xénero no sistema de saúde, garantindo todos os medios necesarios para vivir de acorde a ela.
- Demanda dunha educación sexual de calidade para a nosa mocidade e libre de moralismos.

– Recuperación do Noitebús, creando unha oferta estábel durante todo o ano, recuperando as liñas e potenciando a inclusión deste servizo no marco do desenvolvemento do transporte metropolitano.

Ampliación das bonificacións en transporte público para o estudiantado e a mocidade.

Defensa da extensión a toda Galiza dun sistema coordinado e intermodal de transportes colectivos públicos, que minimize a necesidade de uso de vehículos particulares.

- a. Creación dun tren de proximidade galego que permita enlazar os núcleos de poboación arredor das cidades dun xeito económico, ecolóxico e eficaz.
- b. Conexión eficaz dos entornos rurais e urbanos, de xeito que existan liñas de transporte regular en autocar acordes ás necesidades das mozas do País.

Aposta firme polos medios de transporte non contaminantes, como a bicicleta.

- Creación dun Banco Galego de Vivenda para administrar e xestionar vivendas baleiras e poñelas en aluguer con perspectiva pública e social.
- Creación do Fondo Social da Vivenda como instrumento para desenvolver as políticas de vivenda, e que teña como principais beneficiarios aos colectivos con maiores dificultades ao seu acceso, como é o estudiantado que se despraza a outras comarcas para cursar os seus estudos.
- Impulsarase a rehabilitación de vivendas e espazos degradados de vilas e cidades como fórmula para o control da burbulla inmobiliaria e o coidado da nosa paisaxe.
- Equilibrarase a sustentabilidade e o desenvolvemento, garantindo ao mesmo tempo o futuro do medio natural e a creación de postos de traballo para que a mocidade non teña que emigrar.
- Xestión dos nosos propios recursos de xeito eficiente e sen prexudicar ao medio, mediante a adopción do modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles.
- Maior investimento na prevención de incendios, así como un pacto de País para a ordenación do modelo

forestal e usos do monte, que inclúa a expulsión de Ence da ría de Pontevedra e a deseucaliptización do País.

- Defensa da ampliación dos espazos protexidos como vía de protección activa do medio natural
- Apostarase por un modelo de xestión de residuos baseado nos 3R e no impulso da compostaxe, superando o modelo de SOGAMA, con estratexias como a incineración cero ou un Plan Galego de Compostaxe.
- Rexeneración integral dos ríos e rías do noso País.
- Insubmisión á LOMCE e outras normas que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización e a españolaización do sistema educativo.
- Aprobación dunha Lei Galega de Educación para un ensino público, galego, democrático, de calidade e laico.
- Gratuidade dos libros de texto.
- Ampliar e diversificar a Formación Profesional.
- Estabelecer unha política de bolsas e axudas en todos os niveis do ensino, fixando como criterios determinantes a situación económica e o afastamento do lugar de residencia respecto da localidade de estudo.
- Optimización das infraestruturas públicas de lecer e mocidade, apostando pola utilización de instalacións educativas, deportivas e culturais, ampliando os horarios e favorecendo a realización de todo tipo de actividades para a mocidade.
- Apoio á creatividade da mocidade, parte tamén da cultura galega contemporánea e futura, potenciando a expresión artística nos diversos eidos.
- Potenciarase o deporte feminino en todos os ámbitos, eliminando a situación de inferioridade respecto ao deporte masculino.
- Diversificación do lecer nocturno, promovendo actividades que estean fóra dos circuitos comerciais habituais, con carácter complementario e non substitutivo.

LINGUA

- Iniciar un novo camiño que impulse definitivamente o proceso de normalización da nosa lingua.
- Garantir oferta positiva en galego na atención ao público en toda a administración galega, municipal e estatal e en todas as concesións públicas, así como galeguización de toda a sinalización, formularios e documentación. Tamén nos servizos da administración electrónica e no Servizo Galego de Saúde.
- Desenvolver toda a potencialidade do noso idioma, nomeadamente nas relacións internacionais cos países da lusofonía.
- Aposta firme por una maior creación de material cultural en galego, con incentivos á creación e á divulgación, así como da tradución á nosa lingua de obras creadas noutros idiomas.
- Defensa de medios de comunicación públicos en galego, de calidade e libres de manipulación. O uso do idioma deberá estenderse tamén á publicidade.

22

Democracia, dereitos e liberdades

Queremos unha Galiza que sexa vangarda no mundo na defensa de dereitos civís e políticos máis avanzados para o conxunto da poboación en moitos ámbitos que puntualmente foron tratados en anteriores apartados deste programa electoral mais tamén noutros relacionados cunha maior calidade democrática, unha maior participación social no proceso de toma de decisións e dunha maior transparencia.

Neste sentido, mentres Galiza non asuma competencias plenas e exclusivas en materia xudicial, de seguranza, dereitos e liberdades, o Goberno galego manterá unha posición activa para lograr avances e eliminación de restricións aos dereitos civís. O Goberno galego cooperará activamente coas entidades sociais de defensa dos dereitos e liberdades públicas que operan no noso País (Esculca, MDC,...).

Aliás, propomos as seguintes accións:

Reforma da Lei electoral, co obxectivo de termos un mecanismo electoral limpo, xusto e fiábel, sobre a base dun reparto de representación proporcional aos votos, o recoñecemento do dereito a voto aos 16 anos, a rebaixa ao 3% da barreira electoral e o establecemento da circunscrición única en todos os procesos electorais, coa excepción das municipais. Campañas máis transparentes, que garantan a igualdade e o pluralismo.

Prohibición do mailing, garantía de espazos adecuados nos medios de comunicación públicos para todas as forzas políticas e obrigatoriedade nestes de debates nas horas de máxima audiencia.

Lei galega de Transparencia e de Participación cidadá, que promova a implicación permanente do pobo na acción de goberno. Particularmente, debe regular e promover a realización de consultas populares, orzamentos participativos, etc. e alargar o ámbito, a facilidade e a eficacia da Iniciativa lexislativa popular.

Acabar coa corrupción. Combate firme a todas as formas de corrupción, promovendo as mudanzas legislativas necesarias e impulsando a transparencia na xestión e na contratación pública.

Fin das 'portas xiratorias'. Promoveremos unha lexislación estrita sobre incompatibilidades co fin de evitar a colusión entre a xestión pública e intereses privados e as 'portas xiratorias' entre o exercicio de cargos públicos e o emprego en corporacións privadas relacionadas con aqueles.

Defender as liberdades públicas e os dereitos civís. O goberno galego prestará especial relevancia á defensa do exercicio -quer individual, quer colectivo- de todos os dereitos recoñecidos legalmente e de todos aqueles que entendemos que se deben recoñecer. En todo o caso, terá unha actitude activa de combate á limitación de dereitos e, por tanto, para lograr a definitiva derogación de medidas autoritarias como a chamada 'Lei da mordaza'.

Creación dun Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura de ámbito galego nas competencias de execución pola Xunta que supoñan privación de liberdade (centros de menores de reforma, unidades de ingreso psiquiátrico, calabozos da policía autonómica e policía local). Este mecanismo non estará vinculado á Valedoría do Pobo e terá garantías de independencia.

Modificación da figura da Valedoría do Pobo, regulando a obriga de motivar no proceso de queixa as dilixencias acordadas ou denegadas, convertendo a queixa nun proceso contradictorio. Regulación da obriga na valoración do candidato/a á Valedor/a da experiencia en defensa de dereitos civís e liberdades públicas. Regulación legal da efectiva separación de funcións públicas dos representantes institucionais da Xunta e das entidades locais en relación a eventos relixiosos. Incompatibilidade da asistencia destes representantes ou de funcionarios/as públicos/as en carácter de tales a actos relixiosos.